

**INFORME ANUAL
EXECUCIÓN**

2025



A AXENCIA

ÍNDICE

Orixe	e
configuración.....	2
Natureza e réxime xurídico	3
Competencias.....	3
Estrutura orgánica.....	7
Situación a 31/12/2025	8
Adaptación normativa.....	8
Estrutura de persoal.....	8
Estrutura orzamentaria.....	9
Estrutura patrimonial	10
Económica e patrimonial.....	11
Persoal.....	13
Réxime económico	14



ANÁLISE DE SITUACIÓN

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

Orixe e configuración

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, (DOG nº 102 de 30/05/2018) constitúe a base fundacional da AGACAL. Tal e como se recolle na exposición de motivos da norma, a nova Axencia nace como consecuencia do proceso de adecuación á LOFAXGA do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), coa intención de *"dotala de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa comunidade autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade"*.

Para cumprir co seu destino fundacional, a AGACAL integra desde a súa constitución o Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, en liña do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ao cualificar este ente como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos.

Así mesmo, para facer efectivo o mandato legal contido no artigo 32 da Lei 2/2005, referido ao obxecto do INGACAL como instrumento de actuación da Xunta de Galicia en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario, pasan a integrarse na Axencia os centros de investigación da Consellería e a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica. Coa mesma coherencia, en tanto que a Axencia asume o estudo e a indagación nas necesidades e inquedanzas do sector agroforestal, promovendo a investigación e divulgación dos resultados, se integran igualmente os centros de formación que, ata entón dependentes da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

A configuración presente da AGACAL complétase coa publicación do Decreto 107/2019, do 5 de setembro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril (DOG nº 176 do 17/09/2019), que incorpora a figura da Xerencia como órgano executivo da Axencia.



Por último, debe terse en conta o Decreto 49/2024, do 22 de abril, mediante o cal se procede á supresión da adscrición da Axencia Galega da Industria Forestal á Consellería do Medio Rural. Esta última previsión deriva da asunción dos fins e obxectivos da axencia pola Consellería de Economía e Industria, quedando adscrita a esta última. En consonancia con esa modificación, procede modificar o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, dado que se produce unha incorporación orgánica e funcional do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, anteriormente adscrito á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, á Axencia Galega da Industria Forestal.

Este cambio de adscrición materialízase a través do acordo asinado entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Economía e Industria o 30 de decembro do 2024.

Natureza e réxime xurídico

A AGACAL é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA, na normativa financeira e orzamentaria de Galicia, e nos seus estatutos.

Adicionalmente, a Axencia réxese polo establecido na Lei 1/2024, de 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia e, para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+I, pola lexislación básica do Estado nesta materia; pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.

A AGACAL ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes. As relacións da Axencia cos poderes adxudicadores dos cales é medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, e articularanse a través de encargos ou das encomendas de xestión previstas na lexislación de contratos do sector público, polo que, para todos os efectos, as ditas relacións son de carácter interno, dependente e subordinado.

Competencias

Consonte as previsións da súa norma constituínte, a AGACAL ten as seguintes competencias:

Funcións en materia de calidade alimentaria:



- a) Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e a etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.
- c) Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.
- d) Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se consideren de interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- e) Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- f) Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- g) Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal, e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Funcións en materia de investigación:



- a) Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades, mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- b) Impulsar as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- c) Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.
- d) Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- e) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- f) A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
 - i. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
 - ii. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
 - iii. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
 - iv. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
- g) Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.



- h) Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
- i) Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.
- j) Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.
- k) Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.

Funcións en materia de formación

- a) Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.
- b) Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
- c) Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- d) Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.


Funcións en materia de estatística e publicacións:

- a) Dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- b) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación.



Estrutura orgánica

Para o cabal desenvolvemento das súas competencias, a AGACAL estrutúrase en servizos centrais e centros de formación e investigación dependentes:





Situación a 31/12/2025

Adaptación normativa

O artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prescribe que a actuación das axencias públicas autonómicas suxéitase ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos. Os mecanismos de xestión transparente por obxectivos son o contrato plurianual de xestión, o plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.


A Disposición Adicional sétima do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos determinan que O Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. En canto se produza a aprobación deste contrato plurianual, a actuación da Axencia someterase ao réxime xurídico e principios de actuación recollidos nos estatutos que se aproban mediante este decreto.

O Contrato de xestión da Axencia para o período 2021-2024 foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en sesión de 02/12/2021; atopándose actualmente prorrogado por decisión do Consello Reitor.

Estrutura de persoal


A 31/12/2025 o rol de persoal da Axencia conta con 315 postos, segundo a seguinte distribución:

Funcionarios de carreira	121
Funcionarios interinos	91
Laborais fixos	85
Laborais temporais	6
Indefinidos	11
Alto cargo	1



Estrutura orzamentaria

O 50,3 % do orzamento vixente da Axencia ocúpase na cobertura de gastos de persoal e funcionamento propio. O 49,7 % restante asígnase a investimento e transferencias correntes e de capital.



CAPÍTULO	INICIAL	VIXENTE	A	%A/INI	OK	%OK/A
I	17.259.943,00	15.955.291,22	13.237.352,35	83,0%	12.517.222,17	78,5%
II	2.901.765,00	3.086.344,17	3.008.163,23	97,5%	2.557.397,09	82,9%
III	3.005,00	3.005,00	1.952,60	65,0%	1.859,45	61,9%
IV	1.159.460,00	1.190.708,20	1.154.253,86	96,9%	1.111.487,86	93,3%



VI	13.414.299,00	16.011.712,33	12.019.748,13	75,1%	9.070.072,31	56,6%
VII	7.603.735,00	8.680.992,33	7.092.253,91	81,7%	4.006.025,84	46,1%
IX	872,00	872,00	871,48	99,9%	0,00	0,0%
TOTAIS	42.343.079,00	44.928.925,25	36.514.595,56	81,3%	29.264.064,72	65,1%

Estrutura patrimonial

Consonte á Disposición adicional oitava do Decreto 52/2018 do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos:

- Adscribíense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os edificios do Pazo de Quián e Palleira en Sergude (Boqueixón), onde queda establecida a sede da Axencia.
- Así mesmo, adscribíense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e os centros de formación e experimentación agraria e as subestacións experimentais recollidos neste estatuto.
- Tamén quedan adscritos á Axencia os bens que na data da súa posta en funcionamento se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

Completado o inventario de inmóbeis o valor neto contable, a 31 de decembro de 2025, é como segue:

CENTRO	TERREOS	EDIFICACIÓNS	TOTAL
CFEA Guísamo	939.324,60 €	2.228.962,12 €	2.838.641,56 €
CFEA Sergude	862.400,00 €	8.072.194,66 €	8.620.353,00 €
CFEA Becerreá	346.491,32 €	1.348.500,08 €	1.743.350,46 €
CFEA Monforte de Lemos	363.516,75 €	2.545.456,87 €	2.729.812,95 €
CFEA Lourizán	-	2.615.377,47 €	2.603.979,39 €
CFEA Pedro Murias	521.205,78 €	1.675.135,91 €	2.151.172,37 €
CIAM	3.434.369,84 €	7.341.300,12 €	11.163.877,25 €
EEA Marco da Curra	1.688.950,00 €	480.519,62 €	2.316.915,89 €
EEA Pobra do Brollón	256.948,00 €	206.126,59 €	523.322,39 €
EVEGA	346.203,33 €	868.634,01 €	1.196.478,46 €
EEVE Ribadumia	432.845,65 €	415.992,01 €	808.659,19 €
LAFIGA	-	2.340.091,35 €	2.531.562,72 €
AGACAL	9.192.255,27 €	30.138.290,81 €	39.444.001,26 €

No inmovilizado material inclúense propiedades en adscrición e en cesión. Información en detalle publicada nas Contas Anuais.



Institucional

Contrato de xestión e Consello Reitor

O Consello Reitor da Axencia celebra tres sesións en 2025. En cumprimento das previsións normativas o Consello aprobou o nomeamento da persoa titular da Xerencia, o Informe anual de execución e as Contas 2023 e a prórroga do contrato de xestión.

Portal web

En 2023 lanzouse a web propia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria no enderezo <https://agacal.xunta.gal/gl>, o cal continuou actualizándose e mellorando na anualidade 2025.

Económica e patrimonial

Período medio de pago

As melloras na eficiencia da xestión permitiron acadar un período medio de pago a 31/12/2025 de 34 días, mellorando valores anteriores dende os 37,6 días acadado 31/12/2022.

Inventario

O inventario de bens inmóbeis completouse en marzo de 2021 para a súa integración na Conta 2020. O inventario de semoventes e de bens móbeis instrumentouse en decembro de 2021 para a súa integración na Conta anual 2021. No 2022 actualizouse o inventario coas novas instalacións e procedeuse ás amortizacións regulamentarias. No 2023 actualizouse coa incorporación principal dos novos edificios da Residencia de Estudantes de Sergude e do Banco de Xermoplasma do CIAM. Deuse por completada a tarefa de actualización do inventario.

Infraestruturas, equipamentos e equipos de laboratorio

Detectadas e presupostadas as necesidades dos centros dependentes da Axencia, en 2025 continuáronse as actuacións planificadas. Entre os investimentos acometidos figuran numerosas obras de reforma e acondicionamento de instalacións na totalidade dos centros, equipamento tecnolóxico de diversa índole ou a renovación de elementos de laboratorio deteriorados polo paso do tempo necesarios para continuar executando os traballos encomendados.



Equipos de investigación

Entre o equipamento adquirido destacan:

- No Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo: lectores de placas, binadora para cultivos en ecolóxico, desbrozadora interliñas de cultivo e accesorios optimización desbrozadora, contador de sementes, trilladora, fotómetro para autoanalisador, microscopios, densímetro, etc... cun investimento que superou o medio millón de euros.
- No Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia: destaca a adquisición dun oscilador ICP-AES e unha mufla para fertilizantes, cunha inversión de máis de 36.00,00 €.
- Na Estación Experimental de Enoloxía e Viticultura de Galicia: lector de placas e material de apoio necesario para o seu mantemento, por valor de 23.760,00 €.

Seguridade dos centros

No 2022 realizouse un importante esforzo para actualizar a seguranza dos centros de formación e investigación dependentes da Axencia. En concreto, habilitáronse dispositivos nos CFEA de Guísamo, Monforte, Becerreá e Lourizán, e no CIF de Lourizán. A dispoñibilidade orzamentaria non permitiu avanzar en 2023 na instalación de sistemas de video vixilancia nos centros pendentes.

Parque móbil

As competencias da Axencia en materia de certificación da calidade alimentaria, docencia e investigación require do apoio dun elevado número de vehículos, de diversa funcionalidade: utilitarios, todo terreo, furgonetas, pick-up e de uso agrícola. No 2025 formalizouse o contrato para a adquisición de 5 vehículos todoterreo tipo pick up para os centros dependentes da Axencia.



Persoal

As actividades realizadas en materia de persoal conduciron á publicación da primeira RPT da Axencia no mes de xuño de 2021 e das listas de contratación temporal de persoal investigador. A RPT aprobada ten aínda un carácter provisorio, por canto precisa dunha modificación ulterior que iniciou a súa tramitación no último trimestre de 2023. Así mesmo, a integración do persoal laboral do extinto INGACAL, continuou a súa tramitación por dúas canles: a primeira, dedicada ao persoal técnico dos servizos centrais da Axencia, está en vías de publicación pola Dirección Xeral da Función Pública; a segunda, dedicada ao persoal investigador e técnico de investigación, completárase a través do decreto de investigadores, que se publica no DOG o 25/01/2024.

O desenvolvemento desta norma supón un elemento substantivo con importantes repercusións na estrutura do persoal investigador, que contará maioritariamente coa condición de persoal laboral.

Coa RPT aprobada, e cubertas parcialmente as prazas creadas na Xerencia, iniciouse a xestión de persoal dun xeito progresivo, contando co apoio da Consellería do Medio Rural. En 2023 a Axencia asume integramente a xestión do seu persoal, incluíndo a elaboración das nóminas, o cal derivou no comezo dos traballos de revisión da rpt actual para dotar dita praza.

Neste sentido, a finais do 2025 comezou a tramitación da modificación deste instrumento neste sentido, culminando o proceso coa publicación da Resolución do 3 de marzo de 2026 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2026 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. A través da mesma, ademais de crear a sección de habilitación de nóminas, levaronse a cabo modificacións nos requisitos de cobertura das prazas de Dirección dos CFEAs e do CIAM.

En canto ao persoal investigador, en aplicación do Decreto 2/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; durante o ano 2025 mantivéronse diversas reunións para determinar o persoal da Axencia susceptible de engadirse neste proceso.

No relativo á integración do persoal procedente do Ingacal, no 2024 remataronse todos os informes pertinentes, publicándose no primeiro semestre do 2025 a orde de integración.



En canto ao programa formativo, en ausencia dunha formalización por escrito, iníciase dúas liñas específicas: dunha parte, a formación do persoal de certificación da calidade alimentaria en cursos específicos da EGAP; doutra a formación do persoal docente en materia de orientación pedagóxica a través dun contrato asinado coa Fundación Ingada.

Réxime económico

Contratación

Destacan as seguintes licitacións:

- Acordo marco para a selección dun provedor de servizo de desenvolvemento de campañas de promoción dos produtos galegos de calidade diferenciada.
- Selección de provedores do servizo de ensilado no Centro de Investigacións Agrarias de Abegondo, dependente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, fixación do prezo unitario máximo por cada elemento, determinación das especificacións e condicións do servizo, e das condicións que rexerán os contratos que, de conformidade cos artigos 219-222 da Lei 9/2017, de Contratos do sector público, se deriven deste Acordo Marco.
- Subministración de 5 vehículos todoterreo tipo pick up.
- Servizos de desenvolvemento das catas-concurso, publicidade e organización dos actos de entrega de premios das "Catas de queixos e meles de Galicia 2025"
- Servizo de deseño, organización, montaxe, desmontaxe e atención do posto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria na feira Iberflora durante o 2025.
- Subministración e instalación dun equipamento con sistema de control automático de inxestión voluntaria para gando vacún destinado á nave experimental de alimentación do CIAM no marco do proxecto AGRIFOODTEF
- Subministración e posta en servizo dun analizador fotoacústico para medida in situ de NH₃, CO₂, N₂O e CH₄ para a Axencia Galega da Calidade Alimentaria no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) para a prestación de servizos de I+D+i no marco do proxecto AGRIFOODTEF.

Encargas a medio propio

- Servizo de apoio técnico á axencia galega da calidade alimentaria nos labores de control e certificación da calidade alimentaria nas campañas 2024 e 2025



- Servizo técnico de apoio e asesoramento especializado en materia de experimentación animal, formación e transferencia de coñecementos ao sector agrario
- Encargo a medio propio para traballos de apoio en laboratorio na realización de análise de mostras para a detección de *bursaphelenchus xylophylus* (nemátodo da madeira do pino) na comunidade autónoma de Galicia de cara a incorporación dos seus resultados á base de datos existente para a mellora xenética do piñeiro pinaster e radiata, financiado con cargo á subintervención 65052.03 do pepac, conservación dos recursos xenéticos forestais
- Servizo de apoio á Axencia Galega da Calidade Alimentaria na xestión e control de investimentos estruturais
- Servizo de asistencia de apoio á xestión dos proxectos I+D+i nos que participe Agacal

Subvencións

- Resolución do 10 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á cooperación para promover a participación de agricultores en réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR362A): 240.000 €
- Resolución do 19 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agrícolas e alimenticios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o exercicio orzamentario 2026 (código de procedemento MR302A): 3.241.241 €
- Resolución do 16 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para 2025 (código de procedemento MR302B): 360.000 €
- Acordo do Consello da Xunta polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para gastos de funcionamento por importe de 540.000 €



Convenios

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto Neolab-3
- Convenio entre a Administración Xeral Do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de estatística, ano 2025: 77.589,44 €
- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto neolab-3.
- Convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Axencia Galega de Innovación para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto neolab-3
- Convenio de bases entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Monte do Gozo para mellorar a capacitación e reinserción dos mozos e mozas con problemas de drogadicción na actividade agraria (art. 26 lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia): 27.766 €

ÁREA DE FORMACIÓN, INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN AGRARIA

ÍNDICE

Investigación: actividades centralizadas	2
Investigación agropecuaria	31
Investigación en materia de viticultura e enoloxía.....	42
Transferencia de coñecementos. Servizos centrais.....	43
Obxectivos	88
Capacidade analítica	134
Formación	145
Interpretación de resultados.....	187
Investigación.....	187
Investigación agropecuaria.....	190
Investigación forestal.....	190
Investigación en materia de viticultura e enoloxía.....	191
Transferencia de coñecementos.....	192
Capacidade analítica	194
Formación.....	194
Resumo executivo.....	201
Investigación agropecuaria.....	202
Investigación forestal	203
Investigación en materia de viticultura e enoloxía	203
Capacidade analítica.....	203
Formación.....	205
Actividades centralizadas.....	205
Actividade dos Centros de Formación e Experimentación Agraria (CFEA).....	207


Investigación: actividades centralizadas

V FORO DE INNOVACIÓN PRODUCTIVA DO SECTOR AGRARIO

Como xa ven sendo tradicional, a principios de cada anualidade se desenvolve unha actividade denominada Foro de Innovación Productiva do Sector Agrario que na anualidade 2025 acadou a súa quinta convocatoria consecutiva. Neste foro se fai exposición pública dos principais resultados acadados polos proxectos das convocatorias de concorrencia competitiva tanto piloto como de grupos operativos, nun exercicio de absoluta transparencia para dar a coñecer os principais resultados das iniciativas financiadas en materia de innovación agraria financiados con fondos FEADER xestionados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Nesta ocasión, polo volume de proxectos finalizados e xustificados na anualidade anterior se decidiu desenvolver o Foro en 4 ámbitos de especialización, definindo para cada un unha data e un lugar de celebración diferente:

- ✓ Sección gandeiría e industria agroalimentaria
- ✓ Sección viticultura e enoloxía
- ✓ Sección agricultura
- ✓ Sección silvicultura.





V FORO DE INNOVACIÓN PRODUTIVA DO SECTOR AGRARIO

PROGRAMA SECCIÓN VITICULTURA E ENOLOXÍA

Data: 15 de marzo de 2025
Lugar: Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, Pontevedra

Table with 4 columns: HORARIO ESTIMADO, CÓDIGO PROXECTO, TÍTULO, RAZÓN SOCIAL/ENTIDADE SOLICITANTE / BENEFICIARIOS. Includes projects like 'PRESENTACIÓN - ACTO INAUGURAL' and 'TRATAMIENTOS FITOSANITARIOS EN VIÑEDO'.




V FORO DE INNOVACIÓN PRODUTIVA DO SECTOR AGRARIO

PROGRAMA SECCIÓN GANDARÍA E INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

Data: 27 de febreiro de 2025
Lugar: Cidade da Cultura de Santiago de Compostela (Auditorio 2 do Edificio Cine)

Table with 4 columns: HORARIO ESTIMADO, CÓDIGO PROXECTO, TÍTULO, RAZÓN SOCIAL/ENTIDADE SOLICITANTE / BENEFICIARIOS. Includes projects like 'PRESENTACIÓN - ACTO INAUGURAL' and 'CEBA EN GALICIA'.



V FORO DE INNOVACIÓN PRODUTIVA DO SECTOR AGRARIO

PROGRAMA SECCIÓN SILVICULTURA

Data: 11 de abril de 2025
Lugar: Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias, Ribadeo, Lugo.

Table with 4 columns: HORARIO ESTIMADO, CÓDIGO PROXECTO, TÍTULO, RAZÓN SOCIAL/ENTIDADE SOLICITANTE / BENEFICIARIOS. Includes projects like 'PRESENTACIÓN - ACTO INAUGURAL' and 'MADON VERTICAL'.



V FORO DE INNOVACIÓN PRODUTIVA DO SECTOR AGRARIO

PROGRAMA SECCIÓN AGRICULTURA

Data: 27 de marzo de 2025
Lugar: Pazo de Fontefiz, Colas, Ourense

Table with 4 columns: HORARIO ESTIMADO, CÓDIGO PROXECTO, TÍTULO, RAZÓN SOCIAL/ENTIDADE SOLICITANTE / BENEFICIARIOS. Includes projects like 'PRESENTACIÓN - ACTO INAUGURAL' and 'TERRACINA'.



O 27 de febreiro de 2025 organizouse na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela (Auditorio 2 do Edificio Cinc) a sección de **gandaría e industria agroalimentaria** do V Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario no que se presentaron 3 proxectos piloto desenvolvidos ao abeiro da Resolución de 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas có Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (DOG nº 18 de 27 de xaneiro de 2022).

Tamén se presentaron 8 proxectos da convocatoria segundo resolución de 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR331B).

Igualmente, o 13 de marzo de 2025 na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia en Pontevedra se presentaron 7 proxectos relativos á sección de **viticultura e enoloxía**, dos cales 3 respondían á convocatoria en concorrencia competitiva de proxectos piloto e 4 á de proxectos de grupos operativos segundo as convocatorias antes referidas para a anualidade 2022 e que finalizaron e foron xustificados en 2024. Tamén se fixo a presentación do programa FITOVIT que se basea nun servizo de plataforma web e móbil de información fitosanitaria do viñedo en base a modelos epidemiolóxicos.

O 27 de marzo de 2025 no Pazo de Fontefiz, en Coles, Ourense, se presentaron 10 proxectos da sección de **agricultura**, dos cales 4 pertencían á convocatoria de proxectos piloto e 6 á de Grupos Operativos para o período 2022-2024.

Finalmente, o 11 de abril no Centro de Formación e Experimentación Agraria de Pedro Murias, en Ribadeo, Lugo, fíxose o propio dentro da sección de **Silvicultura**, presentándose os resultados de 7 proxectos desta temática, dos que un respondía á convocatoria de proxectos piloto e os seis restantes correspondían á convocatoria de proxectos de Grupos Operativos 2022.

Este foro permitiu dar publicidade ás actuacións e principais resultados obtidos dos proxectos financiados na convocatoria 2022 e que finalizaron e se xustificaron na anualidade 2024.

Neste evento nomearonse 4 comités de avaliación, un por sección, presididos polo Director da AGACAL que elixiron de entre os presentados en cada sección o mellor proxecto,



merecedor dunha mención especial pola súa relevancia, calidade e aplicabilidade e que foron:

1. SECCIÓN AGRICULTURA

FEADER 2022/008A

Aforro na auga de rega e outros insumos mediante novas tecnoloxías.

Entidade beneficiaria: Comunidade de regantes de Antioquía.

Entidade cooperante: Centro Tecnolóxico da Carne

2. SECCIÓN GANDARÍA E INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

FEADER 2022/017B

Grupo Operativo FUNTRAPA: Fungos parasiticidas para a transición de gandarías a reximes pastoris

Entidade beneficiaria: Pazo de Vilane, SL, Asociación Prodeme, USC, Feuga

3. SECCIÓN VITICULTURA E ENOLOXIA

FEADER 2022/014B

Grupo Operativo PLANTAVID: Produción de planta de vide resistente á podremia branca de raíz

Entidade beneficiaria: Viveros López Vid, SL; Coop. Vitivinícola Arousana, SCG; Viña Costeira, SCG.

4. SECCIÓN SILVICULTURA

FEADER 2022/058B

Grupo Operativo PICARE: Revalorización dos piñeirais galegos a través da calidade da resina

Entidade beneficiaria: Sinergias Sostenibles Resiforest SL; CSIC-Misión Biolóxica de Galicia, Roberto Alfonso Touza Rodríguez e Xagoaza Pinaster SL.

Na sección de mellores carteis a mención especial recaeu en:

1. SECCIÓN AGRICULTURA

FEADER 2022/010B

Grupo Operativo APROAVI: Aproveitamento integral da polinaza para a mellora da sustentabilidade e competitividade do sector avícola.

Entidades beneficiarias: Energylab, Centro tecnolóxico da carne, Silvares de Group SCG, ADEGAL.

2. SECCIÓN GANDARÍA E INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

FEADER 2022/0007B

Dixitalización da cadea de valor da IXP Ternera Galega

Entidades beneficiarias: Fundación Juana de Vega, Centro Tecnolóxico da Carne, CRIXP Carne e Vacún de Galicia, Agrigga Carne Soc. Coop. Galega, Gradient



3. SECCIÓN VITICULTURA E ENOLOXIA
FEADER 2022/040B

Grupo Operativo REGAVID: Ferramenta de xestión de rega que avalía necesidades hídricas actuais do viñado e predí as futuras

Entidades beneficiarias: Monet Tecnología e Innovación SL, Bodegas Martín Codax SAU, USC, FEUGA

4. SECCIÓN SILVICULTURA
FEADER 2022/024B

Grupo Operativo DELICAS: Desenvolvemento de elicidores de defensa en castiñeiro do país.

Entidades beneficiarias: Empresa de Transformación Agraria SA; USC, Boibel Forestal SL, Hifas Foresta SL e IXP Castaña de Galicia.





CONVOCATORIAS DE PROXECTOS PILOTO. Submedida 16.20, Concorrenza competitiva

A AGACAL a través da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria é a xestora das convocatorias de axudas de PROXECTOS PILOTO en concorrenza competitiva, submedida 16.20 do PDR de Galicia 2014-2020.

Durante a anualidade 2025 xestionouse o reintegro de fondos FEADER a través do FOGGA por valor de 114.669,80 € (Gasto público total), correspondentes a 3 expedientes que quedaron sen pagar na anualidade 2024.

Os axustes orzamentarios do último período do ano 2022 fixo que finalmente a orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrenza competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, (código de procedemento MR331A) non foi posible tramitala polo que a xestión desta convocatoria de concorrenza competitiva, de propoñerse, tería que ser convocada baixo criterios PEPAC 2023-2027. Este novo escenario unido a importante falla de persoal suficiente para a súa xestión impediu publicar novas convocatorias desta modalidade.

Durante o 1º semestre de 2025 controlouse 1 solicitude de pagamento correspondente ao ano 2024 (pertencente á convocatoria 2022) por un importe de 54.338,10 €.

CONVOCATORIAS DE PROXECTOS DE GRUPOS OPERATIVOS DA AEI, Submedida 16.1 (PDR) e Intervención 7161 (PEPAC), Concorrenza competitiva

Así mesmo, desde a Área de Formación, Innovación e Investigación agraria xestiónanse tamén as convocatorias de axudas de GRUPOS OPERATIVOS submedida 16.1 do PDR de Galicia 2014-2020 (unicamente se xestionou o pago duns expedientes que quedaron sen pagar na anualidade anterior (2024) e Intervención 7161.1 do PEPAC 2023-2027, recuperándose na anualidade 2022 unha das convocatorias que suscita maior interese no ámbito da innovación agraria por parte do sector e que dende a convocatoria do 2018 non puidera volver a convocarse.

O financiamento das iniciativas de cooperación seleccionadas ao abeiro desta convocatoria de axudas se imputaron á aplicación orzamentaria 14.A2.561A.770.0, con código do proxecto 201600417 para os cofinanciados con fondos do PDR 2014-2020 e con código 2023 00002 para os cofinanciados con fondos do PEPAC 2023-2027.

Durante o primeiro semestre da anualidade 2023 iniciouse todo o procedemento para a tramitación da convocatoria para o ano 2023 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrenza competitiva, das axudas para o apoio de proxectos dos grupos operativos, da Asociación Europea da Innovación (AEI) desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa estratéxico da PAC (PEPAC), (código de procedemento MR331B).

O esforzo necesario para adaptar a convocatoria ao novo escenario provocou un retraso na publicación da convocatoria 2023. Non obstante, a primeira convocatoria de proxectos de grupos operativos baixo condicións PEPAC, en réxime de concorrenza competitiva, foi publicada o 26 de xullo de 2023: Resolución do 11 de xullo de 2023 pola que se estableceron as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrenza competitiva, das axudas para a execución de proxectos innovadores dos GRUPOS OPERATIVOS da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, e se convocan para o ano 2023 (DOG nº 141 do 26 de xullo de 2023). Por primeira vez se estableceron condicións para poder executar proxectos durante 4 anualidades, de 2023 a 2026, ambos inclusive, con financiación ao 100% e por importe máximo de 180.000 € por proxecto.

Adicionalmente, na anualidade 2024 foi publicada a Resolución do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrenza competitiva das axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, e se convocan para o ano 2024 (DOG nº 18 do 25 de xaneiro de 2024).

Os importes aprobados para cada unha das convocatoria en execución durante a anualidade 2025 foron os que seguen:



- Na convocatoria 2022 un valor total de 4.297.384,54 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 640.522,23 euros en 2022, 2.157.266,47 euros en 2023 e 1.499.595,84 euros na anualidade 2024. O número de proxectos aprobados foi de 25. Deles foi necesario xestionar os expedientes de 14 durante a anualidade 2025 por un importe total de 824.520,43 €
- Na convocatoria 2023 un valor total de 3.988.444,50 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 194.697,82 euros en 2023, 1.493.363,51 euros en 2024, 1.515.815,51 euros en 2025 e 784.567,66 euros en 2026. O número de proxectos aprobados nesta convocatoria foi de 24.
- Na convocatoria 2024 un valor total de 2.418.153,62 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 290.405,51 euros na anualidade 2024, 1.052.748,18 euros en 2025 e 1.074.999,93 euros na anualidade 2026. O número total de proxecto aprobados na convocatoria 2024 foi de 18.

Convocatorias capítulo VII	Nº solicitudes pago	Total crédito convocatoria	€ 2025
GO 2022-2024	52	4.297.384,54	824.520,43
GO 2023-2026	54	3.988.444,50	1.515.815,51
GO 2024-2026	49	2.418.153,62	1.052.748,18
TOTAL	155	10.703.982,66	3.393.084,12

Recibíronse **56 solicitudes** de axuda presentadas ó abeiro da convocatoria 2024 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos dos grupos operativos, da Asociación Europea da Innovación (AEI) desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa estratéxico da PAC (PEPAC), (código de procedemento MR331B), das cales **se aprobaron 18 por un importe total de 2.418.153,62 €** (cunha intensidade de axuda do 100%).

Na convocatoria 2023 foron recibidas **66 solicitudes** das que **se aprobaron 24 proxectos por importe de 3.988.444,50 €** e unha intensidade de axuda do 100%.

Na convocatoria 2022 recibíronse 69 solicitudes das que se aprobaron 25 por un importe total de 4.297.384,54 € (cunha intensidade de axuda do 100%).

Durante a anualidade 2025 propuxéronse 52 solicitudes de pago da convocatoria 2022, 54 da convocatoria 49 da convocatoria 2024 e 49 correspondentes á convocatoria 2024 por importe total de 3.393.084,12 € €.

Os expedientes correspondentes á convocatoria de grupos operativos do ano 2022 aprobados que foron xestionados durante a anualidade 2025 foron os seguintes:

Proxecto	Solicitante	Título	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2022/001B	MARCOS OTERO SL	GO MILLOPRECISO: AGRICULTURA DE PRECISIÓN CON MILLO FORRAXEIRO EN GALICIA	2022	180.000,00
FEADER 2022/014B	VIVEROS LÓPEZ VID, S.L	PLANTAVID: PRODUCCIÓN DE PLANTA DE VIDE REISTENTE Á PODREDUMBRE BRANCA DA RAIZ	2022	179.917,41

FEADER 2022/015B	SEICA SEO, S.L.	NOVOS APROVEITAMENTOS DE ENMENDAS OBTIDAS DE RESIDUOS PORCINOS E FORESTAIS PARA A MELLORA DA CALIDADE DOS SOLOS	2022	179.935,82
FEADER 2022/022B	XAGOAZA PINASTER, S.L	REXINERSIA: ACCIONS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR RESINEIRO GALEGO	2022	173.466,75
FEADER 2022/023B	COOPERATIVA VITIVINÍCOLA AROUSANA	GREENSOILVIN-OBTENCIÓN DE VIÑOS SOSTIBLES E DE CALIDADE MEDIANTE ESTRATEXIAS ALTERNATIVAS NA XESTIÓN DA FERTILIDADE.	2022	179.993,21
FEADER 2022/024B	TRAGSSA. Empresa de transformación Agraria S.A	GO DELICAS - DESENROLO DE ELICITADORES DE DEFENSA EN CASTIÑEIRO DO PAIS	2022	179.947,27
FEADER 2022/029B	FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA	IMPLEMENTACION DUNHA FERRAMENTA DE XESTIÓN TECNICO-ECONÓMICA PARA AS GANDARIAS DE MORENAS GALEGAS	2022	179.920,00
FEADER 2022/030B	VEIGAS DE SABUGUEIRO, S.	MELLORA DO CULTIVO DE DA ESPECIE AUTÓCTONA DE SABUGUEIRO PARA A OBTENCIÓN DE EXTRACTOS RICOS EN COMPOTOS BIOACTIVOS	2022	179.764,08
FEADER 2022/037B	AGRUPACION PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN SECTOR APÍCOLA GALEGO	MELLORA DA SOSTENIBILIDADE APÍCOLA MEDIANTE O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E CONSERVACIÓN DA ABELLA E LOCAL	2022	179.990,15
FEADER 2022/040B	MONET TECNOLOGIA E INNOVACIÓN, S.L	GO REGAVID – FERRAMENTA DE XESTIÓN DE REGA QUE EVALÚA NECESIDADES HÍDRICAS ACTUAIS DO VIÑEDO E PREDICE FUTURAS	2022	180.000,00
FEADER 2022/048B	SERVITEC MEDIOAMBIENTE, S.L	COGOMELOS + INCREMENTO DA PRODUTIVIDADE MICOLÓXICA DOS PIÑEIRAS GALEGOS	2022	179.996,95
FEADER 2022/058B	INERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST, S.L	REVALORIZACIÓN DE DOS PIÑEIRAS GALEGOS A TRAVÉS DA CALIDADE DA RESINA – GO PICARE	2022	178.090,00
FEADER 2022/061B	AVELINO SANTANA GARCÍA	AGRICULTURA DE PRECISIÓN PARA UN MEDIO NATURAL RENTABLE E SOSTIBLE	2022	179.052,90
FEADER 2022/066B	ALVARO RODRIGUEZ EIRAS, S.L	NIRS4CUSTOM, INVESTIGACIÓN PARA O DESENROLO INNOVADOR DE UN PROTOTIPO EQUIPADO COA TECNICA NIRS PARA ANALIZAR...	2022	179.657,00

Os proxectos aprobados baixo a resolución da convocatoria da anualidade 2023 que esixiron de xestión de pagos durante a anualidade 2025 foron os que seguen:

Proxecto	Solicitante	Titulo	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2023/006B	Asoc Galega Mena	Programa PANEGA	2023	75.856
FEADER 2023/037B	Queixos Castelo de Brañas SL	GO SUEROVAL	2023	179.340
FEADER 2023/046B	Mareterra Conservas SL	Aprovechamiento y puesta en valor de los cortes secundarios de las canales de vacuno mayor	2023	175.800
FEADER 2023/011B	Sinergias Sostenibles Resiforest SLU	Valorización de biomasa forestal en biochar para reducir emisións no sector agrogandeiro	2023	179.842
FEADER 2023/053B	Talleres Carruxo SL	PURINPRECISO: Sistema inteligente de control y documentación digital de equipos de aplicación de purines para la optimización de su uso como fertilizantes	2023	180.000
FEADER 2023/003B	Unión Leiteira Galega	Sistema avanzado de acopio	2023	179.792

FEADER 2023/027B	Postoiro SCG	Mejora de las variedades de repolo galego y nabicol (BRASICASGO)	2023	177.707
FEADER 2023/045B	Fundación Juana de Vega	Multipliación de olivo autóctono a gran escala (estaquillado e <i>in vitro</i>)	2023	179.653
FEADER 2023/060B	Bio Alimentación Colombia SL	Puesta en producción del trigo sarraceno y revalorización mediante productos novedosos en ecológico y sin gluten - GOTRISA EUROPA	2023	160.056
FEADER 2023/016B	Fundación Arume	Amplificación operacional da produción seminal tradicional de planta de piñeiro en Galicia	2023	161.700
FEADER 2023/048B	Unións Agrarias UPA	Sistema intelixente de prevención do abandono de expl. gandeiras. Smart Farm Saving (SFS)	2023	179.970
FEADER 2023/052B	Airas Moniz SL	Modelos de negocio cooperativos sobre los objetivos de biodiversidad y agrosiliencia	2023	179.648
FEADER 2023/040B	Porto-Muiños SL	BIO_MARTERRA. Efecto de la aplicación de bioestimulantes elaborados con algas a estreses abióticos y bióticos en variedades autóctonas de huerta, patata y viña	2023	179.635
FEADER 2023/042B	Beealia SC	Grass2Beef - Alternativas innovadoras para unha carne de vacún máis sostible	2023	148.643
FEADER 2023/002B	Coop Ourensanas S Coop Galega	Plan de gestión agronómico sostenible para los purines porcinos gallegos - GALXURRO	2023	167.556
FEADER 2023/038B	CSIC-MBG	Recuperación y valorización de avenas negras autóctonas gallegas	2023	179.451
FEADER 2023/013B	CRIXP Pataca de Galicia	Extratexia sustentable para xestión integrada de enfermidades en cultivos de patata	2023	156.614
FEADER 2023/061B	ODS Protein SL	REPAPG- Revalorización de las pérdidas y desperdicio de la patata gallega	2023	176.866
FEADER 2023/015B	Data Monitoring SL	GRAZEMASTER: "gestión avanzada del pastoreo"	2023	162.355
FEADER 2023/058B	FEUGA	MULTI-FOREST: Multifuncionalidad y valorización integral del monte a través de la Certificación de la Cadena de Custodia	2023	179.981
FEADER 2023/039B	ASOPORCEL	Trazabilidad digital por blockchain en la cadena producción raza autoctona 100% porco celta	2023	179.985
FEADER 2023/050B	Agaca	Grupo operativo del olivar en galicia - OLIGALICIA	2023	179.955
FEADER 2023/055B	Trasdeza Natur S Coop Galega	ECOPROVEG-Desarrollo de línea de patés y láminas a partir de verduras y hortalizas ecológicas - ECOPROVEG	2023	90.240
FEADER 2023/049B	Asociación Agraria de Galicia	Agrofotovoltaica para reducción de huella de carbono en viticultura heroica y convencional	2023	177.800

Os proxectos aprobados baixo a resolución da convocatoria da anualidade 2024 e que supuxeron os controis e execución dos correspondentes expedientes de pago durante a anualidade 2025 foron os que seguen:

Proxecto	Solicitante	Título	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2024/012B	AXIÑA ASESORAMIENTO RURAL INTEGRAL SCG	GUIPROGAL - Variedades de guisante adaptadas localmente para aumentar la resiliencia a las condiciones ambientales, como fuente de proteína para piensos y alimentos	2024	139.556,94
FEADER 2024/046B	ADR ÓDEGA	Maíz grano para alimentación humana y animal	2024	134.735,84

FEADER 2024/006B	KIWI ATLÁNTICO SA,	KIWI-SENS Sistema integral de monitorización de cultivo mediante el uso de tecnologías IoT de bajo coste e intelixencia artificial para a mejora de la gestión y optimización del kiwi en Galicia	2024	139.870,25
FEADER 2024/035B	AGRUPACION PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACION DO SECTOR APICOLA GALEGO	ApiConecta: Tecendo Conexións Dixitais para Fortalecer a Apicultura	2024	139.873,71
FEADER 2024/034B	LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANALISE DO LEITE (LIGAL)	GO-TecMet: Tecnoloxías para a redución das emisións de metano entérico nas granxas de vacún de leite de Galicia	2024	119.990,70
FEADER 2024/049B	COOP LACTEAS UNIDAS COOP GALEGA	Investigación para el desarrollo de un dispositivo universal para la captación de datos precisos en carros mexcladores e investigación mediante QML sobre correlaciónes de los datos recogidos y otras fuentes de datos - CLUNIQO	2024	139.993,49
FEADER 2024/055B	UNION LEITEIRA GALEGA	Sistema avanzado de compra conxunta	2024	138.732,54
FEADER 2024/020B	NEBODA FARMS SOCIEDAD LIMITADA	GO AGRI-RESVAL	2024	140.000,00
FEADER 2024/067B	LUIS FERNANDEZ GARCIA	FUMEIRO 4.0: Mellora tecnoloxica proceso afumado tradicional na industria carnica galega	2024	92.255,68
FEADER 2024/037B	SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST SL	Resina, fortaleza e oportunidade de mercado (RESFO)	2024	138.469,85
FEADER 2024/041B	TALLERES CARRUXO SL	Digitalización agroganadera con NIRs "low cost" para redución de contaminación difusa por metais - AGROLAB_BIOGAL	2024	139.999,49
FEADER 2024/024B	FUNDACION JUANA DE VEGA	Rede Galega de Granxas Modelo (Rede Modelo)	2024	139.900,70
FEADER 2024/027B	LÚPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA, S.C.G.	Bebidas refrescantes vegetales a base de lúpulo y especies aromáticas - Hop & Bot	2024	137.273,25
FEADER 2024/052B	GANADERIA AUTOCTONA SL	Empleo de drones para implementar un sistema de ganadería de precisión en vacuno y equino	2024	139.840,00
FEADER 2024/022B	CASA BARBEIRO SL	Plataforma IA para produccion de leche a la carta más nutritiva,sostenible y adaptada	2024	139.999,67
FEADER 2024/059B	GALINSECT, S.L.	FERTINSECT - Optimización fermentativa de quitosano desde T. molitor para uso agrícola.	2024	140.000,00
FEADER 2024/025B	UNIONS AGRARIAS-UPA	Asistente virtual para redución fenda dixital sect agrogandeiro-Farm Digital Assistant FDA	2024	129.463,59
FEADER 2024/066B	QUESOS FEIJOO SL	Estudo e posta en valor de producións leiteiras caprinas para unha aldea modelo (XACEBÁNS)	2024	128.197,92

ACCIÓN DE COOPERACIÓN, Submedida 16.20 (PDR) e Intervención 7162.01 (PEPAC), A INICIATIVA DA ADMINISTRACIÓN

O Plan estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, e as súas modificacións que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C (2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024, establece,

dentro das intervencións para o desenvolvemento rural a cooperación. A intervención **7162_Grupos de cooperación para a innovación non relacionados coa AEI-Agri, subintervención "7162_01_Proxectos de cooperación non AEI"**, acolle o financiamento para a innovación de grupos de cooperación non relacionados coa Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas (EIP-Agri).

Estes investimentos ampáranse no Regulamento (UE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, relativo á axuda aos plans estratéxicos da PAC e, en concreto, no artigo 77 de cooperación.

Os investimentos para a execución de proxectos innovadores dos grupos de cooperación non relacionados coa Asociación Europea da Innovación (AEI), baixo esta subintervención 7162_01 pretenden acadar o obxectivo transversal do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), tendo un efecto directo sobre a modernización do sector agroalimentario e forestal fomentando e compartindo o coñecemento, a innovación e a dixitalización na agricultura e nas zonas rurais, e alentando a adopción destes enfoques na súa actividade. Ademais, con cada un dos proxectos que se desenvolvan no marco desta intervención, os grupos de cooperación deberán dar resposta a un ou máis dos obxectivos específicos da PAC.

Segundo o Plan Estratéxico PAC 2023-2027, para a intervención de cooperación (artigo 77) 7162_Grupos de cooperación para a innovación non relacionados coa AEI-Agri; subintervención "7162_01_Proxectos de cooperación non AEI", a Administración pública pode ser beneficiaria por propia iniciativa a través do seus medios. Así, na procura do desenvolvemento rural nos sectores agrícola, gandeiro, silvícola e agroalimentario, Agacal, como xestor da Intervención, a través da Área de formación, innovación e investigación agraria e en coordinación cos seus centros de investigación, liderará iniciativas de cooperación para a innovación que non se atopen dentro da Asociación Europea para a innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas (AEI-Agri).

Os proxectos deberán ter vocación de cambio intencionado das condicións de contexto, sobre todo daquelas que estean limitando a modernización do sector primario e das zonas rurais e a consecución plena dos obxectivos específicos da PAC.

Nunha competencia crecente, é importante que estes sectores poidan aproveitar as necesidades do mercado mediante enfoques amplos e innovadores tanto para a implantación de proxectos pilotos e/ou desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías (poderá entenderse tanto a incorporación de novidades como a aplicación de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías xa existentes en condicións onde tradicionalmente non se tiveran empregado) como para a mellora da competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea agroalimentaria.

As iniciativas materialízanse a través do valor engadido que representa a cooperación. Unha vez determinadas as temáticas e iniciativas de interese para o sector, a elaboración da presentación da proposta e execución do proxecto realizarao o grupo de cooperación creado, que en todo caso, será liderado por AGACAL e os seus centros de investigación.

Esta convocatoria enmárcase na RIS3 de Galicia respondendo ao reto 1, reto 2 e reto 3 e ás prioridades 1 (sustentabilidade), 2 (dixitalización) e 3 (enfoque cara ás persoas). Ten como obxectivo estratéxico a colaboración e transferencia entre os diferentes axentes, estendendo e aproveitando as solucións de sustentabilidade, dixitalización e enfoque cara ás persoas ao longo da cadea de valor (obxectivo estratéxico 3) e intégrase polo tanto no programa Completa e Transfire.

A través da circular AC 1/2025 se aprobaron as bases polas que se rexen as iniciativas de cooperación innovadoras lideradas pola administración pública autonómica e que non están dentro da Asociación Europea de Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola (AEI-Agri).

Durante a anualidade 2024 se preparou toda a documentación precisa para o lanzamento da Convocatoria anual 2025 das accións de cooperación para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria baixo as condicións do Plan estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC). Para a nova convocatoria 2025 preveronse 3.881.727,50 €, dos que 2.854.377,50 € corresponden a capítulo VI e 1.027.350,00 € a capítulo I para contratación de persoal adscrito aos proxectos que se financien.

O financiamento das iniciativas de cooperación seleccionadas ao abeiro desta nova convocatoria se imputan ó proxecto contable 2024 00005 (PEPAC 7162_Grupos de cooperación para a innovación non relacionados coa AEI-Agri; subintervención "7162_01_Proxectos de cooperación non AEI") liderados pola Administración Pública Autonómica), sendo as aplicacións orzamentarias as cales se imputarán os gastos as que seguen: 15.A2.561A.640.0, 15.A2.561A.131.00, 15.A2.561A.160.00 e 15.A2.561A.180.

A execución e financiamento das accións propostas polos centros de I+D+i da Axencia Galega da Calidade Alimentaria competentes nos ámbitos agrícola e gandeiro que cumpran cos obxectivos, instrumentanse como inversión directa, podéndose empregar tamén dentro desta modalidade a contratación, encomendas a medio propio ou convenios de colaboración con entidades colaboradoras. A intensidade dos gastos financiáveis nestas actuacións lideradas pola Administración é do 100%.

O orzamento total aprobado para a execución directa a iniciativa da Administración autonómica dos proxectos propostos pola Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria e as súas unidades de investigación dependentes, ascende a un montante total de **2.110.553,40 €** dos que 699.975,00 € corresponden a Capítulo I e o resto a Capítulo VI (1.410.578,40 €)

As accións de cooperación propostas encadraranse dentro dun ou varios dos obxectivos específicos establecidos no apartado 1 do artigo 6 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, e que son:

1. Apoiar unha renda agrícola viable e a resiliencia do sector agrícola en todo o territorio da Unión a fin de mellorar a seguridade alimentaria a longo prazo e a



diversidade agrícola, así como garantir a sustentabilidade económica da produción agrícola na Unión.

2. Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade das explotacións agrícolas a curto e longo prazo, tamén mediante unha maior atención á investigación, á tecnoloxía e á dixitalización.

3. Mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor.

4. Contribuír á adaptación ao cambio climático e á súa mitigación, tamén mediante a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e mellorando a captura de carbono, así como promover a enerxía sustentable.

5. Promover o desenvolvemento sustentable e a xestión eficiente de recursos naturais como a auga, o solo e o aire, incluíndo a redución da dependencia química.

6. Contribuír a deter e reverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos relacionados cos ecosistemas e conservar os hábitats e as paisaxes.

7. Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable.

8. Mellorar a resposta da agricultura da Unión ás exixencias sociais en materia de alimentación e saúde, incluída a demanda de alimentos de boa calidade, seguros e nutritivos producidos de forma sustentable, reducir o desperdicio de alimentos, mellorar o benestar animal e combater a resistencia aos antimicrobianos.

Con data do 14 de marzo a comisión de selección fixo proposta de aprobación das accións de cooperación no marco da convocatoria da anualidade 2025 para o seu desenvolvemento durante as anualidades 2025 a 2027

Nº proxecto	Título	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total
AC2025C-01	FA2T.-Técnicas avanzadas de análise dos alimentos forraxeiros para un manexo de precisión do gando vacún leiteiro.	104.061,50	128.184,00	5.400,00	237.645,50
AC2025C-02	Caracterización dos xurros de porcino en Galicia segundo a modalidade produtiva. Incorporación ás aplicacións RAX de recomendación de abonado con xurros.	37.468,33	36.779,67	0,00	74.248,00
AC2025C-03	Estudo de abrochos de BVD e apoio ao diagnóstico no marco do desenvolvemento dos programas sanitarios de AD SG de Galicia"	52.822,12	66.249,27	20.654,63	139.726,02
AC2025C-04	Estudo descritivo da evolución e influenza da EHE e da LA nos parámetros produtivos e reprodutivos de dúas granxas cun brote combinado de Enfermidade Hemorráxica Epizoótica e Língua Azul	50.060,36	62.940,49	30.725,25	143.726,10
AC2025C-05	Monitoreo de explotacións bovinas con problemas de diarreas neonatais e de resistencias a antibióticos de importancia crítica segundo a OMS	80.946,67	98.820,00	25.660,00	205.426,67
AC2025C-06	Situación actual das helmintoses dos pequenos ruminantes en Galicia. Novas estratexias de tratamento selectivo	59.803,75	71.324,00	9.516,00	140.643,75
AC2025C-07	Revalorización da codia de eucalipto como substrato de cultivo para a substitución da turba	38.206,40	76.479,15	21.758,07	136.443,62
AC2025C-08	Avaliación xenética de sementais cárnicos especificamente destinados ao cruzamento industrial en vacún de leite – crossfrison	48.178,60	137.385,61	51.059,68	236.623,89
AC2025E-01	Eficacia de PRODUCTOS residuo cero en el control de patógenos en el viñedo gallego	79.719,70	84.340,60	21.457,96	185.518,26

AC2025E-02	Validación de técnicas de control de patóxenos para un viñedo sustentable	103.347,96	115.514,84	11.464,21	230.327,01
AC2025E-03	TOSTADO: Ferramentas para a elaboración e posta en valor do viño doce tradicional galego	71.195,00	91.948,33	35.581,25	198.724,58
AC2025D-02	Queixo en porcións: Queixo Tetilla e Arzua- Ulloa	60.500,00	0,00	0,00	60.500,00
AC2025D-03	Estudo de predición da produción en base a algoritmos no cultivo da vide	42.350,00	18.150,00	0,00	60.500,00
AC2025D-04	Estudo de predición da produción en base a algoritmos no cultivo do millo	42.350,00	18.150,00	0,00	60.500,00
TOTAL		871.010,39	1.006.265,96	233.277,05	2.110.553,40

TÁBOA - RESUMO

RESUME	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Total
Modalidade de pagos a xustificar e capítulo I	725.810,39	969.965,96	233.277,05	1.929.053,40
Modalidade de contratación	145.200,00	36.300,00	-	181.500,00
TOTAL	871.010,39	1.006.265,96	233.277,05	2.110.553,40

RECURSOS XENÉTICOS AGRARIOS, Submedida 12.2.3 (PDR) e Subintervención 65052_02 (PEPAC 2023-2027)

Dende a Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria realizouse a planificación, convocatoria, seguimento e control para o desenvolvemento do Plan de Conservación dos Recursos Xenéticos Agrarios, submedida 10.2.3 do PDR de Galicia 2014-2020, na cal se define un plan Marco de actuación xunto cun plan de controis a levar a cabo. Asemade, se elaborou unha circular de programación-xestión onde se establecen as bases da convocatoria, na que a Administración actúa como promotora directa dos programas de conservación dos recursos xenéticos en risco de erosión xenética e incluso extinción, a través dos seus centros de I+D+i con competencias agrícolas e gandeiras orientadas á conservación e estudo dos recursos xenéticos agrarios e gandeiros. Destinase un montante orzamentario de 1.600.000 € para a súa execución, dos que 1.132.703,51 € foron comprometidos a través da circular de xestión para as anualidades 2023 a 2025. As 11 actividades aprobadas, supervisadas e controladas baixo a convocatoria da anualidade 2023 que estiveron en execución durante a anualidade 2025 foron as seguintes:

N.º Expediente	Título da acción	Solicitante	Orzamento total aprobado
RA/2023/1/1	Multiplicación e conservación de variedades locais (Zea mays L.) conservadas no Banco de germoplasma (ESP119) do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)	CIAM	91.670,53
RA/2023/1/2	Creación dun banco de xermoplasma de nogueira para froito e valorización das coleccións de castiñeiro para froito e mazá do Banco de Xermoplasma do CIAM-AGACAL	CIAM	80.000,00

RA/2023/1/3	Multiplicación das variedades de trigo, ecotipos de centeo e avea	CIAM	37.417,40
RA/2023/1/4	Obtención de novas liñas semienanas de trigo autóctono mediante emprego de marcadores xenéticos moleculares	CIAM	150.367,83
RA/2023/1/5	Banco de xermoplasma de variedades de oliveiras galegas	CIAM	39.500,00
RA/2023/1/6	Conservación e caracterización da raza Cabra Galega a través dun rabaño in situ na Finca Marco da Curra	CIAM	95.984,97
RA/2023/1/7	Recuperación, multiplicación e divulgación do material xenético das variedades locais de cebola de Galicia conservadas no banco de xermoplasma do CIAM. Avaliación morfolóxica e bioquímica da cebola de Outes	CIAM	14.936,80
RA/2023/1/8	Conservación e multiplicación do Banco de Xermoplasma de especies pratenses co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo	CIAM	20.695,06
RA/2023/1/9	Estudos moleculares con ssrs de variedades de trigo autóctono	CIAM	27.575,00
RA/2023/1/10	Rexistro, avaliación e comercialización de planta de vide	EVEGA	323.872,36
RA/2023/1/11	Establecemento dun núcleo estable de poboación de gando vacún de raza Rubia Galega con animais especialmente seleccionados polas súas cualidades maternais.	Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria	250.683,56
TOTAL			1.132.703,51

Os gastos imputables aprobados no marco destes proxectos para a anualidade 2025 ascenden a 247.503,00 € baixo esta convocatoria 2023-2025

Tamén se levaron a cabo procedementos de actualización e posta en funcionamento da plataforma informática (AXUTF) para a mellora da tramitación e o control administrativo das solicitudes.

Ademáis redactouse e preparouse todo o relativo á documentación precisa para unha nova convocatoria de Recursos xenéticos agrarios que se convocou na anualidade 2025, xa baixo os parámetros e criterios da PEPAC 2023-2027. Así, promoveronse novos proxectos baixo a circular de programación-xestión para o desenvolvemento do plan da Subintervención 65052_02 de proxectos de conservación xenética vexetal e gandeira en que os proxectos aprobados se desenvolverán entre as anualidades 2025 e 2027.

Estas actividades de conservación de recursos xenéticos están amparados no Regulamento (UE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, relativo á axuda aos plans estratéxicos da PAC e, en concreto, no artigo 45 de conservación, usos sustentables e desenvolvemento dos recursos xenéticos na agricultura e a silvicultura, e enmárcase dentro do Plan estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC) de España para a axuda

da Unión financiada polo fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C(2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022 e as súas modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C(2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024.

Mediante os proxectos de conservación xenética vexetal e gandeira, Subintervención 65052_02.- Proxectos de conservación xenética vexetal e gandeira, do Plan estratéxico da PAC 2021_2027 (PEPAC), serán atendidos o mantemento e a recuperación tanto da biodiversidade agrícola e gandeira, como a natural, as especies protexidas e os hábitats naturais e ou seminaturais. Ademais o mantemento destes recursos permitirá manter a paisaxe agrícola e os elementos de conectividade entre todos os espazos. Por ende, grazas á difusión das actuacións e dos recursos fitoxenéticos e zootécnicos, contribuirase á transferencia e mellora do coñecemento das prácticas agrícolas e gandeiras en materia de protección e mellora da biodiversidade.

A estratexia aplicada baséase no fomento e uso comercial dos recursos xenéticos, como elemento clave para a súa conservación.

No que respecta ó ámbito animal, atópanse:

1. As razas autóctonas en perigo de extinción que se inclúen na seguinte lista que figura no Decreto 49/2011 do 7 de xullo, polo que se establece o Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia, regúlase o recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que creen e xestionen libros xenealóxicos e aproben os programas para a súa conservación, mellora e fomento e tamén no Anexo II "Catálogo oficial de razas en perigo de extinción" dentro do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC).

- Bovino: Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa.
- Ovino: Ovella Galega
- Caprino: Cabra Galega.
- Equino: Cabalo de Pura Raza Galega.
- Porcino: Porco Celta.
- Aves: Galiña de Mos.

2. A raza autóctona de fomento da comunidade autónoma galega que se relaciona no Real Decreto 2019/2008 do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras:

- Bovino: Rubia Galega.

Tamén será obxectivo desta subintervención calquera outra raza ou os cruces coas anteriores que se utilicen na comunidade autónoma de Galicia có fin de incrementar a produtividade das explotacións por incremento das producións directas ou derivadas transformadas da produción gandeira ou por incremento, mellora ou diversificación das

súas características nutritivas, organolépticas, biosaudabeis ou calquera outras que con base na súa xenética e a mellora da mesma redunden no incremento da competitividade ou na preservación de cualidades xenéticas de especial importancia polo seu incremento na resistencia ás enfermidades, ás características dos seus produtos, á mellor adaptabilidade ao medioambiente e climatoloxía, á diminución da emisión de GEI, etc.

No que respecta ao ámbito vexetal, existe risco de erosión xenética de variedades autóctonas dos seguintes grupos de cultivos e especies vexetais conservados no banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) e na Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA):

- Ecotipos de cereais de inverno autóctonos.
- Ecotipos de millo autóctonos.
- Ecotipos de pratenses autóctonas.
- Ecotipos de horta autóctonos.
- Ecotipos de froiteiras autóctonas.
- Ecotipos de vide autóctonas.
- Calquera outro ecotipo produtivo ou silvestre de especies susceptibles de ser aproveitados como recursos fitoxenéticos agrarios con calquera finalidade produtiva, de conservación ou simplemente como material xenético susceptible de ser utilizado ou conservado.

As actividades financiáveis poden consistir, tal e como se describe no punto 6 da circular, en:

- Actividades focalizadas: aquelas que fomenten a conservación *in situ* e *ex situ*, a caracterización, a recompilación e a utilización de recursos xenéticos na agricultura e gandería
- Actividades concertadas: actividades que impulsen o intercambio de información entre as organizacións competentes dos Estados membros con miras á conservación, caracterización, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na agricultura, liderados, dirixidos e coordinados polos centros de I+D+i da Consellería do Medio Rural competentes no ámbito agrícola e gandeiro, e o desenvolvemento de todas aquelas actividades e proxectos de investigación que fomenten a complementariedade entre métodos *in situ* e *ex situ* de conservación.
- Actividades de acompañamento: actividades informativas, formativas, divulgativas e de asesoramento nas que participen organizacións non gobernamentais e outras partes interesadas, sempre e cando estean lideradas, coordinadas e dirixidas polos centros de I+D+i da Consellería do Medio Rural competentes no ámbito agrícola e gandeiro.

Os proxectos deberán ter unha duración mínima de 2 anos e cun máximo de tres anualidades, sendo a data máxima de remate da última anualidade o 1 de novembro.

Esta convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 1, reto 2 e reto 3 e ás prioridades 1 (sustentabilidade), 2 (dixitalización) e 3 (enfoque cara ás persoas). Ten como obxectivo estratéxico a colaboración e transferencia entre os diferentes axentes, estendendo e aproveitando as solucións de sustentabilidade, dixitalización e enfoque cara ás persoas ao longo da cadea de valor (obxectivo estratéxico 3) e intégrase polo tanto no programa Completa e Transfire.

Como consecuencia da avaliación dos proxectos presentados, propúxese a aprobación de 18 proxectos por un importe total de 1.587.533,09 € e a seguinte distribución:

Anualidade 2025: 111.933,09 €

1. Capítulo VI: 111.933,09 €

2. Capítulo I: 0,00 €

Anualidade 2026: 908.534,00 €

3. Capítulo VI: 499.559,00 €

4. Capítulo I: 408.975,00 €

Anualidade 2027: 567.066,00 €

5. Capítulo VI: 252.278,50 €

6. Capítulo I: 314.787,50 €

TOTAL CAP.I: 723.762,50 €.

TOTAL CAP.VI: 863.770,59 €

Os proxectos que foron aprobados son os seguintes:

N.º Expediente	Título da acción	Solicitante	Orzamento total aprobado (C VI)
RA2025/01	Avaliación da sensibilidade varietal e caracterización xenética de cepas de <i>Phyllosticta ampellicida</i> en viñedos galegos: Aplicación á conservación e mellora do xermoplasma vitícola	EVEGA	54.469,80
RA2025/02	Mantemento, conservación activa e valorización comercial de material clonal de variedades autóctonas de vide de Galicia	EVEGA	56.937,16
RA2025/03	Mantemento e conservación dos Recursos Fitoxenéticos do Banco de Xermoplasma do Millo autóctono do CIAM. Avance na selección do sintético de millo forraxeiro que permitan ofertar híbridos de millo para a uso na alimentación animal.	CIAM	48.204,80
RA2025/04	Estudos xenéticos mediante secuenciación masiva en variedades do Banco de xermoplasma do CIAM (Hortícolas e cereais: millo)	CIAM	75000,00
RA2025/05	Avance na selección das variedades locais que permitan ofertar variedades locais melloradas ou híbridos de millo para uso na alimentación humana e animal.	CIAM	16000,00
RA2025/06	Caracterización morfolóxica, agronómica e renovación do material xenético da xudía (<i>Phaseolus vulgaris L.</i>) conservado no CIAM, e mellora da situación sanitaria da faba da variedade Galaica. Obtención de semente saneada	CIAM	29.760,94

RA2025/07	Conservación dos recursos pratenses de interese agrario: enfoque nas leguminosas e caracterización do liño galego.	CIAM	54.847,00
RA2025/09	Mantemento e ampliación do banco de xermoplasma do CIAM- AGACAL	CIAM	62.244,96
RA2025/10	Resposta da faba de Lourenzá a diferentes controis fitosanitarios en fungos fitopatóxenos	CIAM	39.291,60
RA2025/11	Estudos moleculares en oliveiras empregando secuenciación de última xeración (NXS)	CIAM	75.000,00
RA2025/12	Conservación e valorización de recursos xenéticos autóctonos en prados de montaña de Galicia para a calidade diferenciada e a sostibilidade ambiental (RA2025S2 CIAM 001)	CIAM	34.270,56
RA2025/13	Avaliación da potencialidade e diferentes razas de vacún presentes nas explotacións leiteiras galegas para a transformación da súa produción cumprindo cos pregos de condicións das Denominacións de Orixe Protexidas de queixos galegos	CIAM-SXFIIA	61.936,77
RA2025/14	Consolidación do núcleo de vacún de raza Rubia Galega especialmente seleccionado polas súas cualidades maternais no CIAM e posta a disposición de reprodutores e material xerminal desta liña de selección xenética en ganderías galegas de vacún de carne	CIAM-SXFIIA	59.980,00
RA2025/15	Colección de oliveiras de Pobra do Brollón	CIAM	15.405,00
RA2025/16	Estudos de caracterización mediante descritores morfolóxicos, fisiolóxicos, citolóxicos, químicos, bioquímicos, agrícolas e/ou económicos	CIAM	29.792,00
RA2025/17	Operacións encamiñadas a garantir a conservación in situ e ex situ das accesións dos recursos xenéticos existentes nos bancos de xermoplasma	CIAM	35.474,00
RA2025/18	Mellora Xenética: Mellora do material xenético mediante retrocruzamento	CIAM	58.757,00
RA2025/19	Análise organoléptica, de palatabilidade e durabilidade co emprego de faría de variedades de trigo autóctono na Rosca de Sober para o seu posible rexistro no sistema de calidade diferenciada Artesanía alimentaria	CIAM	56.399,00
TOTAL			863.770,59

Ademáis, os cartos dispoñibles en capítulo I na convocatoria 2025 permitirán prever a contratación dun total de 8 persoas Oficiais 2ª de campo e 5 titulados superiores vinculados aos proxectos durante as anualidades 2026 e 2027.

RECURSOS XENÉTICOS FORESTAIS, Submedida 15.21 (PDR)

Desde a Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria realizouse a planificación para o desenvolvemento do Plan de Conservación dos Recursos Xenéticos Forestais, submedida 15.21 do PDR de Galicia 2014-2020, na cal se define un plan Marco de actuación xunto cun plan de controis a levar a cabo e se elaborou unha circular de programación-xestión onde se establecen as bases da convocatoria, na que a Administración que actúa

como promotora directa dos programas de conservación dos recursos xenéticos en risco de erosión xenética e incluso extinción, a través dos seus centros de I+D+i con competencias orientados á conservación e estudo dos recursos xenéticos forestais. Destinouse un montante orzamentario de 811.000 € para a súa execución, dos que 507.383,33 foron comprometidos a través da circular de xestión para as anualidades 2023 a 2025. Na anualidade 2025 o orzamento aprobado para execución, incluída a contratación de persoal con cargo a estes proxectos, ascendeu a 155.558,08 €, dos que 100.610,59 € foron consignados en capítulo VI para subministros e servizos tecnolóxicos externos e 54.947,49 para a contratación de persoal investigador e auxiliar con cargo aos proxectos. As actividades aprobadas, supervisadas e controladas baixo a convocatoria da anualidade 2023 que estiveron en execución durante a anualidade 2025 foron as seguintes:

N.º Expediente	Título da acción	Solicitante	Orzamento total aprobado
RF/2023/1/1	Caracterización da Poboación de Mellora para madeira e Desenvolvemento de novas variedades clonais para madeira e portaenxertos de castiñeiro	CIF Lourizán	142.700,19
RF/2023/1/2	Recursos xenéticos en proxectos de investigación de introdución de especies de interese potencial para Galicia	CIF Lourizán	14.157,02
RF/2023/1/3	Mantemento, tratamentos e toma de datos para a súa análise nas 4 parcelas que conforman os campos de plantas nai de carballo.	CIF Lourizán	75.542,48
RF/2023/1/4	Mellora por selección en poboacións galegas para material forestal de carballo	CIF Lourizán	34.832,98
RF/2023/1/5	Conservación e caracterización das árbores seleccionada de Prunus avium para madeira e rexistro de novos clons	CIF Lourizán	46.544,11
RF/2023/1/6	Conservación, mantemento e propagación vexetativa de varias coleccións de xermoplasma de coníferas autóctonas de interese forestal para Galicia.	CIF Lourizán	34.137,70
RF/2023/1/7	Avances en el programa de mejora de P. radiata	CIF Lourizán	48.501,52
RF/2023/1/8	Avances no programa de mellora xenética de P. pinaster	CIF Lourizán	112.319,93
RF/2023/1/9	Caracterización molecular das coleccións de xermoplasma do CIF Lourizán e de variedades tradicionais en soutos de castiñeiro. Xenotipado masivo empregando equipos Next generation sequencing (NGS)	CIF Lourizán	138.553,33
RF/2023/1/10	Mantemento das parcelas de estudo da REDE Lou e toma de datos para o seu análise.	CIF Lourizán	92.117,27

O montante total aprobado para a execución destas accións foi de 739.406,53 €

SISTEMA AKIS AGACAL. (Agricultural Knowledge and Innovation Systems). SCIAGA (Sistema de Conocimiento e Innovación en Agricultura de GALICIA)

Con data do 08 de xullo de 2021 AGACAL puxo en funcionamento o sistema SCIAGA (Sistema de Coñecemento e Innovación en Agricultura de Galicia) a través da sinatura dun convenio marco de colaboración coa Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento de actividades de investigación, innovación e transferencia de coñecemento en materia agroalimentaria e forestal.

O 08 de xullo de 2021 foi subscrito un **Convenio Marco de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e a Fundación Juana de Vega (FJdV)** para o desenvolvemento de actividades de investigación, innovación e transferencia de coñecemento en materia agroalimentaria e forestal, seguindo unha orientación de xeración e transferencia de coñecementos aplicada baixo a filosofía dos sistemas AKIS, que en Galicia se denomina Sistema de Coñecemento e Innovación Agraria Galego (SCIAGA). Esta orientación está aliñada coas orientacións estratéxicas da nova PAC 2023-2027 e a RIS3 galega.

Tratase dun acordo con entidades representativas do sector para o impulso das actividades de I+D+i e a transferencia de coñecementos que pretende:

1. Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo
2. Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia
3. Asesorar á Consellería con competencias en materia de medio rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria
4. Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio
5. Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.

Polo tanto, a colaboración AGACAL-FJdV se articulou en torno a tres eixos con interese específico en materia agroalimentaria e forestal:

- I. Investigación aplicada.
- II. Innovación.
- III. Transferencia de coñecementos.

No antedito Convenio Marco estableceuse que os programas e condicións de colaboración se formalizarán mediante acordos escritos e que as entidades asinantes asumen a obriga de participar anualmente, cando menos, nun proxecto de colaboración.

En base ao anterior, o 29 de xuño de 2022 subscribiuse por ambas partes un *Acordo de Programa de Colaboración* baixo o proxecto titulado "**Caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia**" que establece tres obxectivos particulares a desenvolver a través dos Centros de Investigación de AGACAL con actividades perfectamente definidas e indicadores de obxectivos a acadar á finalización do acordo. De xeito resumido, as actividades previstas no antedito acordo son:

Actividades a desenvolver polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM):

1. Tarefas de conservación e renovación das variedades pratenses e de millo custodiadas no Banco Xermoplasma existente no CIAM e próximas ao límite da súa vida útil, para garantir a súa supervivencia.
2. Estudos de caracterización de castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM e a súa caracterización molecular, realizados en paralelo cos estudos agronómicos.
3. Accións de mellora xenética das castes tradicionais orientadas ao aumento das producións e a rendibilidade dos cultivos, a resistencia ás pragas ou a adaptación ás secas.
4. As especies agrícolas obxecto de actuacións contempladas no presente convenio son as conservadas no Banco de Xermoplasma do CIAM, a saber: millo e forraxeiras pratenses consideradas en risco de erosión xenética
5. Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario.

Actividades a desenvolver pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA):

1. Estudos das variedades Albilla do Avia, Xafardán, e Zamarrica.
2. Rexistro e estudos agronómicos e enolóxicos das variedades Carabuñeira (Carabuñenta, Touriga Nacional) e Tinta Amarela.
3. Selección principal das variedades Merenzao e Branco lexítimo Albarín Blanco (Branco le-xítimo).
4. Actividades para conservación de variedades en risco de erosión xenética mediante as técnicas de cultivo apropiadas, así como do material inicial dos clons conservados en invernadoiro.
5. Control sanitario e varietal do material inicial e de base de clons seleccionados.
6. Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario.

Actividades a desenvolver polo Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL):



1. Caracterización, conservación, inscrición nos rexistros de castes comerciais, DOR ou de conservación de variedades de castiñeiro e o fomento da súa transferencia ao sector a través de viveiros multiplicadores. En particular:

- Ampliación da información aportada no Rexistro de Variedades Comerciais das 31 variedades de castiñeiro rexistradas para indicar as recomendacións de uso segundo as condicións climáticas e os graos de tolerancia á praga da avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) e o cancro (*Cryphonectria parasitica*).
- Caracterización con descritores UPOV de variedades tradicionais de castiñeiro de froito de interese agronómico ou en risco de erosión, para aportar novas entradas no Rexistro de Variedades Comerciais.
- Selección de novos clons híbridos de castiñeiro recomendados como portaenxertos de variedades para a súa obtención e rexistro.
- Ampliación da colección de referencia para a caracterización UPOV, establecida no CIF-Lourizán entre finais do 2020 e principios do 2021.
- Continuación das actividades para a conservación de castes.
- Transferencia de material vexetal categoría CAC a viveiros.

2. Caracterización da poboación de mellora de Piñeiro do País mediante o estudo do ADN: Avaliación, análise e selección de distintos xenotipos de Piñeiro fronte a pragas e enfermidades.

3. Proporcionar o material xenético necesario para garantir a súa transferencia nas condicións que se determinen por norma de rango regulamentario.

Para o desenvolvemento do acordo, a AGACAL dispuxo a posta a disposición do meso os recursos materiais do CIAM, CIFL e EVEGA de interese para acadar os resultados previstos e se previu a contratación de cinco (5) investigadores, mediante un proceso selectivo específico.

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 5 INVESTIGADORES.

Para dar cumprimento a todo o anterior, AGACAL realizou todos os trámites precisos e obtivo todos os permisos e informes preceptivos con carácter previo á publicación do *ANUNCIO do 17 de outubro de 2022 polo que se convoca o proceso selectivo para a contratación baixo a modalidade contractual de actividades científico técnicas de cinco titulados/as superiores universitarios (técnicos/as I-Categoría 004), no marco do convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do proxecto titulado Caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia (DOG Núm. 203, do martes, 25 de outubro de 2022).*

Neste proceso selectivo específico se ofertaron baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrência as 5 prazas previstas para a contratación de persoal titulado superior universitario nas seguintes especialidades:

- ✓ Posto 1º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- ✓ Posto 2º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de millo forraxeiro/millo grao para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
- ✓ Posto 3º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de viñedo para a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA)
- ✓ Posto 4º: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de castiñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).
- ✓ Posto 5ª: Persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos forestais de piñeiro para o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL).

Toda a documentación é pública e está a disposición para a súa consulta na dirección web: <https://mediorural.xunta.gal/es/conselleria/organismos-adscritos/agencia-gallega-de-la-calidad-alimentaria/documentacion>

Como resultado do antedito proceso selectivo, o 19 de decembro de 2022 o Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria resolveu a aprobación da proposta da Comisión de Selección pola que resultaron seleccionadps 5 candidatos.

É de salientar a desgraza acaecida polo falecemento dun dos candidatos seleccionados para ocupar a praza de persoal tecnólogo especialista en recursos fitoxenéticos de especies forraxeiras pratenses para o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

Por outra banda, outra das persoas candidatas asignadas ao CIAM superou unha proba selectiva para obter a condición de persoal laboral AGACAL como doutora investigadora, causando baixa no contrato adscrito ao acordo de colaboración coa Fundación Juana de Vega. A nova condición foi adquirida en data do 01 de xaneiro de 2024.

As retantes prazas estiveron ocupadas polo persoal seleccionado ata o 31 de decembro de 2024, data na que de común acordo se produciu a extinción do acordo de colaboración subscrito, derivado entre outros motivos á determinación do paso á dependencia orgánica da Axencia Galega da Industria Forestal do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, perdendo este último a súa dependencia orgánica da AGACAL, a partir do 01 de xaneiro de 2025. Ata esa toma de decisión por parte dos órganos superiores, estabanse a negociar obxectivos adicionais para prorrogar o citado acordo con AGACAL.

Este convenio foi dotado cun importe total de 504.000 € dos que 216.000 € corresponderon á anualidade 2024, destinados ás referidas contratacións. A aportación global da Fundación Juana de Vega no conxunto de anualidades foi de 154.000 € correspondendo a AGACAL unha aportación de 350.000 €. Na anualidade 2024 o aporte da Fundación Juana de Vega foi de 66.000 € e AGACAL contribuiu con 150.000 €.

Na actualidade a Fundación Juana de Vega mantén a vinculación ao sistema SCIAGA AGACAL a través da execución do proxecto FEADER 2024/024B titulado Rede galega de granxas modelo (Rede Modelo) no que tamén participan a Sociedade Cooperativa A Carqueixa e a CRIXP Carne de Vacún de Galicia. Este proxecto é financiado con 139.900,15 € en total dos que a Fundación Juana de Vega percibe 107.234,85 €. O CIAM tivo asignado para a anualidade 2025 2.000,00 € dun montante total de 4.000,00 € que lle foi adxudicado polo coordinador para a totalidade do proxecto.

Na convocatoria de proxectos de Grupos Operativos da anualidade 2023, a Fundación Juana de Vega tamén resultou adxudicataria como coordinadora do proxecto FEADER 2023/045B titulado Multiplicación de oliveira autóctona a grande escala (estacaxe e in vitro), no que participan tamén o CSIC-Misión Biolóxica de Galicia, Ouro de Quiroga e Paulino Sánchez Rodríguez, por un importe total de 179.652,68 € dos que 71.890,88 € corresponderon á Fundación. Destes cartos, a Fundación Juana de Vega destinou 3.000 € para a colaboración como servizo tecnolóxico externo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, dos que 1000 € foron asignados á anualidade 2025.

Ambas convocatorias de proxectos de Grupos Operativos son convocadas pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria como órgano xestor desta subintervención.

INCORPORACIÓN DA ENTIDADE SEMENTARES SL AO SISTEMA SCIAGA AGACAL

Con data do 08 de xullo de 2022 a entidade SEMENTARES SL subscribiu o acordo de anexión ao convenio marco de colaboración para o desenvolvemento de actividades de investigación, innovación e transferencia de coñecemento en materia agroalimentaria e forestal (SCIAGA-AGACAL) có beneplácito do resto de asociados.

O 17 de xullo de 2023 SEMENTARES SL subscribiu o acordo programa de colaboración para o desenvolvemento do proxecto titulado ***"Mellora de caracteres de influencia na conservación e comercialización do Tomate Negro de Santiago; primeira fase de selección de plantas de pemento e tomate que amosen resistencia a enfermidades; multiplicación de semente de cebola da variedade Brigantium; mellora da variedade rexistrada de leituga Lugo"***

Os obxectivos particulares do proxecto consistiron en:

- Mellora de caracteres de influencia na conservación e comercialización do tomate Negro de Santiago
- Primeira fase de selección de plantas de pemento e tomate que amosen resistencia a enfermidades
- Multiplicación de semente de cebola da variedade Brigantium, para a súa



conservación no banco de xermoplasma do CIAM.

- Selección da variedade de leituga Lugo, mediante a depuración da semente, para a mellora da súa pureza varietal e a obtención de semente libre de viroses.
- Transferencia e posta a disposición do sector de semente das variedades obxecto de estudo e seleccionadas en base a el, así como a súa conservación no Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos da comunidade autónoma de Galicia no CIAM.

Para o seu desenvolvemento se cuantificou unha contribución en especie durante a anualidade 2023 dun montante total de 49.309,10 € dos que AGACAL sufragou 25.000,00 € e SEMENTARES SL 24.309,10 €

Por outra banda, a participación de Sementares no sistema SCIAGA AGACAL mantense gracias á convocatoria de proxectos de Grupos Operativos da convocatoria 2024 na que AGACAL como órgano xestor atopou entre os proxectos financiábeis o GO Feader 2024/046B, Grupo operativo Maíz grano para alimentación humana e animal. Nel O CIAM tivo consignado para a anualidade 2025 11.999,99 € dun montante total de 23.998,98 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto. Este proxecto presentado pola Asociación de Desenvolvemento Rural Ódega en representación dos integrantes do Grupo Operativo recibiu unha subvención de 134.735,84 para a súa execución, do que Sementares resultou adxudicatario de 24.499,99 €.

INCORPORACIÓN DA ENTIDADE COSECHA DE GALICIA SL AO SISTEMA SCIAGA AGACAL

O 09 de novembro de 2023 a entidade COSECHA DE GALICIA SL e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, xunto có resto de integrantes do sistema SCIAGA-AGACAL subscribiron o acordo de anexión ao convenio marco de colaboración para o desenvolvemento de actividades de investigación, innovación e transferencia de coñecemento en materia agroalimentaria e forestal, en sesión plenaria celebrada o mesmo día de sinatura na que participaron os representantes legais e técnicos de todas as entidades.

O 22 de decembro de 2023 COSECHA DE GALICIA SL e AGACAL subscribiron o acordo de programa de colaboración titulado "***Innovación en cultivos de interese para utilización como materias primas en bebidas***", cuxo obxecto é o desenvolvemento de actividades conxuntas de investigación, innovación e transferencia de coñecementos en relación a melloras nas técnicas agronómicas de produción e protección sanitaria, de caracterización cualitativa e de sustentabilidade ambiental de cultivos utilizados como materias primas en bebidas (elaboración de cervexas e sidras).

Neste convenio prevíuse un orzamento total de 185.346,23 € dos que 70.000,00 € son aportados por COSECHA DE GALICIA SL e 115.346,23 € por AGACAL.

O 03 de outubro de 2024 AGACAL e COSECHA DE GALICIA SL subscribiron unha adenda ao acordo programa de colaboración polo que se acorda o período de cómputo da vixencia do acordo dende que se faga efectiva a contratación do persoal previsto e a posibilidade de prórroga ata o total cumprimento dos obxectivos e compromisos en virtude do estipulado no Decreto 12/2024 de 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tal e como establece o seu artigo 13 en cumprimento do artigo 21 da Lei 14/2011, de 01 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Este orzamento previsto no convenio financia a contratación de dous (2) investigadores en formación durante un período de 24 meses. Unha das persoas investigadoras desenvolverá o seu labor na área de protección de cultivos, caracterización cualitativa e técnicas de produción agronómica nos cultivos de lúpulo e mazá de sidra, e a segunda persoa investigadora desenvolverá o seu labor na área de técnicas de produción agronómica e caracterización cualitativa de novas variedades de cereais e avaliación de novos cultivos para a elaboración de cervexa.

As actividades previstas no marco deste convenio son:

CULTIVO DO LÚPULO

- Produción ecolóxica: Desenvolvemento das mellores prácticas de aplicación de produtos anti-pulgón autorizados polo CRAEGA (nº produtos ≥ 3), determinando o momento óptimo de aplicación.
- Redución do uso de fitosanitarios - Manexo integrado do cultivo: Estudo do comportamento de técnicas de loita biolóxica contra o pulgón.
- Economía do uso da auga: Instalación dun sistema de sensorización e control da rega do lúpulo para optimizar o uso da auga.
- Redución de residuos no cultivo: Realización ensaios (nº ensaios ≥ 2) para avaliar o comportamento de guías (fíos) biodegradábeis e as posibilidades de compostaxe deste material.
- Control de adventicias.
- Calidade do produto: Desenvolvemento e aplicación dun método cromatográfico para a determinación da calidade dos conos do lúpulo.
- Determinación do momento óptimo de colleita: Control da humidade dos conos na fase da maduración e determinación do momento óptimo da colleita.

PRODUCCIÓN E CALIDADE ORGANOLÉPTICA DE VARIEDADES LOCAIS DE MAZÁ DE SIDRA DO BANCO DE XERMOPLASMA DO CIAM

- Novas variedades rexistradas: Completar o rexistro de accesións de mazá de sidra do banco de xermoplasma do CIAM como variedades de conservación (Marafonsa, Ollo mouro, Príncipe/Ollo branco e Rabiosa de Callobre).



- Completar a caracterización agronómica e organoléptica das anteditas variedades.
- Realización de campos de ensaio con novos patróns (particularmente GENEVA) e obtención de plantóns
- Transferir material vexetal a viveiros oficialmente recoñecidos.

CEREAIS E NOVOS CULTIVOS PARA ELABORACIÓN DE CERVEXA

- Novas variedades de cebada cervexeira: Avaliar o comportamento agronómico de variedades de cebada cervexeira ($n \geq 5$) en zonas do interior de Galicia.
- Fertilización nitroxenada: Determinar o nivel óptimo de fertilización nitroxenada para estas variedades desde o punto de vista da produtividade e a calidade cervexeira do grao (n° ensaios ≥ 2).
- Novos cereais para a elaboración de cervexa (1): Avaliar o comportamento de variedades locais de centeo e de trigo do banco de xermoplasma do CIAM (n° accesións ≥ 5) en canto a rendemento e calidade para elaboración de cervexa.
- Novos cereais para a elaboración de cervexa (2): Avaliar o comportamento de variedades comerciais de sorgo-grao (n° variedades ≥ 3) en canto a rendemento e calidade para elaboración de cervexa sen glute.
- Novos cultivos para a elaboración de cervexa:
 - o Avaliar o comportamento de variedades comerciais de *Fagopyrum esculentum* (alforfón ou trigo sarraceno, n° variedades ≥ 3) en canto a adaptabilidade, rendemento de grao e calidade para elaboración de cervexa sen glute.
 - o Avaliación de variedades amargas do chícharo bravo para elaboración de cervexa

Durante a anualidade 2024 preparouse toda a documentación necesaria para a obtención dos informes preceptivos e o establecemento das bases que rexiron o proceso de selección para a provisión, mediante a contratación baixo a modalidade contractual de actividades científico técnicas, de dous investigadores pre-doutorais ao amparo deste convenio.

O 05 de maio de 2025 no DOG número 84 publicouse o Anuncio do 25 de abril de 2025 polo que se convocan as bases do proceso de selección para a provisión, mediante a contratación baixo a modalidade contractual de actividades científico-técnicas, de dous postos de investigadores predoutorais que deu lugar á contratación de dúas persoas para os seguintes postos ofertados:

- Posto 1: persoal investigador predoutoral en formación na área de protección de cultivos, caracterización cualitativa e técnicas de produción agronómica nos cultivos de lúpulo e mazá de sidra.
- Posto 2: persoal investigador predoutoral en formación na área de técnicas de produción agronómica e caracterización cualitativa de novas variedades de cereais e avaliación de novos cultivos para a elaboración de cervexa.



Sesión-reunión de seguemento SCIAGA-AGACAL-Cosecha de Galicia SL

Investigación agropecuaria

Centro de investigacións agrarias de Mabegondo

Correspóndelle a este centro o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandaría e os aproveitamentos do medio natural, desde os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono.

Correspóndenlle tamén a esta unidade a coordinación e a dirección das seguintes unidades integradas orgánica e funcionalmente na Axencia:

- a) O Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A Estación Experimental de Gandaría de Montaña de Marco da Curra.
- c) A Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón.
- d) A Estación Experimental Agrícola de Baixo Miño.

Respecto do Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios, no ano 2023 construíuse a primeira fase dun novo edificio para albergar a colección de sementes vexetais. O investimento realizado foi de 2.584.824,75 euros para a execución do módulo de conservación dotado de seis cámaras, o módulo de investigación e o dedicado ao persoal (vestiarios, recepción material, salas de maquinaria, etc).

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo participou nun total de 54 proxectos de I+D+i durante o ano 2025 e captou recursos para financiar 14 contratos de persoal ligado á I+D+i agraria. A financiación dos custos asociados á execución destes proxectos e contratacións supuxo un investimento de 1.497.819,01 euros durante a anualidade 2025, un 12 % máis que no ano 2024. A tipoloxía de proxectos foi a seguinte:

- 4 proxectos con financiación europea:
 - Climate Neutral Farms (H2020), Life Carbon Farms (Programa LIFE20 CCM/FR/001663),
 - CLIENFARMS (H2020-LC-GD-2020-4, Propuesta 101036822) e
 - NUTRITIVE (HORIZON EUROPA HORIZON-CL6-2023-ZEROPOLLUTION-02, Propuesta 101135400-1).
 - AGRIFOODTEF (DIGITAL-2022-CLOUD-AI-02 - 101100622)

Entre os 4 suman unha asignación para o ano 2025 por importe de 369.758,67 €

PROXECTOS EUROPEOS

Proxecto	Título	Data inicio	Data fin	Orzamento total	Orzamento 2025
Clienfarms	Climate Neutral Farms	01/01/22	31/12/25	272.181,25 €	65.893,26 €
LIFE20 CCM/FR/001663	LIFE CARBON FARMING: Desenvolvemento e implementación dun mecanismo de financiamento baseado en resultados para a agricultura de carbono nos sistemas gandeiros de cultivos mixtos da UE	01/10/2021	01/10/2027	75.103,00 €	18.076,19 €
Nutritive	Innovative decision-making tool for defining the most suitable manure management strategies to achieve a sustainable livestock farming system during the whole value chain	05/2024	31/12/27	197.500,00 €	88.750,00 €
AgrifoodTEF	Test and Experiment Facilities for the Agri-Food Domain	01/01/2024	31/12/2027	888.100,00 €	197.039,22 €
TOTAL				1.432.884,25 €	369.758,67 €



- 4 proxectos de convocatorias nacionais:
 - Proxecto de xeración de coñecemento PID2022 titulado Evolución e comportamento de praguicidas e dos seus produtos de transformación en presenza de emendas orgánicas no cultivo de millo forraxeiro en Galicia (PHYTOCORN) cun importe de 8.184,00 € na anualidade 2025.
 - Grupo operativo supraautonómico BIO4TRACE, titulado Biotechnology for Traceability and Genetic Selection in Spanish Minority Breeds, cunha financiación de 14.500,00 € na anualidade 2025.
 - Proxecto do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) titulado Programa Avaliación agronómica e da calidade tecnolóxica, cunha financiación de 17.015,95 € na anualidade 2025.
 - Proxecto de xeración de coñecemento PID2024 titulado Estratexias sostibles para producir carne de vaca de desvelle con calidade diferenciada mediante protocolos innovadores de maduración en seco de precisión.

PROXECTOS DE CONVOCATORIAS NACIONAIS

Proxecto	Título	Data inicio	Data fin	Orzamento total	Orzamento 2025
Proxecto Generación de coñecemento PID2022 PHYTOCORN	Evolución e comportamento de praguicidas e dos seus produtos de transformación en presenza de emendas orgánicas no cultivo de millo forraxeiro en Galicia (PHYTOCORN)	01/01/2023	31/12/2026	116.250,00 €	8.184,00 €
Grupo Operativo Supraautonómico BIO4TRACE	BIO4TRACE. Biotechnology for Traceability and Genetic Selection in Spanish Minority Breeds	01/05/2024	01/05/2027	20.000,00 €	14.500,00 €
Mapa	Programa Avaliación agronómica e da calidade tecnolóxica	01/01/2025	31/12/2025	17.015,95 €	17.015,95 €
Proxecto de Generación de coñecemento PID2024	Estratexias sostibles para producir carne de vaca de desvelle con calidade diferenciada mediante protocolos innovadores de maduración en seco de precisión	01/09/2024	01/09/2028	156.250,00 €	0,00 €
TOTAL				309.515,95 €	39.699,95 €

- 8 proxectos correspondentes á convocatoria autonómica de proxectos de grupos operativos 2023 con período de execución entre 2023 e 2026, ambos incluídos:
 - Sinergias Sostibles Resiforest SLU -> proxecto GO Feader 2023/011B, Biochar Emissions-Valorización de biomasa forestal en biochar para reducir emisións no sector agrogandeiro. O CIAM ten asignado para a anualidade



2025 7.803,83 € dun montante total de 33.589,09 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.

- Misión Biolóxica de Galicia -> proxecto GO Feader 2023/038B, Recuperación e valorización de aves negras autóctonas galegas. Prevese a subcontratación do CIAM de xeito que ten asignado para a anualidade 2025 2.000,00 € dun montante total de 4.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Portomuiños -> proxecto GO Feader 2023/040B, BIO_MARTERRA-Efecto da aplicación de bioestimulantes elaborados con algas a estreses abióticos e bióticos en variedades autóctonas de horta, pataca e viña. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 8.000,00 € dun montante total de 18.300,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Beealia -> proxecto GO Feader 2023/042B, Grass2Beef-Alternativas innovadoras para unha carne de vacún máis sostible. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 15.083,47 € dun montante total de 57.860,44 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Fundación Juana de Vega -> GO Feader 2023/045B, Multiplicación de olivo autóctono a gran escala (estaquillado e in vitro). O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 1.000,00 € dun montante total de 3.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- AGACA -> GO FEADER/050B, GO OLIGALICIA, Grupo operativo do olivar en Galicia. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 3.000,00 € dun montante total de 6.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Airas Moniz -> GO Feader 2023/052B, Grupo operativo-Modelo de negocio cooperativos sobre os obxectivos de biodiversidade e agrosiliencia. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 10.500,00 € dun montante total de 30.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Talleres Carruxo -> GO Feader 2023/053B, Purinpreciso-Sistema intelixente de control e documentación dixital de equipos de aplicación de puríns para a optimización do seu uso como fertilizantes. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 9.065,29 € dun montante total de 21.395,87 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.

O importe correspondente á participación do CIAM na anualidade 2025 no conxunto dos oito proxectos é de 56.452,59 €.

- 5 proxectos correspondentes á convocatoria de proxectos de grupos operativos 2024, con período de execución entre 2024 e 2026, ambos inclusive.
 - Kiwi Atlántico -> GO Feader 2024/006B, Grupo operativo KIWI-SENS, Sistema integral de monitorización de cultivo mediante o uso de tecnoloxías IoT. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 2.000,00 € dun montante total de 3.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.



- Casa Barbeiro -> GO Feader 2024/022B, Grupo operativo plataforma IA para produción de leite á carta mais nutritiva, sostible e adaptada. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 7.700,00 € dun montante total de 14.700,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- Fundación Juana de Vega -> GO Feader 2024/024B, Grupo operativo Rede Modelo, Rede galega de granxas modelo. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 2.000,00 € dun montante total de 4.000,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- LIGAL -> GO Feader 2024/034B, Grupo operativo TEC-MET, Tecnoloxías para redución das emisións de metano entérico en granxas de vacún. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 21.500,00 € dun montante total de 37.900,00 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.
- ADR Ódega -> GO Feader 2024/046B, Grupo operativo Maíz grano para alimentación humana e animal. O CIAM ten asignado para a anualidade 2025 11.999,99 € dun montante total de 23.998,98 € que lle foi asignado para a totalidade do proxecto.

O importe correspondente á participación do CIAM na anualidade 2025 no conxunto dos cinco proxectos é de 45.199,99 €.

PROXECTOS DE GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS-FEADER

Proxecto	Título	Conv	Data inicio	Data fin	Orzamento Total	Orzamento 2025
FEADER 2023/011B	Ecochar-Valorización de biomasa forestal como Biochar para a redución de emisións e captura de carbono no sector agrogandeiro	2023	01/01/2024	30/09/2026	33.589,09 €	7.803,83 €
FEADER 2023/038B	Recuperación e valorización de aveas negras autóctonas galegas	2023	01/01/2024	30/09/2026	4.000,00 €	2.000,00 €
FEADER 2023/040B	BIO_MARTERRA.Efecto da aplicación de bioestimulantes elaborados con algas a estreses abióticos e bióticos en variedades autóctonas de horta, pataca e viña	2023	01/01/2024	30/09/2026	18.300,00 €	8.000,00 €
FEADER 2023/042B	Grass2Beef - Alternativas innovadoras para unha carne de vacún máis sostible	2023	01/01/2024	30/09/2026	57.860,44 €	15.083,47 €
FEADER 2023/045B	Multiplicación de olivo autóctono a gran escala (Estaquillado e In vitro)	2023	01/01/2024	30/09/2026	3.000,00 €	1.000,00 €
FEADER 2023/050B	Grupo operativo do olivar en Galicia-OLIGALICIA	2023	01/01/2024	30/09/2026	6.000,00 €	3.000,00 €
FEADER 2023/052B	Modelos de negocio cooperativos sobre os obxetivos de biodiversidad e agrosiliencia	2023	01/01/2024	30/09/2026	30.000,00 €	10.500,00 €



FEADER 2023/053B	Purinpreciso-Sistema intelixente de control e documentación dixital de equipos de aplicación de puríns para a optimización do seu uso como fertilizantes	2023	01/01/2024	30/09/2026	21.395,87 €	9.065,29 €
FEADER 2024/006B	Kiwi-Sens-Sistema integral de monitorización de cultivo mediante o uso de tecnoloxías IOT de baixo custo e intelixencia artificial para mellora da xestión e optimización do kiwi en Galicia	2024	01/01/2025	31/10/2026	3.000,00 €	2.000,00 €
FEADER 2024/022B	Tools4Milk- Plataforma dixital con capa de IA baixo o modelo Leanfarming para dar soporte ao gandeiro para producir leite "á carta" máis nutritiva, sostible e adaptada ás demandas do mercado	2024	01/01/2025	31/10/2026	14.700,00 €	7.700,00 €
FEADER 2024/024B	Rede Galega de Granxas Modelo (Rede Modelo)	2024	01/01/2025	31/10/2026	4.000,00 €	2.000,00 €
FEADER 2024/034B	GO-TecMet: Tecnoloxías para a redución das emisións de metano entérico nas granxas de vacún	2024	01/01/2025	31/10/2026	37.900,00 €	21.500,00 €
FEADER 2024/046B	Maíz grano para alimentación humana e animal	2024	01/01/2025	31/10/2026	23.998,98 €	11.999,99 €
TOTAL					257.744,38 €	101.652,58 €

- 25 proxectos do Plan de Conservación de Recursos Xenéticos Agrarios:
 - 10 correspondentes á convocatoria 2023 cun orzamento para a anualidade 2025 de 108.321,26 €
 - 15 corresponden á convocatoria 2025 cun orzamento para a anualidade 2025 de 91.433,09 €

ACCÍONS DO PLAN DE CONSERVACIÓN DOS RECURSOS XENÉTICOS AGRARIOS, CONVOCATORIAS 2023 e 2025

Proxecto	Título	Conv.	Data inicio	Data fin	Orzamento Total	Orzamento 2025
RA2023/1/1	Multiplicación e conservación de variedades locais (Zea mays L.) conservadas no Banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)	2023	01/06/2023	30/06/2025	91.670,53 €	10.335,28 €
RA2023/1/2	Creación dun banco de xermoplasma de nogueira para froito e valorización das coleccións de castiñeiro para froito e mazá do Banco de xermoplasma do CIAM-AGACAL	2023	01/06/2023	30/06/2025	80.000,00 €	25.000,00 €



RA2023/1/3	Multiplicación das variedades de trigo, ecotipo de centeo e avea	2023	01/06/2023	30/06/2025	37.417,00 €	7.879,00 €
RA2023/1/4	Obtención de novas liñas semienanas de trigo autóctono mediante emprego de marcadores xenéticos moleculares	2023	01/06/2023	30/06/2025	150.367,80 €	34.366,00 €
RA2023/1/5	Banco de xermoplasma de variedades de oliveiras galegas	2023	01/06/2023	15/12/2024	39.500,00 €	
RA2023/1/6	Conservación e caracterización da raza Cabra Galega a través dun rebaño in situ na Finca de Marco da Curra	2023	01/06/2023	30/06/2025	95.984,97 €	5.512,20 €
RA2023/1/7	Recuperación, multiplicación e divulgación do material xenético das variedades locais de cebola de Galicia conservadas no Banco de xermoplasma do CIAM. Avaliación morfolóxica e bioquímica da cebola de Outes	2023	01/06/2023	15/12/2024	14.936,80 €	
RA2023/1/8	Conservación e multiplicación do Banco de xermoplasma de especies pratenses co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo	2023	01/06/2023	15/12/2024	20.695,06 €	
RA2023/1/9	Estudos moleculares con SSRs de variedades de trigo autóctono	2023	01/06/2023	30/06/2025	27.575,00 €	8.850,00 €
RA2023/1/11	Establecemento dun núcleo estable de poboación de gando vacún de raza Rubia Galega con animais especialmente seleccionados polas súas cualidades maternais	2023	01/06/2023	30/06/2025	257.878,07 €	16.378,78 €
RA2025/03	Mantemento e conservación dos Recursos Fitoxenéticos de Banco de Xermoplasma do millo autóctono do CIAM. Avance na selección do sintético de millo forraxeiro que permitan ofertar híbridos de millo para uso na alimentación animal	2025	09/12/25	31/10/27	48.204,80 €	6.600,00 €
RA2025/04	Estudos xenéticos mediante secuenciación masiva en variedades de Banco de Xermoplasma do CIAM(hortícolas e cereais de millo)	2025	09/12/25	31/10/27	75.000,00 €	17.150,00 €
RA2025/06	Caracterización morfolóxica, agronómica e renovación do material xenético da xudía(Phaseolus vulgaris,L.)conservado no CIAM, e mellora da situación sanitaria da faba da variedade Galaica. Obtención de semente saneada	2025	09/12/25	31/10/27	29.760,94 €	3.000,00 €
RA2025/07	Conservación dos recursos pratenses de interese agrario:enfoque nas leguminosas e caracterización do liño galego	2025	09/12/25	31/10/27	54.847,00 €	5.585,00 €
RA2025/09	Mantemento e ampliación do banco de xermoplasma do CIAM-AGACAL	2025	09/12/25	31/10/27	62.244,96 €	6.000,00 €



RA2025/10	Resposta da faba de Lourenzá a diferentes controis fitosanitarios en fungos fitopatóxenos	2025	09/12/25	31/10/27	39.291,60 €	4.821,35 €
RA2025/11	Estudos moleculares en oliveiras empregando secuenciación de última xeración	2025	09/12/25	31/10/27	75.000,00 €	18.800,00 €
RA2025/12	Conservación e valorización de recursos xenéticos autóctonos en prados de montaña de Galicia para a calidade diferenciada e a sustentabilidade ambiental	2025	09/12/25	31/10/27	34.270,56 €	4.700,74 €
RA2025/13	Avaliación da potencialidade e diferentes razas de vacún presentes nas explotacións leiteiras galegas para a transformación da súa produción cumprindo cos pregos de condicións das Denominacións de Orixe Protexidas de queixos galegos	2025	09/12/25	31/10/27	61.936,77 €	1.980,00 €
RA2025/14	Consolidación do núcleo de vacún de raza Rubia Galega especialmente seleccionado polas súas cualidades maternais no CIAM e posta a disposición de reprodutores e material xerminal desta liña de selección xenética en ganderías galegas de vacún de carne	2025	09/12/25	31/10/27	59.980,00 €	1.800,00 €
RA2025/15	Colección de oliveiras de Pobra de Brollón	2025	09/12/25	31/11/26	15.405,00 €	6.162,00 €
RA2025/16	Estudos de caracterización mediante descritores morfolóxicos, fisiolóxicos, citolóxicos, químicos, bioquímicos, agrícolas e/ou económicos	2025	09/12/25	31/10/27	29.792,00 €	4.650,00 €
RA2025/17	Operacións encamiñadas a garantir a conservación <i>in situ</i> e <i>ex situ</i> das accesións dos recursos existentes nos bancos de xermoplasma	2025	09/12/25	31/10/27	35.474,00 €	4.050,00 €
RA2025/18	Mellora Xenética: Mellora do material xenético mediante retrocruzamento	2025	09/12/25	31/10/27	58.757,00 €	4.620,00 €
RA2025/19	Análise organoléptica, de palatabilidade e durabilidade co emprego de fariña de variedades de trigo autóctono na Rosca de Sober para o seu posible rexistro no sistema de calidade diferenciada Artesanía Alimentaria	2025	09/12/25	31/11/26	56.399,00 €	1.514,00 €
TOTAL					1.552.388,86 €	199.754,35 €

A isto hai que sumar 579.605,00 € de capítulo I concedido ao CIAM para a contratación de persoal técnico e auxiliar no marco destes proxectos, que



sumados aos 1.552.388,86 € dan un **montante global de 2.131.993,86 € para o período 2025-2027**

- 8 proxectos de Accións de Cooperación para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria, asignado para a anualidade **2025 un total de 335.297,73 €** dun montante total de **1.332.521,05 €** que lle foi asignado para o conxunto dos proxectos autorizados.

ACCIONES DE COOPERACIÓN-SXFIIA

Proxecto	Título	Data inicio	Data fin	Orzamento total	Orzamento 2025
AC2025C-01	FA2T-Técnicas avanzadas de análise dos alimentos forraxeiros para un manexo de precisión do gando vacún leiteiro	14/04/2025	30/11/27	244.058,00 €	104.061,50 €
AC2025C-02	Caracterización dos xurros de porcino en Galicia segundo a modalidade produtiva. Incorporación ás aplicacións RAX de recomendación de abonado con xurros	14/04/2025	30/11/26	74.248,00 €	18.335,00 €
AC2025C-03	Estudo de abrochos e apoio ao diagnóstico de BVD no marco do desenvolvemento dos programas sanitarios de ADSG de Galicia	14/04/2025	30/11/27	151.351,02 €	37.322,12 €
AC2025C-04	Estudo descritivo da evolución e influencia da EHE e da LA nos parámetros produtivos e reprodutivos de dúas granxas cun brote combinado de Enfermidade Hemorráxica Epizootica e Lingua Azul	14/04/2025	30/11/27	143.726,10 €	34.560,36 €
AC2025C-05	Monitoreo de explotacións bovinas con problemas de diarreas neonatais e de resistencias a antibióticos de importancia crítica segundo a OMS	14/04/2025	30/11/27	205.426,67 €	59.080,00 €
AC2025C-06	Situación actual das helmintoses dos pequenos ruminantes en Galicia. Novas estratexias de tratamento selectivo	14/04/2025	30/11/27	140.643,75 €	43.178,75 €
AC2025C-07	Revalorización da codia de eucalipto como substrato de cultivo para a substitución da turba	14/04/2025	30/11/27	136.443,62 €	21.581,40 €
AC2025C-08	Avaliación xenética de sementais cárnicos especificamente destinados ao cruzamento industrial en vacún de leite-CROSFRIISON-	14/04/2025	30/11/2027	236.623,89 €	17.178,60 €
TOTAL				1.332.521,05 €	335.297,73 €

Ademáis, captáronse contratacións no marco de diversas convocatorias autonómicas e nacionais que permitiu ter contratados ata 2 técnicos investigadores durante a anualidade 2025:

OUTRAS CONVOCATORIAS

Proxecto	Título	Data inicio	Data fin	Orzamento total	Orzamento 2025
PID2022-139874-C22	Ayudas Predoc	01/06/2024	31/05/2028		47.239,32 €
PTA2022-021440-	Persoal Técnico de Apoio 2022	01/01/2024	31/12/2026		51.266,85 €

Pódese resumir a actividade ligada a proxectos en execución e contratacións durante a anualidade 2025 no seguinte cadro resumo:

RESUMO PROXECTOS E CONTRATACIÓNS EXECUTADAS NA ANUALIDADE 2025

TIPOLOXÍA PROXECTO INVESTIGACIÓN	NÚMERO	ORZAMENTO 2025 (€)
Proxectos europeos	4	369.758,67 €
Proxectos de convocatorias estatais	4	39.699,95 €
Proxectos Piloto e Grupos operativos FEADER	13	101.652,58 €
Recursos Fitoxenéticos FEADER	25	199.754,35 €
Personal Técnico de Apoio	1	51.266,85 €
Accións de Cooperación 2025	8	335.297,73 €
Ayudas PREDOC	1	47.239,32 €
TOTAL	56	1.144.669,45 €

Investigación forestal

Centro de investigación forestal de Lourizán

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

Tal e como establece o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, o Centro de Investigación Forestal

de Lourizán exerce as funcións que lle son encomendadas en materia de investigación, innovación e transferencia forestal. Entre elas se atopan:

- A mellora da produtividade e multifuncionalidade dos espazos forestais.
- O incremento da calidade dos bens, servizos e produtos forestais.
- A promoción da sustentabilidade dos ecosistemas forestais fronte ás perturbacións na xestión dos recursos forestais.
- A conservación, mellora e selección dos recursos xenéticos forestais.

Este centro coordina e dirixe o Banco de Recursos Fitoxenéticos das Especies Forestais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dende o 01 de xaneiro de 2025 o Centro de Investigación Forestal de Lourizán desenvolve as súas actividades de investigación baixo axestión da Xera.

Ainda así, os proxectos de Recursos forestais aprobados na convocatoria 2023 se xestionaron ata a súa finalización na anualidade 2025 por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e que corresponden aos especificados no seguinte cadro:

N.º Expediente	Título da acción	Solicitante	Orzamento total aprobado
RF/2023/1/1	Caracterización da Poboación de Mellora para madeira e Desenvolvemento de novas variedades clonais para madeira e portaenxertos de castiñeiro	CIF Lourizán	142.700,19
RF/2023/1/2	Recursos xenéticos en proxectos de investigación de introdución de especies de interese potencial para Galicia	CIF Lourizán	14.157,02
RF/2023/1/3	Mantemento, tratamentos e toma de datos para a súa análise nas 4 parcelas que conforman os campos de plantas nai de carballo.	CIF Lourizán	75.542,48
RF/2023/1/4	Mellora por selección en poboacións galegas para material forestal de carballo	CIF Lourizán	34.832,98
RF/2023/1/5	Conservación e caracterización das árbores seleccionada de Prunus avium para madeira e rexistro de novos clons	CIF Lourizán	46.544,11
RF/2023/1/6	Conservación, mantemento e propagación vexetativa de varias coleccións de xermoplasma de coníferas alóctonas de interese forestal para Galicia.	CIF Lourizán	34.137,70
RF/2023/1/7	Avances en el programa de mejora de P. radiata	CIF Lourizán	48.501,52
RF/2023/1/8	Avances no programa de mellora xenética de P. pinaster	CIF Lourizán	112.319,93
RF/2023/1/9	Caracterización molecular das coleccións de xermoplasma do CIF Lourizán e de variedades tradicionais en soutos de castiñeiro. Xenotipado masivo empregando equipos Next generation sequencing (NGS)	CIF Lourizán	138.553,33



Investigación en materia de viticultura e enoloxía

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) desenvolveu durante a anualidade 2025 catro proxectos de convocatorias nacionais, un grupo operativo de carácter autonómico, catro accións de cooperación e tres actividades de recursos fitoxenéticos, sumando un total de **12 proxectos en execución** cun orzamento total de **386.560,25 €**.

ACTIVIDADES DE RECURSOS FITOXENETICOS (SUBMEDIDA 10.2.2 Y SUBINTERVENCIÓN 65052_02)			
Nº EXPEDIENTE	PLAN DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTIVOS AGRARIOS		ORZAMENTO 2025
RA/2023/1/10	Rexistro, avaliación e comercialización de planta de vide	323.872,36	78.965
RA2025/01	Evaluación de la sensibilidade varietal y caracterización genética de cepas de <i>Phyllosticta ampelícida</i> en viñedos gallegos: Aplicación a la conservación y mejora del germoplasma vitícola	111.509,80	4.618
RA2025/02	Mantenimiento, conservación activa y valorización comercial de material clonal de variedades autóctonas de vid de Galicia	172284.66	13.082

GRUPOS OPERATIVOS								
PROXECTO	IP responsable	TÍTULO	Convocatoria	Data de inicio	Data Fin	Resol concesión	Orzamento Total	Orzamento 2025
FEADER 2023/049B	Emilia Díaz Losada	Agrofotovoltaica para reducción de huella de carbono en viticultura heroica y convencional (feader 2023-049b"	11/07/2023	20/12/2023	11/06/2026	20/12/2023	27.500	10.000

ACCIONES DE COOPERACIÓN								
PROXECTO	IP responsable	TÍTULO	Convocatoria	Data de inicio	Data Fin	Resol concesión	Orzamento Total	Orzamento 2025
ACE2025E-01	Emilia Díaz Losada	Eficacia de productos residuo cero en el control de patógenos en el viñedo gallego	15/01/2025	14/04/2025	30/06/2025	14/04/2025	149218,26	38.319,7
ACE2025E-02	Emilia Díaz Losada	Validación de técnicas de control de patógenos para un viñedo sustentable	15/01/2025	14/04/2025	30/06/2025	14/04/2025	185.518,25	79.719,70
ACE2025E-03	Pilar Blanco Camba	Ferramentas para a elaboración e posta en valor do viño doce tradicional galego	15/01/2025	14/04/2025	30/06/2025	14/04/2025	198.724,58	71.195,00
AC2025E-03	Pilar Blanco Camba	TOSTADO: Ferramentas para a elaboración e posta en valor do viño doce tradicional galego	15/01/2025	16/04/2025	30/06/2027	14/04/2025	198724,58	27.895,00

PROXECTOS INIA /NACIONALES								
PROXECTO	IP responsable	TÍTULO	Convocatoria	Data de inicio	Data Fin	Resol concesión	Orzamento Total	Orzamento 2025
CPP2021-008765	Emilia Díaz Losada	Extractos naturales bioactivos a partir de subproductos agroalimentarios como soluciones verdes para un enfoque "CERO RESIDUOS" en el sector agrícola (GREENVITISV)	27/12/2021	2022	2025	07/10/2022	95.300,00	43.250
RED2022-134361-T	Emilia Díaz Losada	Recursos genéticos para la adaptación de la viticultura a la crisis climática (VITISCLIMADAPT)	13/03/2022	01/06/2023	01/06/2025	28/03/2023	18000	500
PID2023-147360OR-C32	Emilia Díaz Losada	Mejora del equilibrio simbioma-patobioma en la rizosfera para mitigar el estrés por déficit hídrico en la vid	27/12/2023	22/07/2024	22/07/2027	22/07/2024	135700	13.000
PID2024-159893OB-100	Santiago Benito Sáez (UPM)	Biotechnological Innovations in Winemaking: Non-Saccharomyces Yeasts as Climate Change Resilience Tools (BIOTWINECLIM)	12/12/2024	03/09/2025	12/12/2028	28/07/2028	25061.87	6015.85

Transferencia de coñecementos. Servizos centrais.

INTERVENCIÓN 7201 (Formación continua, Transferencia tecnolóxica, Campos de ensaio e demostración, Visitas e Formación de asesores)

Os cambios de criterio impostos, a eliminación sen aviso previo dos remanentes do PDR para o período 2014-2020 asignados a principios de ano 2023 a esta liña e a obriga de poñer en marcha a intervención 7201 baixo criterios PEPAC cando estaba todo preparado para o seu lanzamento baixo criterios PDR, unido ao enorme déficit de persoal asignado a esta unidade, complicou considerablemente a xestión dunha convocatoria durante a anualidade 2024 e condicionou a execución da anualidade 2025. Esta intervención inclúe as subintervencións correspondentes a:

1. formación continua (7101.1),
2. campos de demostración e ensaio (7201.2),
3. transferencia de coñecementos (7201.3),
4. intercambios de curta duración (7201.4) e
5. visitas (7201.5), así como a de
6. formación de asesores (7201.6)

As tres últimas subintervencións mencionadas con imposibilidade de execución ou serias dificultades durante a anualidade 2025 ao persistir a meirande parte dos condicionantes da anualidade 2024. A actividade de transferencia foi desenvolvida principalmente polos centros de investigación AGACAL e polos centros de formación da Axencia de xeito secundario desenvolvéndose en base a xornadas técnicas, actividades demostrativas, campos de ensaios, congresos, xuntanzas, conferencias, etc. de tipo formativo e informativo ao sector agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria.

O impulso principal, motor da formación continua (7201.01) e visitas (7201.5), continuou a ser realizado polo propio órgano xestor a través do departamento de Investigación e Transferencia que continuou facendo un gran esforzo para atender a demanda do sector neste tipo de formación, especialmente na formación habilitante.

A liña de Intercambios de curta duración (7201.4) resultou imposible implementala, ao igual que en anos anteriores, polo déficit de persoal asignado á Area. Igualmente, a liña 7201.5 de visitas a explotacións só foi posible implementala de xeito puntual polo mesmo motivo.

FORMACIÓN CONTINUA (7201.1)

O Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021 polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC) para o período 2023-2027, establece un novo marco xurídico para a política agrícola común (PAC) a fin de mellorar o seu cumprimento de acordo aos obxectivos da Unión. Adica o artigo 6 aos obxectivos específicos da PAC e o artigo 78 ao intercambio de coñecementos e difusión da información.

O artigo 6, no seu apartado 2, indica que ditos obxectivos específicos se complementarán e interconectarán co obxectivo transversal de modernizar a agricultura en zonas rurais fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización das zonas agrícolas e rurais e promovendo a súa adopción polos agricultores, mediante a mellora do acceso á investigación, á innovación e ao intercambio de coñecemento e á formación.

Pola súa banda, o artigo 78 contempla as axudas para o intercambio de coñecementos e a difusión de información, que poden cubrir os custos de determinadas accións pertinentes para promover a innovación, a formación e/o o asesoramento. Neste ámbito defínese a intervención 7201-Formación: «Transferencia de coñecementos e actividades de formación e información», Desta forma contribúese a dar resposta ás necesidades de modernización do sector primario, impulsando o intercambio de coñecementos, a innovación e a dixitalización da agricultura e as zonas rurais, e promovendo a adopción deste enfoque na súa actividade. En concreto, dentro desta intervención, cabe destacar as actividades tipo 3 que se refiren ás Actividades de intercambio e difusión do coñecemento e información.

O coñecemento e a innovación constitúen un obxectivo transversal común aos obxectivos da Unión Europea e da Política agraria común (PAC) para o período 2023-2027, que debe aplicarse de forma horizontal en relación cos outros obxectivos de desenvolvemento rural.

O intercambio de coñecementos e información se enmarca dentro do Sistema de Coñecemento e Innovación en Agricultura (SCIA), AKIS polas súas siglas en inglés (Agricultural Knowledge and Innovation System) e contribúe non só a fortalecelo, senon tamén a acadar un enfoque integrado da modernización, a innovación e o coñecemento.

En relación á RIS3 galega, as iniciativas amparadas por esta intervención forma parte do Obxectivo Estratéxico 4 de desenvolvemento das capacidades para dar resposta aos requirimentos de especialización intelixente rexional e de difusión das posibilidades de desenvolvemento profesional. Dentro dos ámbitos de priorización, a sostibilidade (prioridade 1), a dixitalización (prioridade 2) e o enfoque cara ás persoas (prioridade 3) permiten responder á xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación (Reto 1) e a un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación (reto 3) có apoio nun modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento (reto 2) para a transformación das materias primas agroalimentarias. Toda esta capacidade de transferencia do coñecemento xerado e das innovacións obtidas debe ser vehiculado mediante a transferencia tecnolóxica e as actividades de información aos destinatarios finais dos sistemas de produción agrarios polo que esta subintervención representa, dentro do sistema AKIS e da RIS3, un dos piares básicos para a competitividade do sector agrario galego. Esta iniciativa intégrase polo tanto dentro do programa Completa e Transfire.

O Plan de Formación continua do 2025 convocouse mediante circular FC_1/2025 baixo a subintervención PEPAC 7201 GAL01_Formación.

Para a súa execución se vehicula a través dunha circular (FC_1/2025) que ten por obxecto servir de convocatoria interna para o desenvolvemento do Plan de Formación continua para o agro galego no ano 2025 por impulso directo da propia administración a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria e as súas unidades, podendo contar con outras unidades da Consellería do Medio Rural e entidades colaboradoras.

Así pois, o principal obxectivo deste Plan é Fomentar a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, agroalimentario e silvicultor en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades incidindo, cando sexa preciso, no emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do medio, na mellora na eficiencia dos sistemas agrarios de produción, na calidade, eficiencia e novas tecnoloxías da industria agroalimentaria, na reordenación das producións, na bioeconomía e na aplicación das TIC ao sector.

As actividades de formación son solicitadas e implementadas de diversos xeitos:

- ✓ Xestionadas directamente pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, a través dos seus recursos propios ou en colaboración cos medios propios da Consellería do Medio Rural.
- ✓ Contratos a empresas que inclúan entre as súas capacidades a prestación de servizos.
- ✓ Encomendadas a unha entidade que teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico.
- ✓ Executalas a través de convenios de colaboración con outros entes públicos ou privados.

Dentro do ámbito da xestión directa, os potenciais axentes formadores son:



- ✓ Axencia Galega da Calidade Alimentaria a través das seguintes unidades:
 - Centros de formación e experimentación agraria
 - Centros de investigacións agrarias ou forestal da Consellería de Medio Rural e Estacións Experimentais dependentes.
 - Área de calidade alimentaria:
 - Departamento de Promoción de Calidade Alimentaria.
 - Departamento de Protección da Calidade Diferenciada.
 - Área de formación, Investigación e Innovación Agraria:
 - Departamento de Investigación e Transferencia.
 - Departamento de Formación.
- ✓ Secretaría Xeral Técnica a través da Subdirección xeral de planificación de extensión agraria (presentará o plan formativo proposto polas oficinas rurais)

En función das necesidades formativas da Consellería do Medio Rural e detectadas pola AGACAL é posible habilitar outras unidades para formación específicas, previa valoración do comité de avaliación.

No ámbito da colaboración a través de convenios, son potenciais axentes da intervención:

- ✓ Outras Administracións a través das seguintes unidades:
 - Concellos
 - Deputacións
 - Universidades
- ✓ Entidades privadas a través das seguintes unidades:
 - Consellos reguladores
 - Colexios profesionais
 - Asociacións agrarias
 - Outras organizacións sen ánimo de lucro

O persoal que presta os servizos de formación, deberá cumprir como mínimo co requisito de acreditar un coñecemento ou experiencia laboral na temática referida.

As persoas destinatarias das accións son o persoal do sector primario agrario (agrícola, gandeiro, silvicultor, industria agroalimentaria e sector silvícola de 1ª transformación) **vinculadas profesionalmente ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural galego.**

O conxunto das solicitudes recibidas sumaron un importe total de 630.586,60 €.

Foron aprobadas 166 accións de formación por un importe financiable de 540.021,82 € dos cales 10.605 € executáronse a través dun contrato.

- Orzamento_Xestión directa por parte da administración: 529.416,82 €
- Orzamento_Xestión a través de contratos: 10.605 €

O financiamento das actividades formativas seleccionadas ao abeiro desta convocatoria imputanse ao proxecto contable 2024 00007, aplicación contable 15.A2.422L.640.00 (PEPAC SUBINTERVENCION 7201_01.-FORMACIÓN)

A execución e financiamento das accións aprobadas, instrumentanse como inversión directa, podéndose empregar tamén dentro desta modalidade os sistemas de licitación, encomendas a medio propio ou convenios de colaboración con entidades colaboradoras, en aqueles casos nos que existan razóns de interese público, social ou económico e a concorrencia competitiva resulte improcedente por ser imprescindible para a execución do plan.

Estas actuacións están financiadas polo Feader nun 60 %, pola Xunta de Galicia nun 28 % e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 12 %.

A intensidade do financiamento cando a iniciativa do plan é liderado pola Administración, é do 100%.

TEMÁTICA, TIPOLOXÍA DAS ACIÓNS FORMATIVAS E MODALIDADE DE EXECUCIÓN. ACREDITACIÓN DO PERSOAL COLABORADOR DA DOCENCIA.

1. TEMÁTICA DAS ACCIÓNS HABILITANTES.

1. Benestar animal.

Cursos dirixidos ao persoal de explotacións gandeiras e aos condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos que permita a adquisición da capacidade, os coñecementos e a competencia profesional necesarios para o desempeño da súa actividade profesional no ámbito da protección animal:

- a) capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras (Decreto 60/2007 de 22 de marzo).
- b) capacitación en materia de benestar animal para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos (Decreto 60/2007 de 22 de marzo).

2. Ordenación sectorial de producións gandeiras

Cursos dirixidos ao persoal de explotacións gandeiras que traballa con gando porcino, avícola ou bovino que garanta a adquisición de, entre outros coñecementos, os relacionados co manexo, a sanidade, hixiene e bioseguridade e a xestión ambiental:

- a) Formación para o persoal que traballe con gando porcino (RD 306/2020 de 11 de febreiro).
- b) Formación para o persoal que traballe con gando avícola (RD 637/2021 de 27 de xullo).
- c) Formación para o persoal que traballe con gando bovino (RD 1053/2022, do 27 de decembro).

3. Usuarios profesionais de produtos fitosanitarios

Cursos dirixidos aos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios que garantan a adquisición de coñecementos apropiados para exercer esta actividade, segundo os niveis de capacitación establecidos e as materias especificadas para cada nivel:

- a) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel básico
- b) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel cualificado
- c) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel fumigador
- d) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel piloto aplicador
- e) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel cualificado. (curso ponte)
- f) Aplicador manipulador de produtos fitosanitarios. Nivel cualificado (renovación)

4. Formación relacionada coa clasificación de canais en matadoiros (RD 815/2018, de 6 de xullo)

TEMÁTICA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DO SECTOR PRIMARIO E DO SEU SECTOR DE 1ª TRANSFORMACIÓN

As actividades formativas deberán estar incluídas nalgún dos módulos establecidos nos sectores produtivos prioritarios incluídos nas estratexias de dinamización da Consellería do Medio Rural inclúen

1. Vacún de leite (Inclúe pastos e forraxes e cereais e leguminosas, proteaxinosas e oleaxinosas)
2. Vacún de carne en extensivo (Inclúe pastos e forraxes e cereais e leguminosas, proteaxinosas e oleaxinosas)
3. Ovino/cabrún de carne (Inclúe pastos e forraxes e cereais e leguminosas, proteaxinosas e oleaxinosas)
4. Outros sectores zootécnicos en extensivo
5. Gandaría sen terra
6. Apicultura
7. Cultivos extensivos
8. Cultivos intensivos (horta (incluída a pataca), flor e planta ornamental)
9. Viticultura
10. Fruticultura non de casca (incluídos os pequenos froitos)
11. Fruticultura de casca (castaña e noz)
12. Olivicultura
13. Industria relacionada coa artesanía alimentaria
14. Xestión forestal, aproveitamentos forestais e cultivo de cogumelos

MODALIDADE DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

- Presencial: esta modalidade implica a presenza física do formador fronte aos asistentes á acción formativa.



- Presencial ou telepresencial: esta modalidade implica a presenza física, no caso da formación presencial, ou telemática (webinario), no caso da formación telepresencial, do formador fronte aos asistentes á acción.
- En liña (E-learning): aprendizaxe que se realiza a través de internet empregando un dispositivo electrónico. Esta modalidade implica o emprego dunha plataforma virtual.
- Semipresencial (B-learning): esta modalidade combina a formación en liña coa presencial.
- Formación de curta duración (Microlearning): modalidade de formación que se basea en aprender mediante pequenas leccións dixitais. Empregaranse para conceptos moi específicos en formato vídeo.

As actuacións programanse, dentro do posible, nas franxas horarias máis axeitadas para os destinatarios das accións, facilitando así, a súa participación.


ACCIÓNS APROBADAS

As 166 accións aprobadas representan 3.566 horas formativas. A súa distribución por temáticas pode visualizarse no seguinte cadro:


Habilitante	Temática	Tipología	nº cursos	Sumatorio	Total
Exixibles	Fitosanitarios	Nivel Básico	9	25	50
		Nivel Cualificado	1		
		Curso Ponte	4		
		Renovación cualificado	11		
	Benestar	Explotación	4	23	
		Transporte	4		
		Gando avícola	2		
		Gando bovino	10		
		Gando porcino	3		
		Clasificadores de canais	2	2	
Non exixibles	Agricultura	For/Planta ornamental	1	19	119
		Horta aire libre	1		
		Industria Forestal 1ª transformación	1		
		Outros	9		
		Pastos e forraxes	2		
		Viticultura	5		
	Forestal e medio natural	Cogomelos	11	32	
		Coníferas	3		
		Fronosas caducifolias	4		

		Industria Forestal 1ª transformación	10	51		
		Outros	4			
	Gandaría	Apicultura	23			
		Bovino de carne	1			
		Bovino de leite	26			
		Outros	1			
	Industria agroalimentaria	Apicultura	4			17
		Bovino leite	2			
		Enoloxía	5			
		Industrias cárnicas	1			
		Industrias lácteas	2			
		Outras industrias alcohólicas	1			
		Outras	1			


Gráficamente a distribución de actividades segundo sexan habilitantes ou non se pode visualizar neste gráfico:



Polo seu contido temático os cursos poderían clasificarse gráficamente como segue:




A distribución gráfica das 50 actividades formativas exigibles impartidas en 2025 pódese consultar no seguinte gráfico




A formación non exixible representou 119 actividades formativas.

Pola orientación do ámbito de actuación o gráfico para as actividades non elixibles é o seguinte:




En canto ás unidades que desenvolveron as actividades, a distribución é a que segue:




Como se pode apreciar, o 92,89 % das actividades formativas son impulsadas pola propia Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria a través das unidades que dependen orgánica e funcionalmente dela, e de xeito especial polo Departamento de Investigación e Transferencia cun 31,92 % da formación proposta.

Unidades AGACAL: Distribución xeográfica dos Centros de Investigación (OPIs) e Centros de Formación e Experimentación Agraria.


Centros de Investigación e CFEAs



A distribución por provincias pódese visualizar no seguinte gráfico:



Por concellos o seguinte gráfico representa a distribución da formación continua planificada para a anualidade 2025:



Os cursos aprobados no marco do Plan de Formación Continua para o Agro Galega na anualidade 2025 foron os que seguen:

CÓDIGO	TIPO CURSO	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA-TEMÁTICA	UNIDADE ADMINISTRATIVA	PROVINCIA IMPARTICIÓN	CONCELLO IMPARTICIÓN	ORIENTACIÓN ÁMBITO DE ACTUACIÓN	CONTIDO	NUMERO DE HORAS	TOTAL APROB.
FC2025F115001	Non esixible	CURSO TÉCNICO DE ELABORACIÓN DE MOSTOS E VIÑO	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Industria agroalimentaria	Enoloxía	30	2.687,00 €
FC2025F115002	Non esixible	CURSO TÉCNICO DE ELABORACIÓN DE SIDRA E VINAGRE	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Industria agroalimentaria	Outras industrias alcólicas (bebidas espirituosas/sidra/cervexa)	30	2.687,00 €
FC2025F115003	Non esixible	CURSO TÉCNICO DE PODA EN VERDE E COLLEITA DA VIDE	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Viticultura	20	3.409,00 €
FC2025F115004	Non esixible	CURSO TÉCNICO DE PODA EN VERDE E COLLEITA DE MAZÁ E KIWI	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	36	3.553,00 €
FC2025F115005	Non esixible	DESEÑO E XESTIÓN INTEGRAL DE EXPLOTACIÓNS VITÍCOLAS: INNOVACIÓN, SOSTIBILIDADE E PAISAXISMO	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Viticultura	22	6.396,00 €
FC2025F115006	Non esixible	CURSO DE ENXERTA DE PRIMAVERA - OLLO VELANDO	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	12	2.033,00 €
FC2025F115007	Non esixible	CURSO DE ENXERTA DE VERÁN - OLLO DURMIDO	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	12	2.033,00 €
FC2025F115008	Non esixible	TALLER DE MANEXO DE PEQUENA FERRAMENTA DE TALLER	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	14	2.360,00 €
FC2025F115009	Non esixible	TALLER DE MANTEMENTO E MANEXO DE MAQUINARÍA AGRÍCOLA	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	16	2.830,00 €
FC2025F115010	Non esixible	TALLER DE SOLDADURA DE TERMOFUSIÓN	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	10	1.880,00 €
FC2025F115011	Non esixible	TALLER PRÁCTICO SOBRE O EMPREGO DE MÁQUINAS DE FERRAMENTAS EN CULTIVO ECOLÓXICO.	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Agricultura	Outros	8	1.210,00 €
FC2025F115012	Non esixible	O RECURSO MICOLÓXICO NA SILVICULTURA	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Forestal e/ou medio natural	Cogumelos	20	4.495,00 €
FC2025F115013	Esixible	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	CFEA GUISAMO	A coruña	Bergondo	Aplicador de fitosanitarios	Aplicador de fitosanitarios	27	4.451,00 €
04/11/2025	63ª Reunión científica de la Sociedad Española de Pastos (SEP). Producción animal	www.vacapinta.com	Teresa Moreno	On line	Difusión on line/páxinas web
05/11/2025	"Técnicas de cultivo na viña: especial referencia á poda como máxima expresión dos viños". Retos do sector Vitivinícola. Días 5 e 6 de novembro	FRUGA-Unión de Uniones de Agricultores y Ganaderos-Fundación Estatal para la formación en el empleo	Xosé Antonio Meixide Fernández	Barro (Pontevedra)	Charlas/conferencias impartidas
06/11/2025	XX Encontros gandeiros ADSG Xundevea	ADSG XUNDEVA	Carmen Calvo, Luis Vázquez, Verónica Gómez, Sandra Gegunde	Lalín (Pontevedra)	Asistencia a xornadas
10/11/2025	Asistencia a curso da EGAP "Formación en horta ecolóxica". Días 10 a 12 de novembro	Escola Galega de Administración Pública (EGAP)	Laura Campo Ramírez	Santiago de Compostela	Asistencia a cursos
10/11/2025	Curso de formación sobre la dermatosis nodular contagiosa para España	Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura (FAO)	Verónica Gómez Gómez, Sandra Gegunde	On line	Asistencia a cursos
11/11/2025	Formación sobre o uso do software MeatQtext	HUMECO	Carmen Calvo, Luis Vázquez, Teresa Moreno, Verónica Gómez, Sandra Gegunde, Marta González Warleta	On line	Asistencia a cursos
12/11/2025	Asistencia ao 12th European Conference on Pesticides and Related Organic Micropollutants in the Environment (Pestipoll 2025). Días 12 a 14 de novembro	Universidad de Almería-CSIC	Sergio Sónora, Thierry Dagnac	Almería	Asistencia a congresos
12/11/2025	I Foro de Economía Azul de Galicia	Xunta de Galicia	Antonio Manuel Aguión Fernández	Baiona (Pontevedra)	Asistencia a xornadas



13/11/2025	Charla ao alumnado do ciclo de Gandería. Impacto medioambiental da gandería de vacún. A pegada de carbono das explotacións de vacún de leite: Proxecto CLIENFARMS	EFA Fonteboa	César Resch Zafra	Coristanco (A Coruña)	Charlas/conferencias impartidas
14/11/2025	Xornada sobre Xenética do pastoreo	Sindicato Labrego Galego (SLG) – COAG	César Resch	Ordes (A Coruña)	Asistencia a xornadas
17/11/2025	“Son beneficiosas as plantas de biogás para o sector agrario e medioambiental en Galicia?”. Xornada técnica Valorización do biometano a través da xeración de enerxía	AGACAL	Juan Castro Insua	Ordes (A Coruña)	Charlas/conferencias impartidas
18/11/2025	Xornada técnica: Valorización do biometano a través da xeración de enerxía	AGACAL	Noelia Cascudo Cao	Castro de Rei (Lugo)	Asistencia a xornadas
18/11/2025	“Son beneficiosas as plantas de biogás para o sector agrario e medioambiental en Galicia?”. Xornada técnica Valorización do biometano a través da xeración de enerxía	AGACAL	Juan Castro Insua	Castro de Rei (Lugo)	Charlas/conferencias impartidas
19/11/2025	Asistencia á reunión final do proxecto Climate Neutral Farms	Proxecto Climate Neutral Farms	César Resch	Bruselas (Bélxica)	Reunión científica
19/11/2025	Reunión coordinación proxecto NUTRITIVE	Proxecto NUTRITIVE	Dolores Báez Bernal	On line	Reunión científica
25/11/2025	Conferencia Neurobioloxía vexetal e comunicación multiespecie. Frantisek Baluska	Proxecto Reverdecer fundación María José Jove-CFEA Guísamo	Gabriela Quiroga, Adrián Lestayo	Bergondo (A Coruña)	Asistencia a xornadas
26/11/2025	X Jornada Boehringer ADSG Galicia	Boehringer Ingelheim	Carmen Calvo, Verónica Gómez, Luis Vázquez, Sandra Gegunde	Santiago de Compostela	Asistencia a xornadas
27/11/2025	Jornada "Fertilización con puríns, encalado de pradeiras e utilización das aplicacións REN e RAX"	Asociación de Asesores Rurais de Galicia	Dolores Báez Bernal, M ^º Isabel García Pomar	Lugo	Charlas/conferencias impartidas
27/11/2025	Asistencia a la jornada "Fertilización con puríns, encalado de pradeiras e utilización das aplicacións REN e RAX"	Asociación de Asesores Rurais de Galicia	Noelia Cascudo Cao	Lugo	Asistencia a xornadas
01/12/2025	Asistencia Webinar Remedia+Mitigation and adaptation to climate change through regenerative practices in mediterranean cropping systems	Red Remedia	Dolores Báez Bernal	On line	Asistencia a seminarios
04/12/2025	“Soluciones Tecnológicas de Envasado: Valor y Protección de las Denominaciones de Origen”.	ORIGEN ESPAÑA-ECOEMBES	Thierry Dagnac	Boqueixón (A Coruña)	Asistencia a xornadas
05/12/2025	Lectura da Tese de doutoramento titulada “Gestión y caracterización físico-química de las deyecciones, eficiencia de uso de nutrientes y volatilización de amoníaco en explotaciones de vacuno de leche de Galicia según los sistemas de alimentación”	Universidade da Coruña	Carme Santiago Andión	A Coruña	Teses- Lectura
05/12/2025	Tese de doutoramento de Carme Santiago Andión titulada “Gestión y caracterización físico-química de las deyecciones, eficiencia de uso de nutrientes y volatilización de amoníaco en explotaciones de vacuno de leche de Galicia según los sistemas de alimentación”	Universidade da Coruña	M ^º Dolores Báez Bernal, M ^º Isabel García Pomar	A Coruña	Teses- Dirección



12/12/2025	Xornada da Biodiversidade Agrogandeira	Grupo Naturalista Hábitat	Gabriela Quiroga García	Abegondo (A Coruña)	Asistencia a xornadas
17/12/2025	Reunión de coordinación da acción de cooperación AC2025C-03	Acción de cooperación AC2025C-03	Carmen Calvo Santalla	Lugo	Reunión científica
19/12/2025	Reunión de coordinación da acción de cooperación AC2025C-05	Acción de cooperación AC2025C-05	Verónica Gómez Gómez	Lugo	Reunión científica

DÍA DA VISITA	ORGANISMO SOLICITANTE	Nº DE VISITANTES	NIVEL DE COÑECEMENTOS	PERSONAL DO CIAM QUE INTERVÉN NA VISITA
12/02/2025	CFEA Guísamo	35	FP rama agraria	Juan Valladares, Gabriela Quiroga, Luis Urquijo, Maribel García, Dolores Báez, Xosé Antonio Meixide, Thierry Dagnac, Sergio Sôñora
07/04/2025	Centro de formación de Cruz Roja	28	2º curso de Técnico de laboratorio	Luis Vázquez Sande, Carmen Calvo Santalla, Verónica Gómez Gómez
22/04/2025	CPR Plurilingüe Escola Rosalía de Castro de Vigo (Programa EDUtec EMPRENDE)	16	1º de Bacharelato	Noelia López López, José Calvo Pérez
06/05/2025	IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia	33	Ciclo medio e ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural	Noelia López López
07/05/2025	USC-Campus de Lugo	30	2º de Fitotecnia	Juan Valladares, Dolores Báez, Luis Urquijo
06/06/2025	Universidade da Coruña	50	Medio (Cátedra de Fisiología Vegetal GIBE (Grupo de Investigación en Biología Evolutiva))	Alfredo Taboada Arias, Luis Urquijo Zamora, Juan Valladares Alonso
09/06/2025	Embriovet S.L.	16	Ganaderos con formación técnica de USA	Manuel López Luaces, Luis Vázquez Sande
29/08/2025	Fundación Mª José Jove (Centro de Arte)	2	Acompañamento de artista peruana	Alfredo Taboada Arias, Luis Urquijo Zamora, Xosé Antonio Meixide
07/10/2025	Fundación Juana de Vega	31	Medio. Gandeiros IXP Carne de Cantabria	Teresa Moreno López



11/10/2025	Concello de Rianxo (Ánxela Miguéns García). Curso de Gandeiría extensiva no medio forestal	14	Varios	Santiago Crecente Campo
07/10/2025	Sinerxia S.L.	11	Básicos. Estudos Secundaria	Juan Valladares, Luis Urquijo, Antonio Meixide
09/10/2025	Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA)	10	Traballadores de AGACA e da entidade irlandesa Irish Co-operative Organisation Society (ICOS)	César Resch Zafra

PREMIOS E MENCIONS

Data	Concepto / Título	Entidade/ Organización	Participante	Lugar	Tipo
26/03/2025	Comunicación en congresos: "Development and optimization of different extraction techniques for the determination of multi class pesticides in agricultural soils of maize crops". International Workshop: National Network for Sustainable Sample Preparation. Días 26, 27 e 28 de marzo	Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades- Agencia Estatal de Investigación	Sergio Sónora Otero	Tenerife	National Network for Sustainable Sample Preparation Award
30/09/2025	Tese de doutoramento titulada "Caracterización de novas especies de leguminosas anuais en rotacións con millo forraxeiro aproveitadas mediante ensilado para as explotacións de leite de Galicia"	Universidade de Santiago de Compostela	Juan Valladares Alonso	Lugo	Mención "cum laude"
05/12/2025	Tese de doutoramento titulada "Gestión y caracterización físico-química de las deyecciones, eficiencia de uso de nutrientes y volatilización de amoníaco en explotacións de vacuno de leche de Galicia según los sistemas de alimentación"	Universidade da Coruña	Carme Santiago Andión	A Coruña	Mención "cum laude"

Cadro resumo das actividades de transferencia 2025 desenvolvidas polo CIAM:

OUTRAS ACTIVIDADES 2025	
Publicacións	61
Direccións de teses	2
Tribunais de teses	2
Teses-Lectura	2
Teses-Asistencia a lectura	1
Xornadas técnicas	1



Impacto nos medios: Programas radio/televisión	2
Impacto nos medios. Artigos en prensa	93
Comunicacións en congresos/reunión	16
Pósters en congresos	20
Asistencia a cursos	15
Asistencia a congresos	7
Asistencia a seminarios	3
Asistencia a xornadas	51
Asesoramento científico-técnico	16
Cursos/xornadas organizadas	7
Charlas/conferencias/cursos/seminarios impartidos	49
Visitas técnicas	5
Reunións científicas	29
Difusión on line/páxinas web	22
Estancias formativas	2
Tutorización de alumnos en prácticas	2
Visitas divulgativas	13
Actividade de transferencia	1
Dirección/Tutor Traballo Fin Máster/Grado	2
Premios e mencións	3

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

Dentro das actividades de transferencia e formación desde a EVEGA desenvóléronse 16 actividades para as que foron aprobados un total de 31.421,00 €, ás que hai que engadir os 70.734,08 € consignados para a anualidade 2025 das 8 actividades de campos de demostración aprobadas na convocatoria da anualidade 2024, supoñendo un montante total de 102.155,08 €.

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA

CÓDIGO	TIPO CURSO	NOME DA ACCIÓN FORMATIVA-TEMÁTICA	UNIDADE ADMINISTRATIVA	PROVINCIA IMPARTICIÓN	CONCELLO IMPARTICIÓN	ORIENTACIÓN ÁMBITO DE ACTUACIÓN	CONTIDO	NUMERO DE HORAS	TOTAL APROB.
FC2025F132004	Non esixible	MANEXO DO MATERIAL VEXETAL: ENXERTO, PODA E CONDUCCIÓN. PRÁCTICAS DE ENXERTO E PODA (LEIRO-OURENSE)	EVEGA	Ourense	Leiro	Agricultura	Viticultura	27	3.800,00 €
FC2025F132005	Non esixible	XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS E ENFERMIDADES NO VIÑEDO E O SEU CONTROL	EVEGA	Ourense	Leiro	Agricultura	Viticultura	30	4.882,00 €
FC2025F136022	Non esixible	ELABORACIÓN DE VIÑOS E DERIVADOS	EVEGA	Pontevedra	Ribadumia	Industria agroalimentaria	Enoloxía	40	5.847,00 €
FC2025F136023	Non esixible	MANEXO DO MATERIAL VEXETAL: ENXERTO, PODA E CONDUCCIÓN. PRÁCTICAS DE ENXERTO E PODA (RIBADUMIA)	EVEGA	Pontevedra	Ribadumia	Agricultura	Viticultura	27	3.467,00 €
TOTAL								124	17.996,00 €

N.º	UNIDADE ORGANIZADORA	TÍTULO DA ACCIÓN	N.º EDICIONS	HORAS (TOTAL)	TOTAL ORZAMENTO
TT2025F132005	EVEGA	VITICULTURA Y PESTICIDAS: DIAGNÓSTICO Y ESTRATEGIAS PARA PROTEGER SUELOS Y AGUAS	1	5	3.699,00
TT2025F132006	EVEGA	FLAVESCENCIA DORADA: PREVENCIÓN, DETECCIÓN Y CONTROL	1	5	6.306,00
TT2025F132007	EVEGA	XURUPIA. BEBIDA DE LONGA TRADICIÓN	1	Non consta	1.590,00
TT2025F132008	EVEGA	ALBILLA DO AVIA, VARIEDADE DE VIDE AUTÓCTONA DO RIBEIRO	1	Non consta	1.830,00
TOTAL			4		13.425 €

Nº PROTOCOLO	TIPO DE ACTIVIDADE	TÍTULO DA ACTIVIDADE	UNIDADE SOLICITANTE	AXUDA PROPOSTA PARA APROBACIÓN ANO 2024	AXUDA PROPOSTA PARA APROBACIÓN ANO 2025	AXUDA PROPOSTA PARA APROBACIÓN ANO 2026	TOTAL AXUDA PROPOSTA
CD 2024-32	Campo de ensaio	Control das enfermidades da madeira en viñedo co organismo biolóxico <i>Trichoderma atroviride</i>	EVEGA	5.000,00	0,00	0,00	5.000,00
CD2024-33	Campo de ensaio	Deseño experimental dun novo sistema de condución con catro tipos de poda para a optimización dos tratamentos fitosanitarios, e o estudo comparativo como porta-enxerto da variedade Folla Redonda resistente/tolerante á Armilaria	EVEGA	2.500,00	5.000,00	2.500,00	10.000,00
CD2024-34	Campo de ensaio	Resposta de variedades autóctonas galegas a produción integrada e ecolóxica do viñedo	EVEGA	2.500,00	5.000,00	2.500,00	10.000,00
CD2024-35	Campo de ensaio	Estudo da variedade "Folla Redonda" como vinífera para elaboración de viño	EVEGA	2.500,00	5.000,00	2.500,00	10.000,00
CD2024-36	Campo de ensaio	Sistemas de condución da vide: incidencia nas características da planta	EVEGA	8.549,24	17.188,10	8.489,50	34.226,84
CD2024-37	Campo de ensaio	Xeometría de plantación en castes autóctonas galegas	EVEGA	7.098,25	14.235,75	7.104,25	28.438,25
CD2024-38	Campo de ensaio	Influencia de diferentes técnicas de produción de planta no desenvolvemento vexetativo-productivo en campo	EVEGA	6.449,50	13.539,50	7.683,50	27.672,50
CD2024-39	Campo de ensaio	Selección clonal: Selección principal de variedades autóctonas. Campaña 2024. Avaliación do comportamento destes clons en relación a diferentes patóxenos fúnxicos e a utilización de diferentes estratexias do seu control	EVEGA	7.598,74	10.770,73	11.040,63	29.410,10
TOTAL				42.195,73	70.734,08	41.817,88	154.747,69



PUBLICACIONES

TÍTULO	AUTOR	REFERENCIA
Assessing the impact of viticulture plant protection products in the pollution of surface and ground waters	V. Fernández-Fernández; M. Ramil; E. Díaz-Losada; M.D. Loureiro-Rodríguez; E. Trigo-Córdoba; M.S. Andrades; J.M. Marín-Benito; M.S. Rodríguez-Cruz; I. Rodríguez	Science of The Total Environment 1009 (2025) 181074
Cultivar-specific effects of physical and biological treatments on grapevine trunk disease control and plant vigour	Esther Abarquero, María del Pilar Martínez Diz, Angela Diaz Fernandez, David Gramaje, Emilia Díaz-Losada	Phytopathologia Mediterranea., 64 (3), 513–526, 2025.
Pesticides in wines from two major production regions in the North of Spain.	Fernández Fernández, V., Ramil Criado, M., Blanco, P., Andrades Rodríguez, M., Rodríguez Pereiro, I	Journal of Food Composition and Analysis, 142, 1–9. https://doi.org/10.1016/j.jfca.2025.107525
Estudo preliminar dos lévedos asociados coa produción do viño tostado	David Castrillo e Pilar Blanco	Agroexpres 10 (2025), 16-19
Sequential Fermentation with Non-Saccharomyces Yeasts Improves the Chemical and Sensory Characteristics of Albariño and Lado Wines.	García-Luque, E.; González, R.; Cao, R.; Soto, E.; Blanco, P.	Fermentation 2025, 11, 73. https://doi.org/10.3390/fermentation11020073
Iberian Peninsula as a model context for the application of emerging non-thermal technologies and microbial biotechnologies used in sustainable wine processing	Antonio Morata, Carlos Escott, Juan Manuel del Fresno, Teresa Arroyo, Begoña Benito, María Antonia Bañuelos, Pilar Blanco, et al.	Critical Reviews in Food Science and Nutrition, DOI: 10.1080/10408398.2025.2515258
Presencia de fungicidas e insecticidas en vinos	Isaac Rodríguez, V. Fernández-Fernández, María Ramil, Pilar Blanco.	SeVi nº 3692. 2025

PRENSA

DATA	TÍTULO	MEDIO
06/11/2025	Medio Rural destaca el papel referente de la estación de viticultura y enología de Galicia para la investigación y mejora del sector	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
07/11/2025	La Estación de Viticultura y Enología de Galicia, un referente en la investigación y mejora del sector	Campo galego
25/10/2025	La Xunta organiza una jornada formativa sobre la recuperación de viñedo afectado por incendios	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
17/04/2025	Medio Rural entrega injertos de vid a los viveros para mejorar la calidad y sanidad de la vid en Galicia	Gabinete comunicación Consellería Medio Rural
	Otros	Web EVEGA
	Otros	Facebook EVEGA

OUTRAS ACTIVIDADES 2025

Teses dirixidas	2
Tribunais de selección	1
Tribunais teses doutorais	1
Tribunal avaliación proxectos alumnos bacharelato (IES Ramón Cabanillas – Cambados)	
Asistencia a xornadas/webinars/seminarios/congresos	14
Asesoramento científico-técnico	76
Charlas/conferencias impartidas	4
Reunións científicas	64
Revisión de manuscritos para revistas científicas	12
Informes/memorias de investigación	7
Prácticas IES/universidad (Número de alumnas/os)	17
Participación en catas	32
Poñentes en Cursos/jornadas	7
Cursos (asistente)	6
Boletíns de avisos fitosanitarios	6



COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS NACIONAIS

TÍTULO	AUTORES	REFERENCIA
La aplicación de residuos orgánicos disminuye la lixiviación de fungicidas en suelos de viñedo	Marwa Douibi, Asier Barrio, Marisol Andrades, M. Dolores Loureiro Rodríguez, Anxo Vázquez Arias, Emilia Díaz Losada, M. Sonia Rodríguez-Cruz, Jesús M. Marín-Benito	I Jornada AGROVALOR Valorización de residuos agro-ganaderos y forestales para la salud del suelo y la economía circular Sevilla, 20-21, mayo 2025
Screening de productos de bajo riesgo para el control del black rot de la vid	Anxo Vázquez-Arias, M. Dolores Loureiro-Rodríguez y Emilia Díaz-Losada	Grupo de Trabajo de Experimentación en Viticultura y Enología. Vilafranca del Penedès, 6 y 7 mayo de 2025
Interacción entre genotipos de vid y productos de control biológico basados en especies de Trichoderma spp	Ester Abarquero, Dolores Loureiro, David Gramaje, Emilia Díaz-Losada	Grupo de Trabajo de Experimentación en Viticultura y Enología. Vilafranca del Penedès, 6 y 7 mayo de 2025
Transferencia de fungicidas en el sistema uva-vino	Victoria Fernández-Fernández, Emiliano Trigo-Córdoba, María José Graña, M. Dolores Loureiro, Isaac Rodríguez, Pilar Blanco	Grupo de Trabajo de Experimentación en Viticultura y Enología. Vilafranca del Penedès, 6 y 7 mayo de 2025

COMUNICACIÓNS EN CONGRESOS INTERNACIONAIS

TÍTULO	AUTORES	REFERENCIA
Yeast diversity during spontaneous fermentation of Tostado wine.	Pilar Blanco, David Castrillo, Emiliano Trigo-Córdoba and Elvira Soto.	Abstract and poster in IOCFE 2025 Conference: The 1st International Online Conference on Fermentation. 12-13 November 2025.

Capacidade analítica

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (LAFIGA)

O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo, nestes aspectos, o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Realiza análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, análises foliares e solos, análises da sanidade vexetal e as de residuos de pesticidas nos eidos agrario e alimentario. O Laboratorio Agrario está acreditado pola norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para as análises de alimentos, bebidas, fertilizantes e solos.

EXECUCIÓN 2025

a) Cambios nas cuestións internas e externas pertinentes ao Laboratorio.



Na sección de Bebidas, ampliouse a oferta analítica para o lúpulo onde agora determínase a composición de alfa-ácidos e beta-ácidos por cromatografía de líquidos. Tamén ampliouse a oferta analítica na sección de Alimentos no que atinxe á composición de ácidos graxos do aceite, penso e bollería-pastalaría. Solicitouse a ampliación do alcance da acreditación no eido da sanidade vexetal para o nematodo do piñeiro.

As análises realizadas nos últimos cinco anos reflíctense na táboa seguinte, onde tamén se comparan os datos de 2025 en relación aos datos do ano anterior:

LAFIGA: ANALÍTICAS REALIZADAS

	Mostras						Determinacións				
	2021	2022	2023	2024	2025	%Δ 2024	2025- 2024	2024	2025	%Δ 2024	2025- 2024
Alimentación Animal	741	690	506	0	0	0,0		0	0	0,0%	
Sanidade vexetal (SV)	14.275	15.146	15.117	15.379	14.169	-7,9		26.014	24.068	-7,5%	
Fertilizantes	514	644	528	675	409	-39,4		3.863	2.262	-41,4%	
Residuos pesticidas	643	541	667	506	438	-13,4		64.262	55.626	-13,4%	
Solos	1.793	1.366	1.663	2.296	1.700	-26,0		52.012	34.763	-33,2%	
Bebidas	1.847	2.065	1.497	1.616	1.591	-1,5		11.059	11.827	6,9%	
Certificados exportación	601	495	344	248	284	14,5		3.874	4.311	11,3%	
Total bebidas	2.448	2.560	1.841	1.864	1.875	0,6		14.933	16.138	8,1%	
Alimentos	234	248	247	304	353	16,1		2.010	2.275	13,2%	
Totais	20.648	21.195	20.569	21.024	18.944	-9,9		163.094	135.132	-17,1%	

Os gráficos seguintes reflicten o número de mostras e o número de determinacións 2025.




(1) Non se inclúen as 14.169 mostras de sanidade vexetal

(2) Non se inclúen as 55.626 determinacións de residuos de pesticidas

A encomenda a TRAGSATEC, das análises para a detección do *Bursaphelenchus xylophilus*, nematodo da madeira do piñeiro, iniciada en abril 2022, renovouse en decembro 2025 con moitas dificultades. O resumo das mostras recibidas en 2025 é o seguinte:

Mostras recibidas	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
Madeira	494	658	419	121	302	310	329	96	336	582	441	452	4.540
Vector	0	0	0	0	9	232	652	221	342	437	42	2	1.937
Total	494	658	419	121	311	542	981	317	678	1019	483	454	6.477



O número de mostras de alimentos e de bebidas non recuperou aínda os niveis anteriores a 2020. É salientable o aumento dos certificados de exportación nun 14,5% e o aumento das mostras de alimentos nun 16,1% con respecto ao 2024. En canto ás mostras agrarias, en todas as seccións houbo incrementos negativos con respecto a 2024.

b) Cumprimento de obxectivos

O cumprimento dos obxectivos é difícil debido á falta de cobertura dos postos vacantes. Por esta razón, fundamentalmente, houbo moitas dificultades para acadar os dous obxectivos principais: a ampliación da oferta analítica e a ampliación do alcance da acreditación.

c) Adecuación das políticas e procedementos

A cobertura das prazas vacantes é especialmente dificultoso o que impacta directamente na capacidade analítica e de prestación de servizos.

En xullo de 2025 solicitouse a ampliación do alcance da acreditación ao nematodo do piñeiro. Estar acreditado en sanidade vexetal é un mandato da Unión Europea, tal e como establece o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, DOCE 07.04.2017.

Os procedementos están en continua mellora, tanto os de ensaio, PE, coma os procedementos xerais, PG; e, o resto dos documentos do sistema de calidade.

Durante 2025 modificáronse varios procedementos de ensaio, PE:

- PELAFIGABE01. Grao alcohólico volumétrico por densimetría electrónica.
Rev. 12 de 30/06/2025. Introducción do densímetro DMA4500 e das follas de toma de datos EBE0105 e EVI1805.
- PELAFIGAVI02. Grao alcohólico por densimetría electrónica.
Rev. 17 de 30/06/2025. Introducción do densímetro DMA4500 e das follas de toma de datos EBE0105 e EVI1805.
- PELAFIGAVI18. Masa volúmica e densidade relativa por densimetría electrónica.
Rev. 10 de 30/06/2025. Introducción do densímetro DMA4500 e das follas de toma de datos EVI1805 e EBE0105
- PELAFIGAVI19. Dióxido de xofre libre y total (sulfitos) por espectrofotometría UV-VIS. Método automático secuencial.
Rev. 6 de 21/11/2024. Sistemática para a caracterización de viños empregados como patrón de referencia.
Rev. 7 de 14/04/2025. Corrección de erros, introducción da decoloración en viños tintos e actualización das ilustracións.
Rev. 8 de 03/06/2025. Nova folla EVI1903 para a subida automática dos resultados ao sistema informático do laboratorio, LIMS.
- PELAFIGAVI31. Dióxido de xofre total (sulfitos) por fluxo continuo segmentado e detección por espectrofotometría UV-VIS.
Rev. 7 de 29/11/2024. Sistemática para a caracterización de viños empregados como patrón de referencia.



- PELAFIGAVI29. Acidez volátil por fluxo continuo segmentado e detección por espectrofotometría UV-VIS
Rev. 7 de 29/11/2024. Sistemática para a caracterización de viños empregados como patrón de referencia.
- PELAFIGAVI30. Azucres reductores por fluxo continuo segmentado e detección por espectrofotometría UV-VIS.
Rev. 7 de 29/11/2024. Sistemática para a caracterización de viños empregados como patrón de referencia.
- PELAFIGAVI20. Ácido acético, ácido D-láctico, ácido L-láctico, ácido L-málico, ácido cítrico por espectrofotometría UV-VIS (método enzimático automatizado).
Rev. 6 de 03/06/2025. Nova folla EVI1903 para a subida automática de resultados ao LIMS.
- PELAFIGAVI22. Glucosa+fructosa por espectrofotometría UV-VIS (método enzimático automatizado).
Rev. 4 de 03/06/2025. Nova folla EVI1903 para a subida automática de resultados ao LIMS.
- PELAFIGAVI21. Ácido tartárico por espectrofotometría UV-VIS (método enzimático automatizado).
Rev. 2 de 03/06/2025. Nova folla EVI1903 para a subida automática de resultados ao LIMS.
- PELAFIGAVI28. Grao alcohólico adquirido por espectroscopía de infrarrojo cercano.
Rev. 6 de 30/06/2025. Introdución do densímetro DMA 4500 e das follas de toma de datos EBE0105 e EVI1805.
- PELAFIGAVI25. Ácidos orgánicos por cromatografía líquida con detector UV-VIS.
Rev. 11 de 11/12/2024. Sistemática na visualización dos cromatogramas.
Rev. 12 de 20/06/2025. Incorporación da folla EVI2505, eliminación do ácido succínico, retirada da metodoloxía HPLC e corrección de erros.
- PELAFIGABE03. Sustancias volátiles por cromatografía de gases con detector de ionización de chama (CG-FID).
Rev. 20 de 11/11/2024. Modifícanse as follas de cálculo EBE0301, EBE0302, EBE0303, EBE0304, EBE0306, EBE0309 e EBE0311. Nova captura de datos polo LIMS.

Solicitude de ampliación do alcance da acreditación:

- PELAFIGASV01. Análise de madeira. Identificación de *Bursaphelenchus xylophilus*, método morfolóxico e confirmación por PCR a tempo real.



d) Temas pendentes de reunións de revisión anteriores do sistema de calidade.

Cualificouse ao novo responsable técnico de Bebidas, un funcionario A1 de novo ingreso, para practicamente todos os procedementos de ensaio, durante 2025.

Noutra orde de cousas, está pendente de publicarse no DOG a actualización dos prezos privados publicados no DOG do 20/07/2022.

e) Resultados das auditorías internas recentes.

O Laboratorio ten definida unha sistemática para a realización de auditorías internas, recollida no capítulo 16 do Manual de Calidade, onde se establece que: as auditorías internas realizaranse cada ano salvo que haxa unha auditoría externa. Non obstante, o Laboratorio conta cunha programación anual de auditorías e revisións do sistema de calidade, onde se recollen diferentes actuacións nas seccións do Laboratorio encamiñadas a revisar os procesos como a cualificación e recualificación do persoal, aspectos relacionados coa retroalimentación dos clientes, a revisión de formatos e procedementos, as calibracións de equipos, a revisión das incertidumes, etc. Se ben estas actuacións non constitúen de seu auditorías como tal, si que desenvolven actividades puntuais da revisión do sistema de calidade.

A programación anual de 2025 estableciu a realización de auditorías internas a diferentes seccións e procedementos. Non obstante, ao programarse a auditoría externa de ENAC, finalmente para decembro de 2025, estas auditorías internas, de acordo co establecido na sistemática mencionada no capítulo 16 do Manual de Calidade, non se realizaron.

Se acontecen repetidamente anos con auditorías externas, podería dar lugar a un incumprimento establecido na norma ao non realizar auditorías internas periódicas.

Na sección de sanidade vexetal, para a que se solicitou a ampliación en xullo de 2025, fíxose unha auditoría interna a través dun cuestionario asociado á mesma o 13/06/2024. Ao tratarse dunha auditoría sobre un método non acreditado, non se xestionou de forma completa de acordo co establecido no sistema de xestión. É dicir, non se abriron rexistros documentados para a xestión das desviacións detectadas. Non obstante, na práctica, foro convenientemente tratadas.

f) Accións correctoras.

Durante 2025 abrironse 26 informes de non conformidade, INC. Todos os INC e o seu tratamento poden considerarse correctos (avaliación das causas, accións correctivas, seguimento, avaliación da eficacia e peche).

g) Avaliacións por parte de organismos externos

Os días 15 e 16 de decembro de 2025 tivemos a última auditoría externa de ENAC, nº 64878, de seguimento LE/609R5S1 e de ampliación LE/609R5A1. Houbo oito desviacións: dúas non conformidades maiores e seis non conformidades menores. O plan de accións correctoras, PAC, enviouse o 02/02/2026. As aclaracións ao PAC solicitadas o 10/02/2026, enviáronse ese mesmo día.

Participación en ensaios interlaboratorio e intercomparativos ano 2025.

Habitualmente o LAFIGA participa en ensaios de intercomparación, EIC, para os ensayos incluídos no alcance e para ensaios que se espera acreditar no futuro. A maior parte dos provedores dos EIC están acreditados de acordo á norma ISO 17043. A aqueles que non están acreditados fícelles unha avaliación cun cuestionario *ad hoc*.

Alimentos:

- Aceite: Junta de Andalucía. JUNAN 04 e 05/2025 GSC. 5 mostras x 2 repeticións
- Bollería repostaría: LGC Standards PT-FC-793 valor nutricional 1 mostra
- Produto cárnico: LGC Standards QMAS MT 349 hidroxiprolina 1 mostra
- Produto cárnico: LGC Standards QMAS MT 730 1 mostra
- Produtos varios: lentellas, fariña de cenoria, polo, penso. Laboratorio Arbitral Agroalimentario, LAA, 4 mostras x 2 repeticións, metais pesados
- Produtos varios: corrector de pensos, torta de colza, penso gatos. BIPEA PTS 32C B mostras elementos traza máis manganeso
- Graxa láctea: LAS GL/2025-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Tona: LAS BUT/2025, 2 mostras x 2 repeticións
- Leite cru: LAS RM-1-2025-GSC, 4 mostras x 2 repeticións. LAS RM-3-2025-GSC, 4 mostras x 2 repeticións
- Leite cru: GSC 3 mostras x 2 repeticións
- Leite de vaca UHT: LAS UHT/2025-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Queixo: PT-CH-37, PT-CH59 y PT-CH-67 LGC Standards, 3 mostras
- Mel: JUNAN 11/2025 2 mostra x 2 repeticións
- Mel: BIPEA, 5 mostras

Bebidas:

- Bebida espirituosa: BIPEA, 10 mostras
- Bebida espirituosa: JUNAN 10/2025-GSC, 2 mostras x 2 repeticións
- Cervexa: LGC Standards, 2 mostras Lager PT-BA-01L, 2 mostras sen alcol PT-BA-07A e 1 mostra Bitter
- Mosto: BIPEA, 4 mostras
- Sidra: BIPEA, 4 mostras
- Vinagre: BIPEA, 6 mostras
- Vinagre: JUNAN 09/2025-GSC, 2 mostras x 2 repeticións
- Viño branco: JUNAN 08/2025 2 mostras x 2 repeticións
- Viño doce: JUNAN 08/2025 2 mostras x 2 repeticións
- Viño branco e viño tinto: LAA, 1 mostra x 2 repeticións para cada un



- Viño: BIPEA, 18 mostras

Fertilizantes:

- Abono orgánico: LAA FERT-1/2025 1 mostra
- Abono inorgánico simple: LAA FERT-1/2025 1 mostra
- Abono inorgánico composto: LAA FERT-1/2025 2 mostras
- Abono orgánico mineral: LAA FERT-1/2025 1 mostra
- Enmenda mineral: LAA FERT-1/2025 1 mostra
- Abono inorgánico composto: BIPEA, 4 mostras
- Abono inorgánico simple: BIPEA, 1 mostra
- Abono inorgánico líquido: BIPEA, 1 mostra
- Abono orgánico: BIPEA, 1 mostra
- Abono orgánico mineral: BIPEA, 1 mostra
- Enmenda mineral: BIPEA, 1 mostra
- Substrato: BIPEA, 3 mostras

Residuos de pesticidas:

- EUPT CF19, 1 mostra de centeo
- EUPT SRM20, 1 mostra fabas
- EUPT FV27, 1 mostra de kiwi
- EUPT FV27 QUAL17, 1 mostra de kiwi
- EUPT PFAS FV SRM, 1 mostra de tomate
- DGIICA-CAGPDS 01-2025 JUNAN, 2 mostras melocotón e pemento
- DGIICA-CAGPDS 02-2025 JUNAN, 2 mostras fertilizante comercial e folla de oliveira

Sanidade vexetal:

- LNR-Xf-PT-2025-5 PROFICIENCY TEST: Xylella fastidiosa 14 mostras x 2 repeticións
- Nematodo do piñeiro: Centro de Sanidad Forestal de Calabazanos, 25 mostras

Solos:

- Foliare: WEPAL, 16 mostras
- Terra: WEPAL, 16 mostras
- Terra: BIPEA, 8 mostras
- Terra: Laboratorio Agroambiental de Aragón, TO-JUL-25 y TE-JUL-25 2 mostras

Calibracións internas:

En 2025, a empresa CALTEX-FEMTO non organizou as esperadas intercomparacións de calibracións de masas, de térmicos nen de material volumétrico. Só publicaron os informes finais das intercomparacións 2024 das calibracións de térmicos e de material volumétrico, nas que participamos.

h) Cambios no volume e tipo de traballo no ámbito das actividades do laboratorio

Desde 2005, o ano con menos mostras foi 2015 con 7.216 mostras. Desde 2015 a tendencia foi ascendente, en xeral:

Ano	Mostras
2016	10.272
2017	12.849
2018	16.328
2019	17.878
2020	18.892
2021	20.648
2022	21.195
2023	20.569
2024	21.024
2025	18.944

Esta tendencia débese, sobre todo, ao aumento das mostras de sanidade vexetal. Se en 2015 foron 1.129 mostras, en 2025 houbo 14.169. Ano tras ano, as mostras dos programas de vixancia dos organismos de corentena foron incrementándose. Desde xullo 2024 só analizamos as mostras oficiais. Os organismos de corentena máis relevantes son: *Tecia solanivora*, *Trysoza eritreae*, *Candidatus liberibacter* (HLB), *Xylella fastidiosa*, *Fusarium circinatum*, diferentes viroses e *Bursaphelenchus xylophilus*. Deste último empezaron as actividades en abril de 2022.

Por seccións, as variacións do número de mostras respecto a 2024 son:

Sección	Variación 2025-2024 en %
Alimentos	16,1
Bebidas	-1,5
Certificados de exportación	14,5
Bebidas total	0,6
Sanidade vexetal	-7,9
Fertilizantes	-39,4
Resíduos pesticidas	-13,4
Solos e análises foliares	-26,0

A variación 2025-2024 no total das mostras é do -9,9%. Con respecto a 2019 e anos anteriores, o número de mostras de bebidas e de certificados de exportación seguen sendo baixos. Por exemplo, viño: de 1.156 mostras en 2019, houbo 705 en 2025; cervexa: de 340 mostras en 2019, houbo 19 en 2025.

i) Retro alimentación dos clientes e do persoal.

A mellora nos procedementos, no control de calidade, formatos e demais documentos do sistema de calidade é continua mediante as revisións propostas polo persoal.

O Laboratorio intenta aproveitar a retroalimentación dos clientes a cotío, por teléfono e por correo-e; e, ao través das enquisas de satisfacción. As oportunidades de mellora da enquisa rexístranse no seu informe. A última enviouse o catro de outubro de 2024.

j) Reclamacións

Os clientes fixeron 14 queixas ou reclamacións en 2025. Todas foron tratadas e resoltas adecuadamente.

k) Eficacia de calquera mellora complementada

Prácticamente todos os resultados das análises nas seccións de Fertilizantes e de Solos, captúranse mediante arquivos de folia de cálculo polo programa informático LIMS desde setembro de 2025. Evítanse erros de transcripción e afórrase tempo.

Tamén melloramos a xestión das recepcións masivas tanto de sanidade vexetal, inicialmente, coma para o resto das seccións.

l) Adecuación dos recursos

Recursos humanos

Temos 16 postos sen cubrir dun total de 37. O cadro de persoal está envellecido. Temos moitas ausencias por enfermidade, acompañamento de menores e maiores ao médico, citas médicas, etc. Trimestralmente revísase que as cualificacións do persoal estean ao día.

Equipamentos

En 2025, adquiríronse varios equipamentos con expedientes de gasto menor:

- un carro de laboratorio, parte Agraria
- unha placa electrónica para o ICP-OES vello, Solos e Fertilizantes
- un equipo de calibracións, Calidade
- un dixestor para as análises foliares, Solos
- un SAI para o medidor de pH e para o medidor de acidez total, Solos
- un paquete de software para reconfigurar a xestión das mostras, Sanidade Vexetal
- un espectrofotómetro, Fertilizantes
- un termobloque, Sanidade Vexetal
- un muíño ultracentrífugo, Fertilizantes
- dúas pipetas automáticas, Sanidade Vexetal
- dous vertedoiros, Fertilizantes
- cinco pc para equipamentos de laboratorio
- software para o HPLC de análise do lúpulo, Bebidas
- un cromatógrafo de gases para a análise de ácidos graxos, Alimentos
- unha bandexa para a estufa, Solos e Fertilizantes
- unha base para a lupa do nematodo, Sanidade Vexetal

m) Resultados da identificación de riscos

Non temos un procedemento escrito para a xestión de riscos. Sen embargo, temos identificados varios.

A falta de persoal é o risco principal. A dirección xeral de Emprego Público non autoriza a contratación de interinos para cubrir os postos que temos vacantes. Por outra banda, se as vacantes son ofertadas en comisión de servizo, non hai solicitudes. A localidade de ubicación

do LAFIGA non é atractiva para os funcionarios. Fóronse catro persoas no concurso de traslados en outubro 2025 e non se cubriron as vacantes. A perda de coñecemento que se da cando cesan as persoas que levan moito tempo traballando e non se produce a transferencia dese coñecemento aos que veñen novos é un risco identificado.

Outro risco é a perda de clientes e de mostras. Os clientes poderían enviar mostras a outros laboratorios se temos demoras na emisión de resultados por falta de persoal ou por avarías nos equipos. En todo caso, aos clientes infórmaselles destas circunstancias. Tamén poderíamos perder clientes pola falta da acreditación nalgúns materiais e ensaios. Perdemos algúns clientes por culpa do procedemento de pagamento a través da web da ATRIGA. Sen embargo o procedemento é moi práctico e sinxelo para a maioría dos clientes e para a xestión dos pagamentos.

Non identificamos ata o de agora riscos referidos á imparcialidade ou á existencia de posibles conflitos de interés.

En canto á confidencialidade, ademais dos compromisos asinados polo persoal, o Laboratorio comprométese a xestionar toda a información do cliente de forma que se asegure a confidencialidade. Este compromiso inclúese en todas as solicitudes de análise. Por outra banda, o persoal propio realiza as auditorías internas e non se contrata a externos para este fin. Contamos tamén cos compromisos de confidencialidade do persoal de limpeza, informática, persoal en prácticas e do persoal que da soporte ao sistema informático, LIMS. O Laboratorio non publica información das actividades realizadas que poidan comprometer a confidencialidade.

En canto aos materiais e ensaios, sería muy desexable acreditar ensaios para analizar auga, cervexa, sidra, residuos de pesticidas, fertilizantes orgánicos e ensaios de sanidade vexetal. En 2025, solicitamos a ampliación para o nematodo do piñeiro na sección de Sanidade Vexetal.

Tense feito un análise de riscos en relación coa non participación en ensaios de intercomparación nas calibracións internas. Sen embargo, no segundo semestre de 2024 encontramos un proveedor de intercomparacións de calibracións internas de volume, temperatura e masa. En decembro de 2024 participamos nas roldas de volume e de temperatura. A rolda das masas non se organizou, finalmente. Os informes recibíronse en 2025. Os resultados das participacións foron satisfactorios. O proveedor non organizou novas roldas en 2025.

n) Resultados da garantía da validez dos resultados

O control de calidade funciona adecuadamente posto que os resultados das análises son bos. Así o demostran os rexistros das participacións nos ensaios de aptitude e de intercomparación, onde temos máis dun 97% de resultados satisfactorios. Rutineiramente, séguense actualizando os rexistros do control de calidade interno e as gráficas para

visualizar erros ou para correxir tendencias. Os rexistros dos resultados dos ensaios de aptitude son usados para calcular a incertidume.

o) Outros factores relevantes, como actividades de seguimento e formación

En relación coa designación para levar a cabo as análises para o control oficial e a autorización para realizar os ensaios do anexo técnico, seguen en vigor:

- A designación pola dirección xeral de AGACAL. Data designación 14/02/2020. Inclúe tamén a autorización para realizar todos os ensaios da carteira de servizos (outras actividades oficiais).
- A designación pola dirección xeral de Políticas para a Soberanía Alimentaria da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno das Illas Baleares. Data designación 04/12/2020.
- A designación pola dirección xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural. Data designación 02/07/2021. A autorización abarca tamén o ámbito do Programa Oficial de Control da Cadea Alimentaria PNCOCA e a Sanidade Vexetal.
- A designación para o control oficial da IGP Ratafia e da IGP Brandy do Penedés da dirección xeral de Empresas Agroalimentarias, Calidade e Gastronomía do Departamento de Acción Climática, Alimentación e Axenda Rural da Generalitat de Catalunya. Data designación 26/09/2023.

En canto ás actividades de seguimento, xa se mencionou que os días 15 e 16 de decembro de 2025 tivemos a última auditoría externa de ENAC, nº 64878, de seguimento LE/609R5S1 e de ampliación LE/609R5A1.

Por outra banda, foron recualificadas dez persoas en 2025.

En canto á formación, un alumno da Universidade da Coruña, fixo as prácticas do traballo de fin de grado, TFG, na sección de Sanidade Vexetal. Inicio 15/06/2025, fin 15/08/2025.

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Programa de acreditación "Ensaio físico-químico de viños": Ensaio para avaliar as características de calidade
- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO

Servizos (nº de mostras viños analizadas)	4706
Servizos (nº demostras análise microbiolóxico viños)	10
Servizos (nº de ensaios)	32314
Servizos (nº de informes emitidos)	4706
Servizos (nº de certificados de exportación)	35
Servizos (nº mostras análise viroses)	2660
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	0

Formación

Actividades centralizadas

Xestión das entidades colaboradoras que imparten cursos de formación continua e transferencia de tecnoloxía

Mediante a Orde do 17 de marzo de 2009, da Consellería do Medio Rural, a Agacal xestiona as inscricións no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. Este requisito é imprescindible para poder impartir actividades de formación continua e transferencia tecnolóxica en materia agraria. O Departamento de Formación é o responsable de tramitar este procedemento (MR330C) e as modificacións asociadas. A súa resolución precisa dunha análise técnica dos manuais onde se desenvolven os contidos das accións formativas. A colaboración entre o Departamento de Formación e o persoal do CFEA de Monforte fixo posible a tramitación técnica e administrativa destes expedientes.

Así, grazas a esta colaboración inscribíronse 3 novas entidades no rexistro no ano 2025.

Adicionalmente, as entidades inscritas requiren a obtención dunha autorización anual que posibilita a organización das accións formativas. A dita petición realízana a través do procedemento MR330D. A tramitación dos expedientes require da revisión da programación e da verificación do persoal docente asociado á acción formativa, entre outras esixencias. Durante o ano 2025 foron resoltas de xeito favorable un total de:

- 92 autorizacións para impartir cursos nos distintos niveis de capacitación para usuarios profesionais de produtos fitosanitarios
- 7 autorizacións para impartir cursos de incorporación á empresa agraria
- 5 autorizacións para impartir cursos en materia forestal

Isto permitiu a organización, por parte das entidades colaboradoras, de **149 cursos ao longo do ano (frente ás 111 do 2024)**.

Por outra banda, e co obxecto de optimizar os recursos humanos neste ámbito, deuse comezo aos traballos de redacción de novos documentos de carácter técnico que incorporen os contidos mínimos que os usuarios profesionais deben adquirir para obter o carné de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios nos distintos niveis de

capacitación. A finalidade da súa publicación é crear un marco de referencia único para os administrados, onde a adquisición destes coñecementos estea garantida, independentemente da entidade colaboradora escollida.

Neste senso, cabe sinalar que no ano 2025 se produciron avances na redacción de Manuais técnicos específicos en materia de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios. Así, nesta anualidade publicouse na páxina web de Agacal (<https://agacal.xunta.gal/es/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>) o seguinte documento, popularizándose o seu uso por parte das entidades colaboradoras desde o primeiro día da súa posta a disposición:



MANUAL TÉCNICO para a RENOVACIÓN do carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios de NIVEL CUALIFICADO

Este manual vén completar os documentos xa publicados ao longo do ano 2024, necesarios para a obtención do carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios nos niveis Básico e Cualificado. Cómpre sinalar que, durante esta anualidade, se realizaron actualizacións e melloras nos contidos técnicos correspondentes a estes niveis de capacitación.

Isto, ademais do sinalado anteriormente, permite axilizar a tramitación dos expedientes relacionados coa inscrición de entidades no rexistro e coa homologación de especialidades formativas. Asemade, estes manuais empregaranse para a actualización dos contidos do curso que se imparte desde o CFEA de Monforte, no marco do Plan de Formación ao Agro Galego, mediante a súa virtualización na plataforma de teleformación. Neste senso, cómpre salientar que, durante o ano 2025, se iniciaron os traballos de creación de contidos correspondentes ao nivel básico, empregando a ferramenta iseazy para a súa elaboración. Esta actuación continuará ao longo do ano 2026 ata completar a totalidade dos niveis de capacitación, que quedarán integrados na plataforma e postos á disposición do alumnado participante nos cursos de capacitación.

Cabe salientar que as versións definitivas dos manuais foron revisadas polo persoal con competencias lingüísticas da Agacal, emendando e mellorando os documentos tamén nesta área.

[Autorización e rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal](#)

O Decreto 60/2007, do 22 de marzo, regula os cursos en materia de benestar animal, establece o procedemento de autorización das entidades de formación e crea o rexistro destas (DOG nº 67 do 4 de abril de 2007).

A tramitación do procedemento asociado (MR205A) realízase desde o Departamento de Formación. Este recibe as comunicacións previas dos diferentes cursos que organizan as entidades colaboradoras, e del depende o control do seu correcto funcionamento.

Ata o ano 2023, o Departamento de Formación apoiábase no persoal técnico do CFEA de Monforte. Este realizaba o estudo e aprobación dos manuais que debían achegar as entidades que previamente inscritas solicitaran impartir cursos de formación nas distintas especialidades formativas encadradas nesta materia. Este persoal tamén realizaba a avaliación da plataforma de teleformación e os seus contidos, no caso dos cursos que se autorizaban na modalidade en liña. Esta colaboración voluntaria por parte do CFEA facíase imprescindible pola falta de persoal especialista no departamento que permitise levar a cabo esta tarefa de xeito autónomo.

Con todo, logo das conversas mantidas durante o ano 2022 coa Dirección Xeral de Gandarías para lograr o apoio na avaliación dos contidos en materia de benestar animal, fixo posible emendar en parte a carencia de persoal neste ámbito e diminuír a dependencia do CFEA de Monforte. Non obstante, desde a dirección xeral manifestouse en reiteradas ocasións as dificultades que presentaba para o seu persoal a análise de contidos dos cursos en liña dispostos nas plataformas de teleformación, por ter que dedicar máis tempo á dita tarefa.

Sen embargo, vendo as dificultades transmitidas desde esa dirección xeral e co obxecto de reducir esta dependencia e garantir a tramitación dos expedientes en tempo e forma, desenvóléronse, en colaboración co persoal do CFEA de Monforte, diversos manuais de índole técnica centrados no benestar animal, manexo e sanidade do gando e xestión ambiental dos residuos nas explotacións. Así durante o ano 2024 completouse o desenvolvemento de todos os manuais técnicos necesarios nesta materia, sendo todos revisados e/ou actualizados durante o ano 2025:

- Manual técnico para a capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras;
- Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando avícola;
- Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando porcino;
- Manual técnico para a capacitación do persoal que traballa con gando bovino.

As versións definitivas dos manuais foron revisadas polo persoal con competencias lingüísticas da Agacal, emendando e mellorando os documentos tamén nesta área.

Os manuais anteditos están á disposición das entidades a través da páxina web da Agacal (<https://agacal.xunta.gal/es/formacion/entidades-colaboradoras/inscripcion-de-entidades>). Isto permite unificar os contidos mínimos impartidos desde as entidades colaboradoras e garantir a aprendizaxe dos conceptos máis relevantes dentro de cada materia, independentemente da entidade seleccionada para recibir a formación.

En total, durante o ano 2025 o departamento de formación xestionou a inscrición de 6 novas entidades colaboradoras e resolveu un total de 8 solicitudes de homologación de especialidades formativas nesta materia.

Recoñecemento oficial dos certificados, carnés ou diplomas das persoas asistentes aos cursos e actividades impartidas polas entidades colaboradoras ou que fosen realizados por diferentes unidades administrativas da Consellería, ben dentro do Plan de Formación ao Agro Galego, ben como programación propia dun CFEA.

Cada vez que unha entidade decide iniciar un curso, debe comunicalo ao Departamento de Formación, identificando a persoa coordinadora, o persoal docente, a programación do curso coas datas e horas de celebración segundo a modalidade escollida, instalacións onde se vai levar a cabo, remisión das pólizas de seguros das instalacións e de responsabilidade civil, entre outra información. O persoal do departamento avalía cada unha das solicitudes comprobando que se cumpran todos os requisitos establecidos pola norma de aplicación. Finalmente, emite un informe de conformidade que traslada á entidade para que esta poida iniciar a actividade. Unha vez finalizado o curso e superada a proba de aptitude, a entidade está en disposición de achegar a documentación necesaria para solicitar, en nome dos participantes, a expedición dos certificados, diplomas, acreditacións e/ou carnés profesionais. O departamento é competente para a realizar as expedicións derivadas dos cursos impartidos polas entidades inscritas no rexistro de entidades colaboradoras e as inscritas no rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal.

Ademais, é responsable da xestión de solicitudes de expedición dos certificados, carnés e diplomas do alumnado que participa nos cursos organizados polas unidades administrativas da Consellería do Medio Rural, sexan financiados ou non con fondos Feader.

Do mesmo xeito, expide aquelas certificacións solicitadas polas persoas interesadas que tratan sobre actividades formativas, tanto realizadas nos anos precedentes como as impartidas no ano en curso e precedentes.

Así, coa finalidade de axilizar os trámites de expedición tanto dos certificados, acreditacións ou carnés, durante o ano 2025 levouse a cabo unha revisión das instrucións que se viñan empregando ata o momento así como a actualización de novos modelos de formularios, cuxo uso por parte dos administrados, a pesar de ser voluntario, se foi xeneralizando nestes anos, o que permitiu seguir unificando e axilizando os trámites pertinentes.

No ano 2025 tramitáronse un total de 14.330 solicitudes de expedición de certificados, acreditacións e carnés profesionais, fronte ás 5.997 solicitudes rexistradas no ano 2024, o que supón un incremento de 8.333 solicitudes, equivalente a un aumento do 138,95 %. Así mesmo, atendéronse 345 solicitudes de expedición de certificados ou acreditación de horas impartidas ou recibidas en distintos cursos realizados polas entidades colaboradoras e polas unidades administrativas da Xunta de Galicia.

Realización de probas de aptitude ás persoas que realizan cursos habilitantes para o exercicio da actividade profesional

A boa coordinación e colaboración entre o Departamento de Formación, os 6 CFEA e a Evega fixo posible continuar durante o ano 2025 coa realización das probas de aptitude obrigatorias para a obtención dos certificados, acreditacións e carnés profesionais. Este esforzo por parte das diferentes unidades dependentes da Agacal posibilita o control efectivo sobre a realización das probas e garante a equidade no seu nivel de esixencia, independentemente da entidade de formación escollida polo alumnado. Igualmente contribúe á adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios nas materias realizadas.

Con todo, esta actuación levou aparellada unha importante carga de traballo para o departamento, especialmente vinculada á realización de:

- tarefas de coordinación cos responsables dos centros colaboradores da Agacal (os CFEA e Evega), para o establecemento das horas e datas de realización dos exames e determinación en cada caso de cabida dispoñible;
- o seguimento das comunicacións e control exhaustivo da relación de alumnos/as que as entidades prevén que van realizar o curso, así como as súas modificacións con carácter previo ao inicio de cada acción formativa;
- tarefas de comprobación previas á realización das probas de aptitude nas que se determinan os/as alumnos/as que cumpran, entre outras obrigas, coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada acción formativa para poder ter dereito á realización da proba;
- elaboración e actualización de modelos de exame diferenciados para cada convocatoria e tipoloxía de curso;
- remisión da documentación necesaria aos centros colaboradores para facilitar a realización das probas de aptitude;
- recepción e corrección das probas anteditas;
- remisión ás entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural das actas finais cos resultados obtidos polos/as alumnos/as de cada entidade, na proba de aptitude, como paso previo ao inicio da solicitude de expedición de certificados, acreditacións ou carnés profesionais.

Cabe salientar que, durante o ano 2025, un total de 3.903 persoas se matricularon nas distintas accións formativas ofertadas polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural, fronte ás 2.389 rexistradas en 2024 e ás 1.879 do ano 2023, o que supón un incremento superior ao 63 % respecto de 2024 e de case o 108 % en relación con 2023.

Este incremento débese fundamentalmente á execución da sentenza nº 163/2023, ditada pola sección nº 3 da Audiencia Provincial de León no marco do procedemento abreviado nº 1/19, procedente do Xulgado de Instrución nº 4 de Ponferrada, relativo a un posible delito de falsificación de documentos públicos. A devandita sentenza está vinculada coa organización e execución fraudulenta de cursos para a obtención do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios na modalidade non presencial.

A resolución, de data 28 de abril de 2023, condena aos acusados por un delito continuado de estafa na súa modalidade de delito de masa e establece, como responsabilidade civil derivada da infracción penal, a obriga de que a Xunta de Galicia declare a nulidade de todos os títulos habilitantes para a manipulación de produtos fitosanitarios emitidos mediante os certificados correspondentes aos cursos obxecto das actuacións xudiciais.

Como consecuencia, procedeuse á anulación de arredor de 7.000 carnés profesionais dos niveis básico e cualificado, así como á súa baixa no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de Medios de Defensa Fitosanitaria (ROPO), a través do Servizo de Sanidade Vexetal competente na xestión deste rexistro.

Cómpre destacar o enorme esforzo realizado por parte do persoal do departamento de formación para levar a cabo esta tarefa, non exenta de dificultades. Este esforzo viuse intensificado como consecuencia da execución da sentenza nº 163/2023, que obrigou á anulación dun elevado número de carnés profesionais e á reorganización do sistema formativo, co obxectivo de garantir a súa validez e rigor. Neste senso, cómpre indicar que unha parte das persoas afectadas pola anulación dos seus títulos aínda non realizou de novo a formación correspondente, circunstancia que previsiblemente terá unha incidencia moi relevante ao longo do ano 2026.

As actuacións desenvolvidas permitiron acadar o obxectivo de garantir a equidade no nivel de esixencia das probas de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumnado, así como asegurar a adquisición duns contidos mínimos comúns por parte das persoas participantes. Así mesmo, este esforzo posibilitou incrementar ata o 100 % o control sobre a realización e supervisión das probas de aptitude. Cómpre lembrar que, ata o ano 2022, a supervisión destas probas nas accións formativas en materia de benestar animal era inexistente.

A esta situación súmase o cumprimento dos 10 anos de validez dos carnés emitidos no ano 2016. Tendo en conta, ademais, que a súa renovación pode realizarse no período dun ano previo á súa caducidade, prevese a concorrencia dunha demanda extraordinaria, estimada en máis de 76.000 renovacións de carnés dos niveis básico e cualificado que caducan entre os anos 2026 e 2027, e que son susceptibles de seren tramitadas na súa meirande maioría xa no ano 2026. A confluencia destes factores dará lugar a unha avalancha sen precedentes na tramitación de expedientes, que esixirá un reforzo sostido dos recursos humanos do departamento para poder garantir unha resposta áxil e eficaz. Neste senso, e en función da evolución do volume de solicitudes, non se descarta a necesidade de incrementar o persoal dispoñible para dar unha resposta axeitada.

Neste contexto, cómpre ter en conta tamén o impacto que pode derivarse do vindeiro concurso de traslados e doutros procesos en marcha do persoal funcionario da Administración xeral, que poderían afectar á continuidade das cinco persoas con funcións administrativas actualmente adscritas ao departamento. A eventual incorporación de novo persoal implicaría necesariamente un período de formación e adaptación para a correcta tramitación dos expedientes, o que previsiblemente repercutiría nunha ralentización dos procedementos nun momento de máxima carga de traballo.

Autorización das entidades que imparten cursos de capacitación do persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluídas a docencia. MR560A

A Agacal é competente para autorizar as actividades formativas en materia de experimentación animal do persoal dos centros de cría, subministradores e usuarios, e homologar os cursos impartidos por entidades doutras comunidades autónomas, de conformidade co establecido no Decreto 96/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación.

Durante o ano 2024 iniciáronse os traballos para o desenvolvemento, mediante a ferramenta iSpring Easy, dos contidos formativos das funcións a, b e c, co obxectivo de facilitar a capacitación do persoal da Agacal, especialmente do CIAM.

En 2025 completouse o desenvolvemento dos contidos da función c e puxéronse en marcha accións formativas nas que participaron 45 persoas, que ao remate dese ano completaran a formación nas funcións a, b e c.

Como resultado, estas persoas quedarán plenamente capacitadas nas funcións a), b) e c) no ano 2026.

Expedición de certificados de acreditación da competencia para o persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

A Agacal, a través do Departamento de Formación, é a responsable da emisión dos certificados de capacitación e mantemento, de conformidade coas esixencias recollidas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia (BOE núm. 78, do 1 de abril de 2015). En concreto, é competente nas categorías seguintes: coidado dos animais (categoría a), eutanasia dos animais (categoría b), realización dos procedementos (categoría c), deseño dos proxectos e procedementos (categoría d), supervisión *in situ* (categoría e) e veterinario designado (categoría f).

A emisión das certificacións implica, entre outras tarefas, a revisión das materias impartidas nos cursos de formación, as ferramentas empregadas para a súa aprendizaxe e, en determinados casos, a revisión dos denominados "Traballos Baixo Supervisión". A materia sobre a que tratan estas tarefas esixe a presenza no departamento de persoal altamente especializado que acredite os coñecementos e destrezas necesarias para desempeñar de xeito autónomo as funcións recollidas na Orde ministerial ECC/566/2015, do 20 de marzo, relacionadas co manexo de animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos.

Co obxecto de facilitar a achega das solicitudes de expedición por parte das persoas interesadas, levouse a cabo durante o ano 2025 unha actualización das instrucións onde se detalla o procedemento que cómpre seguir e que foron elaboradas no ano 2022. Do mesmo

xeito, foron revisados os modelos de formularios e os anexos asociados. Cómpre sinalar que, a pesar de ser voluntario, se foi xeneralizando entre os administrados, o que permitiu reducir os requirimentos de emenda, axilizando tamén neste ámbito os trámites asociados.

Cómpre destacar que o número de certificados de capacitación emitidos durante o ano 2025 ascendeu a 144.

Expedición de certificados de mantemento da acreditación da competencia para o persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

A validez das capacitacións en materia de experimentación animal descrita no apartado anterior é de 8 anos.

Coa publicación da Orde ministerial ECC/566/2015, do 20 de marzo, emitíronse durante aquel ano máis de 1.300 certificados de capacitación. A súa vixencia remataba o 02.04.2023, polo que para que os seus titulares puidesen seguir desempeñando a súa actividade profesional debían renovar as capacitacións con anterioridade a esa data.

A tramitación das solicitudes e expedición dos certificados esixiu unha revisión de adecuación á estándares dos contidos da documentación achegada cun importante grao de complexidade. En concreto, foi precisa a revisión e correspondente validación, desde o punto de vista técnico, daquelas actividades de formación continua ou outras accións que garantan a mellora e posta ao día das habilidades e coñecementos adquiridos polo persoal. Entre as accións e actividades que o persoal técnico do departamento tivo que avaliar encádranse as seguintes: docencia ou asistencia a cursos, seminarios, talleres ou xornadas científicas, estadías autorizadas en centros de investigación ou outras actividades análogas que se determinen desde a Agacal a proposta dos técnicos encargados, adquisición de novas habilidades no centro de traballo ou noutros centros etc.

Dada a diversidade das actividades que cómpre valorar, e co fin de garantir unha avaliación equitativa das diferentes accións achegadas polas persoas interesadas, xunto coas solicitudes de mantemento da súa capacitación, foi preciso, con anterioridade á recepción de solicitudes, limitar e establecer uns criterios obxectivos que permitisen tramitar os expedientes coa maior coherencia posible. Para o logro deste obxectivo actualizouse a instrución elaborada no ano 2023, poñéndose de inmediato á disposición das persoas interesadas a través da páxina web de Agacal (<https://agacal.xunta.gal/es/formacion/carnes-diplomas-certificados-oficiales/bienestar-animal-en-la-investigacion-y-docencia>).

O número de solicitudes de mantemento reduciuse de xeito significativo, xa que o maior volume de capacitación inicial se rexistrou no ano 2015, rematando a súa vixencia en 2023. Así, no ano 2025 emitíronse un total de 17 certificados, fronte aos 5 certificados de mantemento expedidos en 2024 nas distintas funcións.

Desenvolvemento de contidos para a posta en marcha de cursos para a capacitación do persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

Dando resposta á crecente demanda tanto interna como externa, o Departamento de Formación de AGACAL puxo en marcha, tal y como se sinalou anteriormente unha serie de accións encamiñadas a garantir a capacitación do seu persoal nas funcións clave que lle son propias. Esta necesidade xurdiu non só pola esixencia interna de mellorar as competencias dos traballadores e traballadoras do organismo, senón tamén polo interese manifestado por outros axentes do sector, que demandan formación especializada e actualizada no ámbito das funcións que desenvolve AGACAL.

Así pois, desde o propio Departamento de Formación finalizouse co desenvolvemento dos contidos necesarios para a implementación dos cursos de capacitación, centrados nas funcións a, b e c consideradas esenciais no marco das competencias do organismo.

Como resultado inicial deste esforzo formativo, cómpre destacar a celebración dun total de 3 edicións dos cursos de capacitación, nos que se matricularon un total de 45 persoas. Destes, 39 persoas superaron a formación necesaria nas funcións a, b e c. Isto supón un paso relevante na consolidación dunha liña formativa estable e con proxección de futuro, permitindo avaliar tanto a idoneidade dos contidos como a metodoloxía empregada. A participación activa e o grao de satisfacción dos asistentes confirman a pertinencia desta iniciativa, que se configura como unha peza fundamental na planificación futura do departamento tendo en conta as súas competencias.



The image shows a presentation slide with a light blue background. On the left, there is a photograph of a surgical room with a table and overhead lights. On the right, the text reads: **ME9**
Anestesia avanzada para intervenciones quirúrgicas o procedimientos prolongados
Primera parte

At the top of the slide, there is a header with the logo of the Axencia Galega da Calidade Alimentaria, the text 'PORTADA · Portada', and a progress indicator showing '0%'. At the bottom, there is a navigation bar with a '1' in a circle and a button labeled 'SIGUIENTE SECCIÓN >'.



Monitorización anestésica



MONITORIZACIÓN BÁSICA

FRECUENCIA CARDÍACA

A nivel "básico" se puede monitorizar mediante palpación o auscultación con un fonendoscopio.

TIEMPO DE RELLENO CAPILAR

Se puede comprobar presionando la mucosa y observando cuanto tarda en recuperar el color tras volverse pálida.

CALIDAD DE LA TENSIÓN ARTERIAL

Se puede palpar el pulso en la arteria carótida, arterial femoral o aorta. Es errático y difícil en roedores pero puede ser útil en conejos.



Ahora te toca a ti

¿CUÁNTO HAS APRENDIDO?

Arrastra y suelta cada posible causa de variación biológica real en la categoría correspondiente.

Posibles causas de variación biológica real





CASOS PRÁCTICOS



CASO PRÁCTICO "C":

Se investiga el efecto de un analgésico agudo sobre la actividad locomotora en ratones. Para reducir la variabilidad individual, cada ratón es su propio control. Para ello se mide la distancia recorrida (cm) de cada ratón en un campo abierto antes de la inyección y 30 minutos después de la inyección.

Basado en estudios previos, se espera un tamaño de efecto medio-alto, de 0.6.



Se busca un nivel de significancia de 0.05 y una potencia deseada de 0.9.



MT5

Reconocimiento
del dolor, el
sufrimiento y la
angustia





Instruccions para a tramitación de procedimientos

No ano 2021 deuse comezo á elaboración de diferentes instruccións coa finalidade de resumir a forma de tramitación e a documentación asociada aos distintos procedementos xestionados desde o departamento, relacionados coa docencia de accións formativas e a expedición dos certificados, acreditacións ou carnés profesionais.

Durante o ano 2025 realizáronse revisións no documento descritivo así como actualizacións nos modelos de formularios e anexos postos á disposición das persoas interesadas. Isto permitiu avanzar no proceso de simplificación iniciado no departamento para facilitar e axilizar a presentación das solicitudes e a súa tramitación administrativa.

Do mesmo xeito, consensuáronse cos centros colaboradores dependentes da Agacal as novas datas e lugares de celebración das probas de avaliación para o ano 2026.

A actualización sinalada afectou as seguintes instruccións:



- [INSTRUCCIÓN AGACAL/DF N° 1/2024](#): autorización de cursos na AULA VIRTUAL impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal
- [INSTRUCCIÓN AGACAL/DF N°2/2024](#): autorización de cursos en TELEFORMACIÓN impartidos por entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e de formación en materia de benestar animal
- [INSTRUCCIÓN AGACAL/DF N° 3/2024](#): presentación da comunicación, logo do inicio dos cursos, das entidades homologadas para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria, autorizadas para o ano 2023.
- [INSTRUCCIÓN AGACAL/DF N°4/2024](#): presentación da comunicación, logo do inicio dos cursos, das entidades homologadas para a realización de actividades de benestar animal.
- [INSTRUCCIÓN AG/DF-EXP N° 1/2024](#): criterios que debe cumprir e procedemento que debe seguir na obtención da capacitación inicial o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.
- [INSTRUCCIÓN AG/DF N° 2/2024](#): procedemento e criterios que cómpre seguir na solicitude de mantemento de capacitación para o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

Os documentos enumerados foron postos á disposición das persoas interesadas a través da páxina web da Agacal. Asemade, foron remitidas ás entidades actualmente inscritas nos rexistros xestionados polo departamento.

Novo marco normativo das entidades colaboradoras:

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria exerce a súa competencia sobre catro áreas de interese, susceptibles de contar coa participación de entidades colaboradoras: incorporación á actividade agraria, benestar animal, aplicación e manipulación de fitosanitarios e outras accións formativas en materia agraria (actualización profesional, formación continua e transferencia tecnolóxica e requisitos legais). En todos os casos, as entidades que pretenden facilitar a formación teñen que estar rexistradas, con carácter xeral, no rexistro previsto no Decreto 247/2000 ou, no caso das accións formativas en materia de benestar animal, no rexistro previsto no Decreto 60/2007.

En cada unha destas áreas a competencia alcanza o recoñecemento, inscrición e mantemento nos rexistros, homologación das especialidades formativas, inicio dos cursos e expedición dos correspondentes certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais. Cada xestión responde a procedementos distintos, e cómpre a súa

homoxeneización. Por outra parte, a constante evolución nos requisitos legais e tecnolóxicos esixen dunha actualización, tanto dos módulos formativos como das canles de formación, prestando a debida atención aos sistemas en liña.

Durante o ano 2022 iniciouse a redacción dunha resolución que pretendía substituír, en parte, a normativa que rexía algúns dos procedementos anteditos. Con todo, unha nova reflexión durante o ano 2023 permitiu unha visión máis ampla e global da normativa que intervéñen en todos os procedementos relacionados coas materias formativas nas que a Agacal ten competencia.

Así, a prol dun principio de simplicidade e nun escenario máis amplo, cómpre actualizar e unificar a previsión normativa respecto aos procedementos de xestión de todas as actividades formativas realizadas coa participación das entidades colaboradoras mediante a redacción dun documento normativo moito máis ambicioso: o decreto polo que se regule o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia de formación agraria e de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.

O borrador do citado decreto foi elaborado e remitido ao Servizo Xurídico da Consellería do Medio Rural para a súa avaliación inicial durante o primeiro semestre de 2023. Desde entón, continuouse traballando na incorporación de modificacións ao texto inicial, co obxectivo de adaptar o contido ás observacións e necesidades detectadas. Cómpre indicar que durante o ano 2025 o borrador do texto normativo iniciou definitivamente os trámites necesarios para a súa aprobación definitiva.

En consecuencia, no citado procedemento de tramitación do anteproxecto do decreto polo que se regula o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia de formación agraria e da protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos e a expedición das acreditacións, o texto remitiuse en trámite de audiencia a diversas organizacións con interese no asunto para que o analizasen e enviasen ás súas achegas. En concreto, remitiuse a un total de 99 entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. As entidades consultadas están recoñecidas como colaboradoras ao abeiro do Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas e da Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública (DOG núm. 60, do 27 de marzo de 2009). Igualmente foron consultados un total de 18 centros de experimentación animal.

Igualmente, o texto normativo foi remitido aos distintos órganos da Administración Autonómica de Galicia, para o seu análise e avaliación.

Ademais, en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o texto do proxecto de orde expúxose publicamente na fase "En

prazo de envío de suxestións” do portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período do 14.10.2025 ao 10.11.2025. Como resultado deste trámite, recibíuse 1 suxestión a través do formulario dispoñible no propio portal de Transparencia e Goberno aberto.

As entidades e órganos que efectuaron algunha suxestión ou alegación ao anteproxecto obxecto de informe:

- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Asociación de Cooperativas Agrarias- Agaca
- Asociación de Empresarios do Deza (AEDEZA)
- Unións Agrarias-UPA

Os traballos neste ámbito continúan esperándose a aprobación e publicación da norma a finais do ano 2026.

Desenvolvemento da plataforma FOAGRO

Os traballos realizados na plataforma ao longo de 2025 pódense agrupar en tres eixos principais:

- a) Posta en produción de diferentes melloras relacionadas co emprego diario da plataforma. Deuse solución aos diversos problemas que día a día foron xurdindo durante a xestión de autorizacións para impartir cursos e solicitudes de expedición de carnés de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios.
- b) Desenvolvemento dunha nova área de xestión conxunta para a inscrición de entidades no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural e homologación de especialidades formativas, independentemente do ámbito de que se trate.
- c) Desenvolvemento da nova área para a xestión de expedientes relacionados coa emisión de carnés profesionais en materia de produtos fitosanitarios. A finais de 2025 os traballos de adaptación desta área ao funcionamento actual en materia de benestar animal experimentou grandes avances, esperándose a súa adaptación completa no primeiro trimestre de 2026.
- d) Definición dun formulario web destinado a permitir a introdución, por parte das entidades colaboradoras, dos datos necesarios para a comunicación de inicio dos cursos, co obxectivo de optimizar a xestión administrativa e reducir a carga de traballo do departamento.

Estas actuacións encádranse dentro dun proxecto máis amplo que pretende incrementar as funcionalidades da plataforma FOAGRO, en paralelo co desenvolvemento do novo marco normativo que unifique a multitude de procedementos atendidos desde o departamento e, asemade, simplifique a documentación a eles asociada. Ata o de agora, o uso da aplicación limitábase á xestión de cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios nos diferentes niveis de

capacitación. Ademais, non estaba integrado coa sede electrónica, o portasinaturas, o notifica.gal ou pasaxe, e non contaba con follas de control onde quede reflectida a rastrexabilidade das solicitudes e a validación de cada procedemento.

A finalidade última é converter esta plataforma nunha ferramenta que permita a xestión de todos os procedementos asociados á formación, unificando os procedementos e procesos que interveñen na tramitación de expedientes, independentemente da especialidade formativa que se trate. Isto engloba, ademais do anterior, a xestión de cursos de Aptitude Empresarial Agraria impartidos por entidades privadas e tamén desde o CFEA de Monforte, e os cursos en materia forestal, que actualmente se xestionan a través de diversos arquivos de cálculo.

Na procura deste obxectivo e durante o ano 2025 leváronse a cabo diversas actuacións:

- **Ámbito fitosanitarios:** Foron deseñados diferentes espazos onde se implementaron os procedementos que interveñen na tramitación de expedientes relacionados coa comunicación de inicio dun curso e a expedición dos carnés profesionais derivados da súa realización. Igualmente, iniciáronse os traballos para facer efectivas ás integracións da aplicación coas plataformas Pasaxe, Notifica e Portasinaturas que permitirán reducir en grande medida, os tempos en que se realizaban as distintas comprobacións necesarias na tramitación dos expedientes así como a remisión ás persoas interesadas. Avanzouse na adaptación do seu fluxo ao de benestar animal e de formación para o persoal que traballa con gando porcino, avícola e bovino:
 - Implementación de formularios e anexos tipo, modelos de requirimentos, resolucións, modelo de solicitude de comunicación de inicio, relación de alumnos/as aptos/as para exame, actas de avaliación,
 - Implementación das listas de verificación asociadas a cada procedemento ou subprocedemento, necesarias para a correcta rastrexabilidade das solicitudes;
- **Área de entidades:** implementación da sección responsable da xestión conxunta das entidades colaboradoras en calquera ámbito. Nesta primeira fase inclúese a inscrición de entidades e homologación das diversas especialidades formativas, xestión de coordinadores e profesorado asociado quedando para una fase futura a implementación de formularios e anexos tipo, así como modelos normalizados de requirimentos e resolucións e o desenvolvemento das listas de verificación asociadas a cada procedemento ou subprocedemento, co fin de garantir a trazabilidade adecuada das solicitudes.

Cabe sinalar que a entrada en produción de todos estes avances produciranse de xeito conxunto no ano 2026 dadas as implicacións que unhas áreas teñen noutras.

Neste contexto, resulta imprescindible dar continuidade ao contrato de desenvolvemento da aplicación nos vindeiros anos, xa que o proxecto presenta aínda un

amplo percorrido de mellora e ampliación de funcionalidades. O seu desenvolvemento progresivo permitirá avanzar na automatización dos procedementos, reducir a carga administrativa do persoal e optimizar os recursos dispoñibles, incrementando a eficiencia e a calidade do servizo prestado.

Novas accións formativas na plataforma de teleformación da Agacal, xestionada polo CFEA de Monforte de Lemos.

Durante o ano 2025 leváronse a cabo diversas actuacións orientadas á actualización e virtualización de contidos relacionados coas accións formativas de carácter habilitante nas que a Agacal é competente. Este proceso, iniciado en 2021, ten como obxectivo implantar de maneira progresiva, na plataforma dixital xestionada pola Axencia, un sistema de formación de calidade que facilite e faga máis atractiva a adquisición de coñecementos por parte do alumnado.

Neste contexto, o departamento, en colaboración co persoal do CFEA de Monforte, desenvolveu traballos de actualización de contidos destinados á impartición de cursos en materia de benestar animal, así como á formación do persoal que traballa en explotacións porcinas, avícolas e bovinas. Estas actuacións permitiron incorporar os últimos cambios normativos e adaptar a formación aos avances máis recentes do sector.

Así mesmo, iniciáronse os traballos destinados á posta en marcha dos distintos cursos para a obtención do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios nos seus diferentes niveis. Este proceso comezou polo nivel básico, prevéndose a súa finalización no ano 2026, momento no que se ten previsto continuar co desenvolvemento do nivel cualificado e coa virtualización dos cursos de renovación deste nivel, tomando como base os manuais técnicos xa publicados na páxina web da Agacal.

Non obstante, o desenvolvemento destes contidos se desenvolverán paralelamente aos traballos asociados á elaboración de materiais formativos correspondentes ás funcións a, b, c e d en materia de experimentación animal, dada a prioridade estratéxica de garantir a capacitación do propio persoal da Agacal.

Coordinación dos CFEA

O Departamento de Formación actúa como coordinador dos 6 CFEA da Agacal. Desde a creación da Axencia foi incluíndo máis funcións no intento de mellorar a coordinación, de servir de apoio aos centros, de manter unha coherencia entre todos no funcionamento, na xestión do persoal e na repartición de recursos.

As principais funcións relacionadas co normal funcionamento dos CFEA, atendidas durante o ano 2025 desde o Departamento de Formación, en coordinación coa xefatura da Área de Formación, Investigación e Transferencia e a Xerencia da Agacal, son as indicadas a continuación:

- labores de intermediación entre os centros e o Departamento de Coordinación Administrativa para a planificación, priorización e xestión de investimentos (Cap. VI) e gastos correntes (Cap. II);
- apoio aos centros na xestión e tramitación con SSCC da documentación técnica e administrativa dos contratos de servizos, obras e subministracións;
- redacción e tramitación da convocatoria pola que se ofertan cada ano as prazas de residencia e comedor dos centros (comunicación continuada coa asesoría xurídica, intercambio de impresións cos centros para a mellora da convocatoria, incorporación de suxestións recibidas etc.). Elaboración e tramitación das resolucións de adxudicación de prazas derivadas do procedemento, xestión e tramitación de modificacións da convocatoria durante o proceso xa en marcha, notificacións aos interesados, redacción de resolucións de recursos de alzada etc.;
- tramitación dos expedientes de devolución dos importes correspondentes aos prezos públicos polos servizos de residencia;
- coordinación coas direccións xerais de formación profesional e dos centros e recursos humanos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para:
 - planificar a oferta en formación regrada;
 - solicitar a cesión de docentes de esa consellería;
 - poñer en marcha e xestionar os ciclos duais;
 - impartir os módulos en lingua estranxeira nos ciclos duais
 - participar nas reunións do Consello Galego de Educación
- apoio diario á dirección dos CFEA na resolución das incidencias que se producen no seu funcionamento. Atención continuada ás súas demandas, xestión de peticións e solución de problemas cotiáns;
- apoio nos labores de captación do alumnado naqueles centros con menor demanda (elaboración e deseño de estratexias de captación, preparación de contidos para incorporar en presentacións, etc.). Foron diversas as actividades e eventos realizados nos CFEA durante o ano 2025; salientan, entre outras, as seguintes:
 - Xornadas de portas abertas nos CFEA de Pedro Murias, Guísamo, Sergude e Lourizán. Estas xornadas están centradas na captación de alumnado dando a coñecer a oferta formativa dos centros e amosar as instalacións e medios dispoñibles. Durante es día realízanse charlas e actividades demostrativas con maquinaria agraria co persoal dos centros e tamén coas empresas coas que habitualmente se colabora na formación dos alumnos.
 - Actos de clausura do curso 2024/2025 nos distintos CFEA

- implantación e continuación dos ciclos de FP na modalidade dual: apoio á subscrición de convenios de colaboración con empresas, xestión e asistencia ás entrevistas de selección etc., tarefas de captación do alumnado, actividades de divulgación e publicidade dos centros.
- coordinación das probas de aptitude para a obtención das certificacións, acreditacións e carnés profesionais, elaboración e proposta do calendario anual para a súa realización, remisión das actas coa relación do alumnado que se vai examinar, remisión dos modelos de exame que se van empregar en cada proba segundo a tipoloxía de curso, apoio na resolución de posibles dúbidas antes, durante e unha vez rematadas as probas;
- tramitación de solicitudes e resolucións de autorización ou denegación para o uso das instalacións dos CFEA.
- Actuacións dirixidas á implantación de certificados de profesionalidad nos distintos CFEA

Actuacións dirixidas á consecución das condicións de seguridade das instalacións, control normativo e mantemento dos CFEA

Cómpre salientar a importancia da realización das inspeccións periódicas por parte dos organismos de control autorizados (OCA) nos distintos centros de formación, así como da execución das emendas, reparacións e investimentos necesarios derivados destas, co fin de garantir o cumprimento da normativa vixente e manter as instalacións en condicións óptimas de seguridade.

Neste contexto, resulta imprescindible dispoñer dos correspondentes proxectos e da documentación técnica actualizada, así como avanzar na regularización administrativa das instalacións, incluíndo a súa inscrición nos rexistros industriais e o mantemento ao día de todas as obrigas legais asociadas. Na actualidade, estase a dar resposta a estas necesidades de forma coordinada entre o persoal do departamento de formación, os directores/as dos centros e mediante un encargo xenérico, que, aínda que permite avanzar, resulta insuficiente para abordar con eficacia o volume e a complexidade das actuacións requiridas.

Prevese que no ano 2026 se poida dispoñer dun encargo específico que permita reforzar esta liña de traballo e avanzar de maneira máis decidida na consecución dos obxectivos marcados. O obxectivo final é que, unha vez regularizada a situación das instalacións (altas en industria, inspeccións periódicas, etc.), sexa un medio propio especializado o encargado de asumir de forma continuada as tarefas de seguimento, garantindo o cumprimento das novas esixencias normativas que vaian xurdindo e a realización das inspeccións necesarias. Deste xeito, preténdese deixar de asumir estas funcións desde o departamento, permitindo centrar os seus esforzos nas competencias que lle son propias.

Así mesmo, esta actuación non debe limitarse unicamente aos centros de formación, senón que cómpre estendela tamén aos centros de investigación e ao conxunto das unidades da Agacal, co fin de garantir unha xestión homoxénea, eficiente e aliñada cos requirimentos normativos en toda a organización.

Por outra banda, e aínda que constitúe un ámbito diferenciado, a prevención de riscos laborais (PRL) representa outro dos eixos fundamentais de actuación, polo seu impacto directo na seguridade das persoas. Aínda que estas funcións non están directamente vinculadas coa planificación da formación e coa oferta formativa dos centros, competencias propias do departamento, estanse a destinar importantes esforzos á súa posta ao día, dada a súa relevancia e carácter prioritario.

Implementación de novos contidos na páxina web da Agacal

No ano 2025 continouse coa implementación e actualización de múltiples contidos na páxina web da Agacal.

O obxectivo foi a posta á disposición das persoas interesadas e das entidades colaboradoras da información relacionada cos niveis de capacitación legalmente esixidos para exercer a actividade profesional no sector primario, naquelas áreas de formación nas que a Axencia é competente. A posta en funcionamento da páxina web permite informar sobre:

- Os niveis de capacitación esixibles en cada ámbito;
- Os programas correspondentes a cada especialidade formativa (contidos, nº horas, asistencia mínima etc.)
- A relación de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural actualmente homologadas para impartir cursos. Neste ámbito, cómpre salientar os traballos de actualización continua da información que se amosa a través dos buscadores web que permiten un filtrado de actividades formativas por tipoloxía, modalidade de impartición e localización xeográfica da entidade de colaboración. Isto pon á disposición das persoas interesadas os datos de contacto das entidades que máis se adaptan ás súas necesidades de forma accesible e sinxela, de forma actualizada. Ademais, permite exportar os resultados obtidos logo da busca realizada.



Buscar...

INSTITUCIONAL ▾

CALIDAD
ALIMENTARIA ▾

INVESTIGACIÓN
Y
TRANSFERENCIA ▾

FORMACIÓN ▾

LABORATORIO ▾

ESTADÍSTICA Y
PUBLICACIONES ▾

> Formación > Entidades Colaboradoras > Buscador de Entidades Colaboradoras

> Buscador de Entidades Colaboradoras Para Impartir Actividades Formativas En Materia Agraria



BUSCADOR DE ENTIDADES COLABORADORAS PARA IMPARTIR ACTIVIDADES FORMATIVAS EN MATERIA AGRARIA

Provincia	Tipo	Modalidad	
A Coruña ▾	- Cualquiera - ▾	- Cualquiera - ▾	<input type="button" value="Buscar"/> <input type="button" value="Reiniciar"/>
	- Cualquiera -		
	Incorporación a la empresa agraria		
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Curso puente		
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Fumigador	or productos fitosanitarios: Nivel básico	Presencial
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel básico	mpresa agraria	Presencial (VL / GE)
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel cualificado	or productos fitosanitarios: Nivel básico	Presencial
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Piloto Aplicador	or productos fitosanitarios: Nivel básico	Presencial
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Renovación cualificado	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Renovación cualificado	Presencial
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Renovación cualificado		
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel básico		Presencial
	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel básico		Teleformación
Código Homologación	ECMR_087/16		
Provincia	A Coruña		
Ayuntamiento	Ordes		
Dirección	Rúa Mediodía, nº4		
Código Postal	15680		
Teléfono	654118627		
Correo electrónico	miguel.seijo@grupoathenea.net		
	GRUPO ATHENEA CONSULTORÍA INTEGRAL, S.L.	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel básico	Presencial
	GRUPO ATHENEA CONSULTORÍA INTEGRAL, S.L.	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel cualificado	Teleformación
	INNOVA XXI SOLUCIONES FORMATIVAS, S.L.	Manipulador/aplicador productos fitosanitarios: Nivel básico	Teleformación

- Os procedementos administrativos que cómpre seguir para a inscrición no rexistro de entidades colaboradoras, a impartición de cursos e a expedición de certificados, acreditacións e carnés profesionais derivados da realización das accións formativas: normativa e instrucións adicionais, formularios de solicitude, anexos, arquivos de carga de datos, información sobre as datas ou lugares de celebración das probas de aptitude, información referente ao pago das taxas etc.
- Os trámites administrativos para a expedición por parte das persoas físicas interesadas de certificados, acreditacións ou carnés profesionais e os seus duplicados: formularios de solicitude, información sobre o pago de taxas etc.
- Os Manuais técnicos co desenvolvemento de contidos para a impartición de cursos habilitantes en materia de benestar animal, formación para o persoal que traballa en granxas avícolas, porcinas e bovinas así como en materia de produtos fitosanitarios.

- A publicación do calendario de exames que permiten a obtención das distintas capacitacións necesarias para o exercicio da actividade profesional no sector agrario.

Igualmente, púxose á disposición das persoas interesadas a información relativa á oferta formativa dos centros de formación e experimentación agraria, a xestión e tramitación das matrículas, así como a petición de prazas de residencia e comedor nos centros onde se oferta o servizo.

Coa publicación dos contidos anteditos apréciase unha mellora á hora de informar as persoas interesadas sobre os trámites e procedementos competencia do departamento.

Atención ao público

O Departamento de Formación dedica unha parte moi importante da xornada laboral a dar información a través do correo electrónico e de chamadas telefónicas. As chamadas proceden fundamentalmente de entidades colaboradoras, oficinas rurais da Consellería, dos CFEA e de particulares que piden orientación sobre temas relacionados cos cursos que se imparten e as certificacións que se expiden. No ano 2025 xestionáronse máis de 9.500 consultas, das que arredor de 2.800 foron contestadas por vía telemática.

ACTIVIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
HOMOLOGACIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS (EC)					
Inscripción de novas entidades MR330C (formación todas as modalidades excepto Benestar animal)	4	8	6	7	3
Inscripción de novas entidades MR 205A (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	0	0	4	7	6
Homologación de novas especialidades formativas (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	11	5	17	24	8
AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN POR EC					
Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (MR203A)	88	104	116	98	92
Incorporación á empresa Agraria (IEA; MR330D)	9	16	12	10	7
Formación en materia forestal	8	2	10	4	5
XESTIÓN DA COMUNICACIÓN DE INICIO E SEGUIMENTO DE CURSOS IMPARTIDOS POR EC					
Nº Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	82	56	90	111	149
Nº de exames (1ª, 2ª e 3ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (fitosanitarios)	38	56	101	135	231
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª, 2ª e 3ª conv. (Fitosanitarios)	0	824	1.171	1.343	2.935
Nº cursos IEA y curso forestal	4	6	1	1	0
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (cursos IEA)	4	9	1	3	0
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (IEA)	0	49	12	21	0
Nº Cursos de benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	124	47	61	66	83
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación (BA)	0	47	72	150	204
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (Benestar animal)	0	480	696	1.025	968
Nº de cursos de experimentación animal	0	0	0	0	3
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación	0	0	0	0	1
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv.	0	0	0	0	45
EMISIÓN DE CARNÉS/CERTIFICADOS/DIPLOMAS DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN					
Nº carnés de fitosanitarios emitidos	4.760	6.413	4.744	4.947	13.229
Certificados de profesionalidade (validacións)	252	62	85	152	172
A nivel dos servizos centrais da Área de Formación, Innovación e Investigación tivo unha carga de traballo destacable que, non obstante, cós medios dispoñibles se deu resposta ás liñas de concorrencia competitiva de proxectos de grupos operativos (Intervención 7161 PEPAC) que representou a xestión de 103 solicitudes para as que se dispuxo un montante total de 6.406.598,12 € entre as convocatorias das anualidades 2023 e 2024. En total se destinaron para a anualidade 2025 2.568.563,69 € que supuxo a tramitación de 153 solicitudes de pago; a preparación dunha nova convocatoria de accións de cooperación baixo a subintervención 7162_01 que supuxo a aprobación de 14 propostas por un importe total de 2.110.553,40 € dos que 871.010,39 corresponderon á anualidade 2025; a xestión de 11 iniciativas de recursos xenéticos agrarios baixo a submedida 12.2.3 do PDR pertencentes á convocatoria 2023 por importe de 1.132.703,51 €, así como outros 18 proxectos na convocatoria 2025 cun importe de 1.587.533,09 €; 10 proxectos de recursos xenéticos forestais para os que se aprobaron 739.406,53 € na anualidade 2023; así como a xestión do sistema AKIS-AGACAL (SCIAGA-AGACAL) a través dos convenios marco asinados coa Fundación Juana de Vega, Sementares SL e Cosecha de Galicia SL.

Dende os servizos centrais da Área de adscripción se coordinou e proporcionou asistencia permanente ás unidades de investigación e laboratorios de servizo dependentes da Axencia e se mantivo comunicación contínua e fluída coas direccións de todas as unidades proporcionando participación, transparencia e visibilidade en todas cantas actuacións, propostas e decisións foron desenvolvidas pola Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, recollendo cantas contribucións foron transmitidas por todas as unidades sen excepción algunha. Ademais do contacto presencial, telefónico e por correo electrónico permanente coas direccións dos centros, as reunións mensuais de coordinación mantidas coas direccións das unidades pola Xefatura de Área de Formación, Innovación e Investigación, có apoio da dirección de AGACAL, da xerencia e as xefaturas de departamento cando así o requerían as temáticas tratadas, garantiron a fluidez da información bidireccional de forma xerarquizada segundo a estrutura do cadro de mando de AGACAL.

A nivel das unidades de investigación dependentes da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da AGACAL, a xestión en materia de investigación permitiu o mantemento de todas as actividades de I+D+i comprometidas e a participación en

convocatorias de concorrencia competitiva que supuxo unha captación de proxectos en todas as áreas de traballo.

A posta en funcionamento das listas de contratación AGACAL, acompañado da captación de recursos e a activación de liñas de financiación tanto autonómicas, ligadas ao PDR e PEPAC, como de proxectos europeos continúa a supoñer un importante revulsivo cuxos efectos comezaron a percibirse na anualidade 2023, pero que deberán continuar consolidándose en futuros exercicios. A tramitación e publicación do decreto de investigadores que xa estaba prevista para o ano 2023 debería permitir a adecuación da estrutura da relación de postos de traballo das unidades da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, permitindo a cobertura das prazas de persoal investigador especializado conforme ás liñas de investigación dispostas no contrato de xestión 2121-2024. O retraso na súa implementación efectiva nos organismos da Xunta de Galicia y o seu reflexo nas Relacións de Postos de traballo das unidades está a supoñer un lastre para a competitividade das unidades de investigación posto que non permite dotar axeitadamente as liñas do contrato de xestión nin ofrecer prazas de investigación e técnicos de investigación especializadas que permitan consolidar o talento formado nas propias estruturas da Axencia, nin repoñer os efectivos ou atraer novo talento externo

Os novos orzamentos PEPAC 2024 das diferentes intervencións, as novas submedidas do PDR que comezaron a ser xestionadas no ano 2022 pola AGACAL (10.23 de Conservación de recursos xenéticos na agricultura, 15.21 de Conservación de recursos xenéticos en silvicultura), así como a disposición orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de interese estratéxico para o sector agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria, e polo tanto para a Consellería do Medio Rural, e a existencia dun persoal investigador e técnico de investigación especialmente comprometido, permite albiscar o esperado fortalecemento da I+D+i emanada dos OPIS AGACAL. Non obstante o plantexamento establecido ao principio do contrato de xestión 2021-2024 con mirada ambiciosa cara ao futuro, non se veu acompañada da inversión esperada nin da dotación de persoal a todos os niveis que se precisaba para o seu cumprimento, sendo lastrada de xeito moi importante polo xa enunciado retraso na implementación do novo decreto de investigadores e persoal técnico investigador.

Estes motivos determinaron que durante o 2025 non se puideron resolver os problemas enquistados para dar cobertura ao desenvolvemento dos postos adscritos a persoal investigador e técnicos de investigación que permitan a regularización da OPE nos OPIS da Consellería do Medio Rural e a cobertura con persoal especialista que finalmente suporá a remuda e continuidade das liñas de investigación que actualmente consta con medios humanos de elevada media de idade. É primordial a súa posta en funcionamento para a contratación de persoal investigador e técnico de investigación estable, ademais do ligado aos proxectos de investigación e os incrementos de carga de traballo transitoria. As peculiaridades da I+D+i agraria desenvolvida polos OPIS AGACAL, supón un elemento

diferencial dentro da Xunta de Galicia que deberá ter o axeitado tratamento e acomodo polos órganos competentes da Xunta en materia de contratación, tendo en conta a especial habilitación e consideración para estas peculiaridades que a normativa vixente nesta materia ten en consideración para o ámbito da investigación.

O reforzo da masa crítica de persoal investigador, técnico de investigación e persoal auxiliar de todas as liñas de investigación existentes e as de nova creación é un elemento angular irrenunciable para a consecución de todos e cada un dos obxectivos e indicadores do contrato de xestión deseñado e aprobado para AGACAL 2021-2024. Para elo, unido a todo o anterior, deberán eliminarse ou suavizarse as trabas burocráticas existentes na contratación de persoal, tanto estrutural como ligado a proxectos e, na medida do posible, automatizar todo tipo de procesos.

Con todo, e a pesares das dificultades de contratación de persoal e cubrición de postos vacantes a nivel de todas as categorías profesionais no conxunto da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria e as súas unidades dependentes, así como unha insuficiente inversión en equipamentos e infraestruturas de investigación agraria, o resultado conxunto para todas as áreas de investigación ao final do período 2021 a 2025 estímase aproximadamente no 71,32 % con algunhas liñas que conseguiron o 100 % de execución dos indicadores previsto. Polo tanto, cós lastres expostos, superouse o mínimo do 60% establecido para a conxecución dos obxetivos operativos definidos no conxunto e este primer período permitiu adquirir unha importante experiencia que deberá ser aproveitada nos próximos contratos de xestión para mellorar a taxa de éxito e paliar ou resolver as dificultades que impediron unha maior execución. É moi salientable o esforzo conxunto realizado por todo o persoal da Axencia a todos os niveis que permitiu obter estes resultados nun entorno moi competitivo, lastrado polos tempos administrativos excesivos impostos dentro da xestión da investigación en comparación con outros centros semellantes e cós medios dispoñibles para o seu desenvolvemento.

A expectativa de cumprimento de obxectivos na I+D+i está condicionado á axilidade na disposición de créditos e na contratación de persoal, tanto de estrutura como vinculada a proxectos.

A aposta decidida pola I+D+i agraria nun contexto especialmente complicado polos acontecementos recentes significará a redución da dependencia de produtos foráneos, a capacidade de auto abastecemento de materias primas para alimentación humana e animal, o incremento da competitividade e a profesionalización do ámbito agrario para garantir a capacidade de autosuficiencia, de exportación, e de xeración de valor engadido nun contexto de mitigación do cambio climático e de economía do carbono.

Investigación agropecuaria

Avaliación da execución

Todos os obxectivos continúan en proceso. Os avances conseguidos durante o ano 2025 nas tarefas programadas, permiten afirmar que se alcanzou un desenvolvemento razoable. Compre asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito automático, aínda que se poñan os medios axeitados para conseguilos.

En cifras globais, a porcentaxe de execución da área de investigación agropecuaria estímase no 85,2 % para o conxunto do período 2021-2025.

Análise de resultados

A execución das actividades de investigación agropecuaria durante o ano 2025 considérase positiva. Tiveronse en execución 54 proxectos de I+D+i, que supuxeron a captación de 1.144.669,45 € para executar durante a anualidade 2025, desenvolvéndose 4 proxectos con financiación europea, 4 proxectos de convocatorias estatais, participación en 13 proxectos de grupos operativos ou proxectos piloto autonómicos, 25 proxectos do Plan de Conservación de Recursos Xenéticos Agrarios e 8 accións de cooperación para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria. Estes proxectos supoñen resultados moi positivos tanto en termos de retorno científico para a entidade como de transferencia de resultados ao sector.

Pola súa banda, as 5 accións de transferencia propostas, as 25 accións vinculadas a campos de ensaio e demostración aprobadas nesta anualidade, as 61 publicacións, a participación en tribunais de teses doutorais, as máis de 90 impactos en medios de comunicación escritos ou audiovisuais, as 20 contribucións a congresos en formato poster, as máis de 200 participacións en reunións, charlas, xornadas, etc., refrendan o compromiso coa transferencia de coñecementos ao sector.

Investigación forestal

Avaliación da execución

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completados, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2024 un grao de execución superior ao 63 %, debemos concluír un desenvolvemento razoable. Compre

asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito inmediato, aínda que se poñan os medios adecuados para conseguilos.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación forestal estímase no entorno do 64,5 % a finais da anualidade 2024.

Debese ter en consideración que o proceso de traspaso desta unidade á Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) realizada o 01 de xaneiro de 2025 supuxo un alto grao de incertidume que non contribuiu a acadar mellores resultados.

Análise de resultados

Os obxectivos dos programas indicados (D11 a D42) pretenden por unha banda xestionar e conservar os materiais e os coñecementos forestais logrados, e por outra establecer as liñas de investigación e innovación que necesita o sector forestal compatibilizándoas coa conservación do medio natural, co fin de desenvolver proxectos de interese para o sector, ademais de establecer procedementos para a transferencia e divulgación dos resultados.

O cumprimento dos obxectivos aumentou neste centro en gran medida grazas a integración dos orzamento dos recursos fitoxenéticos forestais.

Co traspaso desta unidade á Xera, a Consellería do Medio Rural, e polo tanto AGACAL, perde a vinculación da investigación forestal primaria relativa a produción madeireira e a súa primeira transformación coa Consellería que ten as competencias de xestión nesta materia e, por outra banda, tamén se perde a visión integradora dunha I+D+i agraria na que a rama forestal debe completar a investigación en materia agrícola, gandeira, aproveitamentos silvícolas non madeiros e da industria agroalimentaria, cuestión que debería ser motivo de reflexión.

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

Avaliación da execución

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían conseguidos, aínda que todos están en proceso. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación en materia de viticultura e enoloxía estímase no 64,25 %. Considerando que o cadro de mando previa para 2025 un grao de execución dun mínimo do 60 %, os obxectivos están cumpridos aínda que os dous últimos son que tiveron mais dificultades para a súa consecución, mantendo unha progresión positiva.

Análise de resultados

Obsérvase un desenvolvemento parello en todos os obxectivos, consonte á previsión establecida no Contrato de xestión, pero cun menor ritmo do esperado. As incorporacións de persoal vinculado a proxectos de investigación deberían fundamentar un incremento no ritmo de xestión. A expectativa de cumprimento de obxectivos enténdese aínda factible, pero será necesario reforzar as medidas de impulso precisas.

Transferencia de coñecementos

Avaliación da execución

Produciuse un importantísimo esforzo a todos os niveis na transferencia de coñecementos de xeito que se pode considerar que neste área ao final do período do contrato de xestión se tería acadado o 74 % dos obxectivos previstos, se non se ten en conta o obxectivo F2 relativo á implantación das opcións de intercambios e visitas, se ben se iniciou unha primeira aproximación có desenvolvemento dunha experiencia piloto cunha visita de 10 gandeiros de especialidade na produción de leite a Dinamarca na anualidade 24, e outra a Austria no 2025 que implicou a 9 gandeiros . Tendo en conta todos os obxectivos, incluído éste, o promedio é dun 62,22 % de execución, o que estaría por derriba do 60% mínimo establecido. Cos datos rexistrados os obxectivos F3, F4, F5 e F6 estarían cumpridos dentro do período. Non obstante, en termos de efectividade na formación e transferencia, tras a experiencia de execución deste contrato de xestión é preciso redefinir os enfoques, obxectivos e indicadores no novo período do contrato de xestión conforme ás novas directrices que se determinen.

Análise de resultados

A transferencia de coñecementos é unha das apostas máis decididas para facer chegar a información ao sector. Se realizaron estudos de necesidades de transferencia por comarcas, pero o feito de que AGACAL non teña axentes no territorio nin se teña nomeados efectivos que canalicen todo o esforzo de servizos centrais da AGACAL ás Oficinas Comarcais, Xefaturas Territoriais e demais departamentos da Consellería, supón moita menos efectividade da desexada.

Por outra banda, os cambios de criterio impostos na anualidade 2023 e a eliminación sen previo aviso dos orzamentos do PDR obrigando a activar a intervención PEPAC prevista lastrou os resultados, unido á xa exigua disposición de efectivos que arrastra esta unidade.

A mellora das condicións de transferencia de coñecementos e de material de recursos fitoxenéticos a producións de calidade e canles comerciais depende do reforzo implementado ás capacidades ligadas ás actividades de conservación, mellora, multiplicación, bancos de recursos fitoxenéticos e da capacidade para activar as

intervencións baixo criterios e novo escenario PEPAC, unido aos reforzos necesarios que deberían acompañar ao desenvolvemento dunha nova RPT proposta por AGACAL.

Na anualidade 2024 a Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, principalmente a través do seu Departamento de Investigación e Transferencia, convocou e xestionou as iniciativas de formación contínua baixo a subintervención 7101_1 con 169 accións formativas por valor de 540.029,00 €, especialmente de carácter habilitante, ofrecendo 3.566 horas formativas. Na subintervención 7201.3 de transferencia tecnolóxica se aprobaron e xestionaron 35 actividades cun importe total financiable de 695.971,00 €,09 €. A través da subintervención 7201.2 de campos de ensaio e demostración foron aprobadas 14 novas actividades que xunto coas 35 aprobadas na anualidade 24 supuxeron a xestión de 499.141,21 € durante a anualidade 2025 e que representan para o período para o período 2024-2026 un montante total de 695.971,00 € que se suma aos 303.492,95 € aprobados para o período 2025-2027 . Baixo a submedida 7201.5 de visitas se xestionou e coordinou a visita de 9 gandeiros especializados en produción de leite a Dinamarca cunha inversión de 29.560,00 €. Por último, a través da Submedida 2.38 do PDR se convocaron, xestionaron e coordinaron 12 accións formativas directas a técnicos e asesores maioritariamente públicos da Consellería do Medio Rural, pero con participación do persoal das entidades de asesoramento privado; se financiou a asistencia formativa a un congreso a técnicos asesores da Consellería do Medio Rural, e se financiaron dúas visitas especializadas nas áreas de produción de leite e da mellora xenética de vacún de carne a Austria e Irlanda, respectivamente, ademáis doutra visita a Babiera para técnicos forestais especializados na xestión de madeiras frondosas que en conxunto supuxeron unha inversión de 77.181,60 €. O conxunto da inversión den formación de técnicos asesores ascendeu a 112.823,02 €

É moi salientable que ademáis da xestión de todas estas liñas, dende o departamento de Investigación e Transferencia se actuou como impulsor dun número moi importante de iniciativas para garantir a cobertura de toda a demanda formativa no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Neste apartado de transferencia, a Estatística xestionada pola Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria tamén deu resposta aos compromisos da Xunta de Galicia no marco do Convenio entre a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desenvolveron 11 operacións estatísticas agrarias. Tamén se deu resposta á encomenda da Xunta de Galicia a AGACAL para Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no DECRETO 201/2024, do 27 de decembro, coa recollida de datos sobre 13 operacións do ámbito agrario.

Por último, dende a sección de Publicacións se deu resposta de tradución, corrección e maquetación de publicacións da AGACAL e da Consellería do Medio Rural e se venderon 423

exemplares de distintos títulos especializados do ámbito agrario promovidos por AGACAL, ademáis de participar noutras actividades relacionadas coa área.

Capacidade analítica

Avaliación da execución

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completos, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2023 o desenvolvemento de dúas tarefas no obxectivo G1, debemos esperar un incremento no ritmo de desenvolvemento.

En cifras globais, a porcentaxe de execución da área de capacidade analítica estímase no 40 %.

Análise de resultados

Aínda que neste ámbito non diminuíu a actividade, é preciso continuar na mellora das técnicas, na adquisición das acreditación precisas para dar un servizo analítico eficaz e preciso, na renovación e mellora do equipamento analítico e sobre todo, na cobertura de todas as prazas do cadro de persoal. Cómpre salientar que AGACAL continúa a apostar pola mellora de equipamento e dotación da área de capacidade analítica para mellorar a prestación de servizos á cidadanía e en particular a agricultores, gandeiros, técnicos, asesores e industrias agroalimentarias.

Formación

Avaliación da execución

A análise dos datos rexistrados evidencia que, no ámbito dos Ciclos Superiores e Ciclos Medios, as preferencias formativas continúan fortemente condicionadas pola crecente demanda dos ciclos en modalidade dual. De maneira destacada, o ciclo de Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal, así como os ciclos en Xardinaría e Floraría (grao medio) e Paisaxismo e Medio Rural (grao superior), ambos impartidos na modalidade a distancia, constituíron os principais impulsores deste indicador ao longo do período de vixencia do plan de xestión. Estes resultados poñen de manifesto que a flexibilización dos formatos formativos e a adaptación ás necesidades do alumnado e do sector agrario están a resultar claves para consolidar e ampliar a oferta dos CFEA.

Porén, cómpre sinalar que se combinan especialidades formativas cunha duración de tres anos e conducen á obtención de dúas titulacións, supuxo unha distorsión nos resultados xerais. A consideración destes subindicadores como liñas independentes de avaliación restou visibilidade aos logros reais acadados nos ciclos de FP. En realidade, estas opcións deben interpretarse como itinerarios formativos integrados, froito da combinación de obxectivos preexistentes, e non como metas individuais.

A análise pormenorizada do indicador H3 evidencia un claro déficit no impulso da implantación de certificados de profesionalidade, aínda que se produciron importantes avances organizativos internos para a posible oferta de lanzamento en próximos cursos académicos. Neste sentido, considerase imprescindible, sen reducir as especialidades da formación regrada, complementar a oferta existente mediante novas opcións formativas que se axusten ás tendencias actuais e ás demandas dos futuros alumnos. A introdución dos certificados de profesionalidade resultaría fundamental para demostrar a adaptación ás novas dinámicas do sector agrario, permitindo manter o número de prazas ofertadas para a formación regrada sen que isto se converta nun límite, senón integrándose nunha oferta formativa máis diversificada e especializada.

Por outra banda, os CFEA demostraron un sólido compromiso coa formación continua, organizando talleres, actividades formativas e accións demostrativas que fomentan a transferencia de coñecementos e robustecen a preparación dos alumnos orientados á incorporación ao sector agrario.

Ademais, o obxectivo H4 superou amplamente as expectativas, consolidando as colaboracións con concellos, entidades agrarias e outros interlocutores, reflectindo o firme compromiso da Axencia coa integración e potenciación dos espazos colaborativos.

No ámbito do obxectivo H5, os resultados presentaron un panorama heteroxéneo. Destácase o destacado desempeño do Curso de Aptitude Empresarial Agraria, contrastando co baixo rendemento dos demais subíndices deste grupo – nomeadamente, a creación da Escola de Emprendedores Rurais, os Programas de Especialización de Formación Profesional, e a Aula de produtos lácteos –, que non acadaron os obxectivos formulados, aínda que se asentaron bases para a mellora de resultados en seguintes cursos académicos.

Polo tanto, todos os obxectivos igualaron ou superaron o 50% de execución polo que debemos concluír unha progresión mais que razoable da área, tendo en conta que existen subíndices mal formulados que lastraron os resultados finais. En cifras globais, a porcentaxe de execución da área de formación estímase preto do 65 %.

Análise de resultados

O ano 2025 estivo marcado por un incremento moi significativo da actividade do Departamento de Formación, tanto na vertente administrativa como no funcionamento dos centros, consolidando unha tendencia claramente ascendente e cun impacto directo na organización e na carga de traballo.

Actividade centralizada do Departamento

Na actividade centralizada, o dato máis relevante é o forte aumento do volume de expedientes tramitados. En 2025 xestionáronse 14.330 solicitudes de expedición de certificados, acreditacións e carnés profesionais, fronte ás 5.997 do ano anterior, o que supón un incremento do **138,95 %**.

Este crecemento está directamente relacionado coa reorganización do sistema formativo en materia de fitosanitarios, derivada da execución da sentenza nº 163/2023 da Audiencia Provincial de León, que obrigou á anulación dun elevado número de carnés profesionais e á necesidade de repetir a formación por parte das persoas afectadas. Esta situación, xunto co reforzo dos mecanismos de control, provocou un aumento moi importante da actividade formativa e da carga administrativa.

Neste sentido, cómpre salientar o incremento da actividade das entidades colaboradoras, que permitiron a organización de 149 cursos de fitosanitarios (fronte a 111 en 2024) e 83 cursos en materia de benestar animal (fronte a 66 no ano anterior).

Este aumento tivo un reflexo directo na xestión das probas de aptitude, cun total de 231 exames en fitosanitarios (fronte a 135 en 2024) e 204 exames en benestar animal (fronte a 150 en 2024), o que evidencia o forte incremento da carga de traballo neste ámbito.

En canto á participación, destaca especialmente o número de persoas matriculadas para exame, con 2.935 alumnos/as en fitosanitarios (fronte a 1.343 en 2024) e preto de 1.000 en benestar animal, consolidando unha tendencia de crecemento moi clara.

Este incremento tamén se observa na emisión de carnés, especialmente en fitosanitarios, onde se pasou de 4.947 en 2024 a 13.229 carnés emitidos en 2025 e se acadaron as 5.374 renovacións fronte ás 2.325 da anualidade 2024, o que supón un salto moi significativo

Todo isto supuxo unha carga de traballo moi elevada, especialmente na coordinación das probas, na revisión de expedientes e na emisión de certificacións. Con todo, conseguiuase manter un control rigoroso do proceso, garantindo a igualdade de condicións e un nivel de esixencia homoxéneo.

Paralelamente, continuouse avanzando na homoxeneización dos contidos mediante a elaboración e actualización de manuais técnicos, así como na simplificación administrativa coa revisión de instrucións e formularios. Nesta mesma liña, o desenvolvemento da

plataforma FOAGRO seguiu progresando, sentando as bases para unha xestión máis integrada nos vindeiros anos.

Tamén cómpre destacar a evolución da formación en materia de experimentación animal. Durante 2025 completouse o desenvolvemento dos contidos correspondentes ás funcións a, b e c, o que supón un avance moi relevante na capacitación do persoal que precisa esta formación, tanto interno da propia Agacal como doutros ámbitos.

Este traballo permite dispoñer xa dunha base formativa estruturada e propia, que se completará no ano 2026 co desenvolvemento da función d. Isto permitirá ampliar a oferta formativa e poñela á disposición das persoas que manexen animais de experimentación, incluíndo tamén a docencia. Neste sentido, poderán beneficiarse tanto o persoal dos centros de formación e experimentación agraria como persoas alleas á Agacal, configurándose como unha nova liña de formación con proxección cara ao exterior.

Toda esta actividade e xestión se pode visualizar a modo de resumo no seguinte cadro:

ACTIVIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
HOMOLOGACIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS (EC)					
Inscripción de novas entidades MR330C (formación todas as modalidades excepto Benestar animal)	4	8	6	7	3
Inscripción de novas entidades MR 205A (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	0	0	4	7	6
Homologación de novas especialidades formativas (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	11	5	17	24	8
AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN POR EC					
Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (MR203A)	88	104	116	98	92
Incorporación á empresa Agraria (IEA; MR330D)	9	16	12	10	7
Formación en materia forestal	8	2	10	4	5
XESTIÓN DA COMUNICACIÓN DE INICIO E SEGUIMENTO DE CURSOS IMPARTIDOS POR EC					
Nº Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	82	56	90	111	149
Nº de exames (1ª, 2ª e 3ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (fitosanitarios)	38	56	101	135	231
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª, 2ª e 3ª conv. (Fitosanitarios)	0	824	1.171	1.343	2.935
Nº cursos IEA y curso forestal	4	6	1	1	0
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (cursos IEA)	4	9	1	3	0
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (IEA)	0	49	12	21	0
Nº Cursos de benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	124	47	61	66	83
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación (BA)	0	47	72	150	204
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (Benestar animal)	0	480	696	1.025	968
Nº de cursos de experimentación animal	0	0	0	0	3
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación	0	0	0	0	1
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv.	0	0	0	0	45
EMISIÓN DE CARNÉS/CERTIFICADOS/DIPLOMAS DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN					
Nº carnés de fitosanitarios emitidos	4.760	6.413	4.744	4.947	13.229
Certificados de profesionalidade (validacións)	252	62	85	152	172
Títulos de formación regrada (validacións)	217	297	286	339	422
Emisión de carnés de certificados emitidos noutra CCAA	18	31	37	31	15
Tramitación de renovacións	2394	3.109	2.692	2.325	5374

ACTIVIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
Tramitación de duplicados por perda	382	490	451	466	294
Corrección de erros	17	834	195	181	287
Cursos de entidades/xunta	1480	1.590	998	1.453	1585
Nº certificados/acreditacións benestar animal	1.240	655	1.177	1.050	1101
BA en explotacións	410	288	329	188	200
BA en transporte	830	320	380	289	183
Persoal que traballa en explotacións porcinas	0	47	221	219	86
Persoal que traballa en explotacións avícolas		0	199	61	60
Persoal que traballa en explotacións bovinas	0	0	48	78	172
Duplicados		Incluídos nos valores anteriores		215	200
Expedición de certificados de capacitación inicial para o persoal que traballa con animais de experimentación	379	277	271	159	144
Categoría a	77	58	51	35	26
Categoría b	128	98	88	49	49
Categoría c	137	94	92	51	48
Categoría d	27	14	30	17	15
Categoría e	8	12	9	7	3
Categoría f	2	1	1	0	3
Expedición de certificados de mantemento da capacitación para o persoal que traballa con animais de experimentación		62	733	5	17
Categoría a		8	55	1	4
Categoría b		16	214	1	3
Categoría c		22	247	1	4
Categoría d		13	170	0	3
Categoría e		2	27	2	3
Categoría f		1	20	0	0
Expedición doutros certificados	392	509	371	328	345
Certificados Fitosanitarios	16	84	92	53	21
IEA	365	401	238	252	288
Docentes	10	18	10	18	23
Cursos varios (poda, vitivinicultura, etc.)	1	6	31	5	13
OUTROS					
Autorizacións de cursos de Animais de Experimentación	2	0	0	1	1
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN DENTRO DO PROGRAMA FC					
Distribución manual de solicitudes del plan de formación	171	0*	0*	0*	0
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN IEA	273	380	95	186	326

Actividade dos centros de formación (CFEA)

No ámbito dos Centros de Formación e Experimentación Agraria, o ano 2025 caracterízase por unha evolución positiva tanto na oferta como na demanda de formación.

No curso 2024/2025 ofertáronse 373 prazas de novo ingreso, o que supón un incremento do **13,72 % respecto ao curso anterior**, do **24,75 % respecto a 2022/2023** e do **37,64 % respecto a 2021/2022**, o que evidencia unha tendencia sostida de crecemento.

Este incremento traduciuse nunha boa resposta do alumnado, acadándose máis de 500 matrículas en formación regrada, consolidando o papel dos CFEA como centros de referencia na formación agraria en Galicia.

A formación profesional dual continúa a ser un elemento clave, permitindo reforzar a relación co tecido produtivo e achegar o alumnado á realidade profesional. Neste sentido,


mantívose unha actividade importante de colaboración con empresas, así como a realización de visitas técnicas, prácticas e participación en eventos sectoriais.

En conxunto, os centros de formación e experimentación agraria da Agacal acadaron no curso académico 2024/2025 un total de **521 matrículas** nos ciclos de formación profesional (formación regrada), das que algo máis do **43 % corresponderon a mulleres**:

CFEA	CICLO	CÓDIGO	NIVEL	CURSO	MULLE RES	HOMES	TOTAL MATRÍCULAS
CFEA DE BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	1º	1	9	10
CFEA DE BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	3	9	11
CFEA DE BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	2º	7	13	20
CFEA DE BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	2º	1	7	8
CFEA DE PEDRO MURIAS	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA (DUAL)	ZMAGA01	MEDIO	1º	2	4	6
CFEA DE PEDRO MURIAS	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	ZMAGA04	MEDIO	1º	1	8	9
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL (DUAL)	ZSAGA03	SUPERIOR	1º	12	9	21
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CMAGA02	MEDIO	1º	7	11	18
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	CSAGA03	SUPERIOR	1º	16	4	20
CFEA DE SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	2	9	11
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL (DUAL)	ZSAGA03	SUPERIOR	2º	8	6	14
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CMAGA02	MEDIO	2º	1	13	14
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	CSAGA03	SUPERIOR	2º	22	5	27
CFEA DE SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	2º	1	8	9
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA	CMAGA01	MEDIO	2º	4	3	7
CFEA GUÍSAMO	PAISAXISMO E MEDIO RURAL (DUAL)	ZSAGA02	SUPERIOR	1º	4	1	5
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA (DUAL)	ZMAGA03	MEDIO	1º	4	6	10
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA (DUAL)	ZMAGA03	MEDIO	2º	3	6	9
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA	ZMAGA03	MEDIO	MOD-DIST	53	34	87
CFEA GUÍSAMO	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	CSAGA02	SUPERIOR	MOD-DIST	62	59	121
CFEA LOURIZAN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	1º	5	17	22
CFEA LOURIZAN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	2	20	22
CFEA LOURIZAN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	2º	4	19	23
CFEA LOURIZAN	APROVEITAMENTO E	CMAGA04	MEDIO	2º	1	16	17

CFEA	CICLO	CÓDIGO	NIVEL	CURSO	MULLE RES	HOMES	TOTAL MATRÍCULAS
	CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL						
TOTAL					226	296	521

CFEA MONFORTE DE LEMOS: non realiza actividades de formación regrada



Tamén se mantivo unha actividade destacada en materia de captación e divulgación, a través de xornadas de portas abertas, visitas a centros educativos e participación en feiras, fundamentais para dar visibilidade á oferta formativa.

En formación continua, os centros desenvolveron unha oferta ampla e adaptada ás necesidades do sector, combinando cursos técnicos especializados con formación habilitante. Neste sentido, aos CFEAs lles foron aprobadas nas diferentes convocatorias en execución durante a anualidade 2025 ata 82 accións de Formación continúa, 7 de transferencia e 10 de campos de ensaio e demostración financiadas baixo a intervención 7201 da PEPAC cun montante global de 350.078,57 € e que supuxo unha oferta de máis de 1.500 prazas de formación e transferencia tecnolóxica.

Cómpre salientar especialmente o papel do CFEA de Monforte na impartición do curso de **Aptitude Empresarial Agraria**, formación imprescindible para acceder ás axudas de primeira incorporación de mozos e mozas ao sector agrario. Esta formación continúa a rexistrar unha elevada demanda, superando no ano 2025 as **2.186 persoas matriculadas**,

o que pon de manifesto a súa relevancia e a consolida como unha ferramenta clave para favorecer o relevo xeracional no sector.

Por outra banda, o CFEA de Monforte continúa a desempeñar un papel fundamental no desenvolvemento da teleformación, avanzando na actualización e virtualización de contidos.

Valoración final

Durante o ano 2025 púxose unha vez mais de manifesto a importancia do mantemento e mellora do estado das instalacións dos centros como elemento clave para o seu funcionamento, nunha liña de traballo que xa se vén desenvolvendo desde anos anteriores.

En conxunto, o ano 2025 foi un ano de forte crecemento, cun incremento moi notable da actividade en todos os ámbitos: máis cursos, máis alumnado, máis exames e un volume de tramitación moi superior ao dos anos anteriores.

A pesar desta presión, conseguiuase manter o funcionamento do sistema, reforzar os mecanismos de control e seguir avanzando na mellora da organización e dos procedementos.

Os datos amosan un sistema formativo en expansión e cada vez máis esixente, o que fai necesario seguir reforzando os recursos e consolidando as ferramentas de xestión para poder dar resposta aos retos dos vindeiros anos nos diferentes sectores produtivos do ámbito agrario coa preparación dos profesionais que están chamados a prestar o relevo xeracional no tecido produtivo agrario galego.

Neste contexto, resulta igualmente necesario facer fincapé na importancia de manter uns recursos humanos estables e suficientes, que permitan dar resposta á crecente carga de traballo. Esta necesidade faise especialmente evidente tendo en conta a previsión dunha demanda extraordinaria de máis de 76.000 renovacións de carnés dos niveis básico e cualificado que caducan entre os anos 2026 e 2027, e que son susceptibles de seren tramitadas na súa meirande parte xa no ano 2026.

A confluencia destes factores previsiblemente obrigará a reforzar o persoal dispoñible para garantir unha resposta áxil e eficaz.

RESUMO EXECUTIVO

INVESTIGACIÓN. Actividades centralizadas

Durante a anualidade 2025 foron xestionados polo Departamento de Investigación e Transferencia un total de 155 solicitudes de pago por importe total de 3.393.084,12 €

correspondentes ás convocatorias de proxectos de grupos operativos das anualidades 2022, 2023 e 2024, amparados pola submedida 16.1 do PDR 2014-2020 e a intervención 7161 da PEPAC 2023-2027.

A través da submedida 7162.01 da PEPAC 2023-2027 foron aprobadas 14 proxectos baixo a modalidade de inversión directa da Administración a través dos seus propio medios que responden a iniciativas de cooperación innovadoras lideradas pola administración autonómica e que non están dentro da Asociación Europea de Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícola (AEI-Agri) por un importe total de 2.110.553,40 € a desenvolver durante as anualidades 2025, 2026 e 2027.

Controláronse e xestionáronse un total de 11 accións do Plan de Conservación dos Recursos Xenéticos Agrarios amparado pola submedida 10.2.3 do PDR de Galicia 2014-2020 que se executaron entre as anualidades 2023 e 2025 e que dispoñían dun importe global de 1.132.703,51 €. Do mesmo xeito, na anualidade 2025 se dispuxo todo o preciso para unha nova convocatoria de conservación xenética vexetal e gandeira ao amparo da Subintervención 65052_02 da PEPAC 2023-2027 na que foron aprobados 18 proxectos por importe total de capítulo VI de 863.770,59 € mais o importe de capítulo I preciso para a contratación de persoal oficial e titulados superiores a desenvolver durante as anualidades 2025 a 2027. Por outra banda, aínda que o CIF Lourizán pasou a depender da XERA a principios de ano, rematouse a xestión e control dos 10 expedientes de Recursos Xenéticos Forestais desenvolvidos ao amparo da Submedida 15.21 do PDR de Galicia 2014-2020 para os que se concera un montante global de 739.406,53 €.

Neste apartado da investigación, continuose coa promoción do Sistema AKIS AGACAL do que forman parte a Fundación Juana de Vega, Sementares SL e Cosecha de Galicia SL. Precisamente no marco do acordo programa de colaboración titulado Innovación en cultivos de interese para utilización como materias primas en bebidas para o que se dispuxo un orzamento total de 185.346,23 €, se contrataron dous investigadores predoutourais a través das bases do proceso selectivo publicado o 05 de maio de 2025 no DOG número 84.

Investigación agropecuaria

Durante o ano 2025 o CIAM desenvolveu 4 proxectos de ámbito europeos, 4 proxectos de convocatorias estatais, 13 proxectos piloto e Grupos Operativos FEADER, 8 proxectos piloto de accións de cooperación e 25 proxectos do Plan de Recursos Xenéticos Agrarios, o que constituíu un total de 54 proxectos en execución. Aos proxectos de investigación hai que sumarlle a contratación de persoal técnico de apoio (1) e as Axudas PREDOC (1):

RESUMO PROXECTOS E CONTRATACIÓNS EXECUTADAS NA ANUALIDADE 2025		
TIPOLOXÍA PROXECTO INVESTIGACIÓN	NÚMERO	ORZAMENTO 2025 (€)
Proxectos europeos	4	369.758,67 €
Proxectos de convocatorias estatais	4	39.699,95 €
Proxectos Piloto e Grupos operativos FEADER	13	101.652,58 €
Recursos Fitoxenéticos FEADER	25	199.754,35 €
Personal Técnico de Apoio	1	51.266,85 €
Accións de Cooperación 2025	8	335.297,73 €
Axudas PREDOC	1	47.239,32 €
TOTAL	56	1144669,45

Investigación forestal

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) desenvolveu durante a anualidade 2025 catro proxectos de convocatorias nacionais, un grupo operativo de carácter autonómico, catro accións de cooperación e tres actividades de recursos fitoxenéticos, sumando un total de 12 proxectos en execución., por un importe de 386.560,25 €.


Capacidade analítica

LAFIGA


O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo nestes aspectos o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa misión é realizar análises de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, análises foliares e solos, análises de sanidade vexetal e as de residuos de pesticidas nas mostras de orixe agraria e alimentaria.

O resumo de mostras e determinacións en 2025 é o seguinte:

Sección	Mostras
Alimentos	353
Bebidas	1.875
Sanidade vexetal	14.169
Fertilizantes	409
Residuos pesticidas	438
Solos e análises foliares	1.700
Total	18.944



Sección	Determinacións
Alimentos	2.275
Bebidas	16.138
Sanidade vexetal	24.068
Fertilizantes	2.262
Residuos pesticidas	55.626
Solos e análises foliares	34.763
Total	135.132



É preciso a cobertura do cadro de persoal. Para dar un servizo analítico eficaz non chega con adquirir novos equipamento que desenvolven técnicas modernas, rápidas e fiables. É necesario cubrir os postos vacantes con persoas que poidan desenvolver e acreditar novas técnicas e métodos analíticos para poder dar un servizo analítico eficaz.

A dotación de todas as prazas do cadro de persoal, a renovación e mellora dos equipamentos e o desenvolvemento e acreditación dos métodos analíticos permitirán, aos laboratorios de servizo da AGACAL, exercer como verdadeiros centros de referencia rexional no ámbito agrario e alimentario.

EVEGA

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Ensayos para evaluar las características de calidad en vino (por 5 métodos distintos)
- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO	
Servizos (nº de mostras viños analizadas)	4706
Servizos (nº demostras análise micro biolóxico viños)	10
Servizos (nº de ensaios)	32314
Servizos (nº de informes emitidos)	4706
Servizos (nº de certificados de exportación)	35
Servizos (nº mostras análise viroses)	2660
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	0

TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTOS. Actividades centralizadas.

No relativo a actividades de transferencia de coñecementos a través da intervención 7201 se traballou en diversas convocatorias como foron:

- Baixo a modalidade de Formación continúa (subintervención 7101.1) foron aprobadas un total de 166 accións de formación cun importe total de inversión de 540.021,82 € que permitiu a impartición de 50 actividades formativas esixibles. O 92,89 % das actividades foron impulsadas dende a propia área de Formación, Innoación e Investigación Agraria directamente ou a través da súas unidade dependentes. Entre todas as actividades executadas asistiron 2.441 alumnos dos que o 63.33 % eran homes e o 34.63 % mulleres.
- En cando aos campos de demostración e ensaio xestionados baixo a subintervención 7201.2, na anualidade 2024 foran aprobadas 35 accións por importe total de 695.971,00 € a desenvolver durante tres anualidades e que para a 2025 representaban 326.778 €. A maiores na anualidade 2025 se aprobaron 14 novas actividades por valor de 303.492,95 €.
- En transferencia de coñecementos (subintervención 7201.3) foron xestionadas 73 propostas para as que se solicitou 172.424,09 €.
- Baixo a modalidade de visitas, subintervención 7201.5, se impulsou e financiou unha visita de gandeiros de produción de leite a Austria.
- A través da subintervención 7201.6 de formación de asesores se desenvolveron 12 actividades formativas, 3 visitas técnicas e unha asistencia a reunión científica que supuxo unha inversión de 112.823,02 €.

Dende o Departamento de Investigación e transferencia tamén se deu cumprimento aos compromisos adquiridos en materia de Estatística Agraria coa Administracio Xeral do Estado en virtude don convenio asinado o 21 de maio de 2025 (BOE nº 132 de 2 de xuño, e en base ao Programa esatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 cuio Decreto 201/2024 foi publicado don DOG número 8 dp 14 de xaneiro de 2025.

Ademáis se realizaron actividades en materia de publicacións e supervisión lingüística (traducción, corrección e maquetación) de documentación da Consellería do Medio Rural e venda de exemplares técnicos de interés e outras actividades relacionadas.

FORMACIÓN.

Actividades centralizadas.

En 2025 xestionáronse 14.330 solicitudes de expedición de certificados, acreditacións e carnés profesionais, fronte ás 5.997 do ano anterior, o que supón un incremento do **138,95 %**. Neste sentido, cómpre salientar o incremento da actividade das entidades colaboradoras, que permitiron a organización de **149 cursos de fitosanitarios (fronte a 111 en 2024)** e **83 cursos en materia de benestar animal (fronte a 66 no ano anterior)**.

Este aumento tivo un reflexo directo na xestión das probas de aptitude, cun total de **231 exames en fitosanitarios (fronte a 135 en 2024)** e **204 exames en benestar animal (fronte a 150 en 2024)**, o que evidencia o forte incremento da carga de traballo neste ámbito.

En canto á participación, destaca especialmente o número de persoas matriculadas para exame, con **2.935 alumnos/as en fitosanitarios (fronte a 1.343 en 2024)** e preto de **1.000 en benestar animal**, consolidando unha tendencia de crecemento moi clara.

Toda esta actividades se pode resumir no seguinte cadro:

ACTIVIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
HOMOLOGACIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS (EC)					
Inscripción de novas entidades MR330C (formación todas as modalidades excepto Benestar animal)	4	8	6	7	3
Inscripción de novas entidades MR 205A (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	0	0	4	7	6
Homologación de novas especialidades formativas (benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	11	5	17	24	8
AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN POR EC					
Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (MR203A)	88	104	116	98	92
Incorporación á empresa Agraria (IEA; MR330D)	9	16	12	10	7
Formación en materia forestal	8	2	10	4	5
XESTIÓN DA COMUNICACIÓN DE INICIO E SEGUIMENTO DE CURSOS IMPARTIDOS POR EC					
Nº Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	82	56	90	111	149
Nº de exames (1ª, 2ª e 3ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (fitosanitarios)	38	56	101	135	231
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª, 2ª e 3ª conv. (Fitosanitarios)	0	824	1.171	1.343	2.935
Nº cursos IEA y curso forestal	4	6	1	1	0
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. formación (cursos IEA)	4	9	1	3	0
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (IEA)	0	49	12	21	0
Nº Cursos de benestar animal e formación persoal de granxas avícolas, porcinas e bovinas)	124	47	61	66	83
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación (BA)	0	47	72	150	204
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv. (Benestar animal)	0	480	696	1.025	968
Nº de cursos de experimentación animal	0	0	0	0	3
Nº de exames (1ª, 2ª conv.) xestionados polo Dpto. Formación	0	0	0	0	1
Nº de alumnos/as matriculados para exame en 1ª e 2ª conv.	0	0	0	0	45
EMISIÓN DE CARNÉS/CERTIFICADOS/DIPLOMAS DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN					
Nº carnés de fitosanitarios emitidos	4.760	6.413	4.744	4.947	13.229
Certificados de profesionalidade (validacións)	252	62	85	152	172
Títulos de formación regrada (validacións)	217	297	286	339	422
Emisión de carnés de certificados emitidos noutra CCAA	18	31	37	31	15
Tramitación de renovacións	2394	3.109	2.692	2.325	5374
Tramitación de duplicados por perda	382	490	451	466	294

ACTIVIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
Corrección de erros	17	834	195	181	287
Cursos de entidades/xunta	1480	1.590	998	1.453	1585
Nº certificados/acreditacións benestar animal	1.240	655	1.177	1.050	1101
BA en explotacións	410	288	329	188	200
BA en transporte	830	320	380	289	183
Persoal que traballa en explotacións porcinas	0	47	221	219	86
Persoal que traballa en explotacións avícolas		0	199	61	60
Persoal que traballa en explotacións bovinas	0	0	48	78	172
Duplicados		Incluídos nos valores anteriores		215	200
Expedición de certificados de capacitación inicial para o persoal que traballa con animais de experimentación	379	277	271	159	144
Categoría a	77	58	51	35	26
Categoría b	128	98	88	49	49
Categoría c	137	94	92	51	48
Categoría d	27	14	30	17	15
Categoría e	8	12	9	7	3
Categoría f	2	1	1	0	3
Expedición de certificados de mantemento da capacitación para o persoal que traballa con animais de experimentación		62	733	5	17
Categoría a		8	55	1	4
Categoría b		16	214	1	3
Categoría c		22	247	1	4
Categoría d		13	170	0	3
Categoría e		2	27	2	3
Categoría f		1	20	0	0
Expedición doutros certificados	392	509	371	328	345
Certificados Fitosanitarios	16	84	92	53	21
IEA	365	401	238	252	288
Docentes	10	18	10	18	23
Cursos varios (poda, vitivinicultura, etc.)	1	6	31	5	13
OUTROS					
Autorizacións de cursos de Animais de Experimentación	2	0	0	1	1
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN DENTRO DO PROGRAMA FC					
Distribución manual de solicitudes del plan de formación	171	0*	0*	0*	0
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN IEA	273	380	95	186	326

Actividade dos Centros de Formación e Experimentación Agraria (CFEA).

No curso 2024/2025 ofertáronse 373 prazas de novo ingreso, o que supón un incremento do **13,72 % respecto ao curso anterior**, do **24,75 % respecto a 2022/2023** e do **37,64 % respecto a 2021/2022**, o que evidencia unha tendencia sostida de crecemento.

Este incremento traduciuse nunha boa resposta do alumnado, acadándose máis de 500 matrículas en formación regrada, consolidando o papel dos CFEA como centros de referencia na formación agraria en Galicia.

En conxunto, os centros de formación e experimentación agraria da Agacal acadaron no curso académico 2024/2025 un total de **521 matrículas** nos ciclos de formación profesional (formación regrada), das que algo máis do **43 % corresponderon a mulleres**:

CFEA	CICLO	CÓDIGO	NIVEL	CURSO	MULLE RES	HOMES	TOTAL MATRÍCULAS
CFEA DE BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	1º	1	9	10
CFEA DE BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	3	9	11
CFEA DE BECERREÁ	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	2º	7	13	20
CFEA DE BECERREÁ	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	2º	1	7	8
CFEA DE PEDRO MURIAS	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA (DUAL)	ZMAGA01	MEDIO	1º	2	4	6
CFEA DE PEDRO MURIAS	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL (DUAL)	ZMAGA04	MEDIO	1º	1	8	9
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL (DUAL)	ZSAGA03	SUPERIOR	1º	12	9	21
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CMAGA02	MEDIO	1º	7	11	18
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	CSAGA03	SUPERIOR	1º	16	4	20
CFEA DE SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	2	9	11
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL (DUAL)	ZSAGA03	SUPERIOR	2º	8	6	14
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	CMAGA02	MEDIO	2º	1	13	14
CFEA DE SERGUDE	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	CSAGA03	SUPERIOR	2º	22	5	27
CFEA DE SERGUDE	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	2º	1	8	9
CFEA DE SERGUDE	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA	CMAGA01	MEDIO	2º	4	3	7
CFEA GUÍSAMO	PAISAXISMO E MEDIO RURAL (DUAL)	ZSAGA02	SUPERIOR	1º	4	1	5
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA (DUAL)	ZMAGA03	MEDIO	1º	4	6	10
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA (DUAL)	ZMAGA03	MEDIO	2º	3	6	9
CFEA GUÍSAMO	XARINARÍA E FLORARÍA	ZMAGA03	MEDIO	MOD- DIST	53	34	87
CFEA GUÍSAMO	PAISAXISMO E MEDIO RURAL	CSAGA02	SUPERIOR	MOD- DIST	62	59	121
CFEA LOURIZAN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	1º	5	17	22
CFEA LOURIZAN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	1º	2	20	22
CFEA LOURIZAN	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	CSAGA01	SUPERIOR	2º	4	19	23
CFEA LOURIZAN	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	CMAGA04	MEDIO	2º	1	16	17
TOTAL					226	296	521

Por último, nos cursos de Aptitude Empresarial Agraria impartidos principalmente polo Centro de Formación e Experimentación Agraria de Monforte se matricularon 2.186 persoas.



ÍNDICE

Control dos produtos acollidos a réximes de calidade e supervisión dos organismos con tarefas de control oficial delegadas	1
Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía Alimentaria	1
Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control	3
Xestión de liñas de axuda para as producións de calidade diferenciada	3
Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores	3
Axudas para programas de calidade desenvolvidos polos consellos reguladores	5
Axudas para a promoción dos produtos de calidade diferenciada	6
Axudas para os gastos de participación dos produtores en réximes de Calidade	8
Outras actuacións de apoio á xestión dos consellos reguladores aos seus sistemas de control e certificación e de defensa dos nomes rexistrados	9
Servizos de apoio á xestión dos consellos reguladores	9
Realización de auditorías aos consellos reguladores para o mantemento da acreditación da ENAC	9
Participación en órganos colexiados do sistema de certificación dos consellos reguladores	10
Participación nos plenos dos consellos reguladores	10
Expedición de carnés de inspectores dos consellos reguladores	11
Observacións a solicitudes de marcas presentadas na OEPM (Oficina española de patentes e marcas) e na EUIPO (Oficina europea da propiedade industrial)	11
Recollida e tratamento de datos e elaboración de informes	12
Informe da actividade dos consellos reguladores en 2024	12
Informe da vendima de 2025	14
Modificacións de pregos de condicións de figuras de protección da calidade e outras actividades de produción de normativa	17
Modificación do prego de condicións da DOP Ribeira Sacra	18
Modificación do prego de condicións da DOP Ribeiro	18
Modificación do prego de condicións da DOP Monterrei	20
Modificación do prego de condicións da IXP Ribeiras do Morrazo	21
Orde pola que se aproban doce normas técnicas da artesanía alimentaria	23



Organización e participación en eventos para a promoción dos produtos de calidade diferenciada	23
Madrid Fusión 2025 (IFEMA, Madrid, 27 ao 29 de xaneiro)	24
ALVARIZA (Lalín, 1 e 2 de febreiro)	26
Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, Palacio 8 recinto Montjuic. Barcelona do 3 ao 5 de febreiro)	26
Santiago (é) Tapas (Santiago de Compostela, do 13 de febreiro ao 5 de marzo)	27
ABANCA CIMAG-GANDAGRO (Recinto Feiral de Silleda, do 20 ao 22 de febreiro)	28
Biocultura (A Coruña, 7 ao 9 de marzo)	28
PROWEIN (Düsseldorf, Alemaña, do 16 ao 18 de marzo)	29
Festa do Queixo de San Simón da Costa (Vilalba, 5 e 6 de abril)	31
Salón Gourmets (IFEMA, Madrid, do 7 ao 10 de abril)	31
Evento Castes Madrid (Madrid, 13 ao 17 de xuño, espazo urbano Estación Chamartín e Casa de Galicia Madrid)	35
Foro Galis (Santiago de Compostela, 13 de xuño)	35
Festival Portamérica (Portas, 3, 4 e 5 de xullo)	36
Mercado "Experiencias de Calidade", (Viveiro 29 ao 31 de agosto)	37
Festival da Luz (Boimorto, 29 ao 31 de agosto)	39
AMERICAS FOOD & BEVERAGE SHOW 2025 (Centro de Convencións de Miami Beach, Florida USA, do 10 ao 13 de setembro)	40
FEIRA ARTESANAMENTE (sede Afundación Santiago de Compostela do 19 ao 21 de setembro)	41
FRUIT ATTRACTION (IFEMA, Madrid do 30 de setembro ao 2 de outubro)	42
IBERFLORA (Fira de Valencia, Valencia do 14 ao 16 de outubro)	43
Gatronic Forum, Barcelona, do 3 ao 5 de novembro de 2025	43
XANTAR, salón internacional do turismo gastronómico (Recinto feiral Expourense, do 20 ao 23 de novembro)	44
Mercados de Nadal 2025	45
Outras accións promocionais realizadas en 2025	47
Organización das Catas de Galicia	47
Cata dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia (Pazo de Quián, Sergude e Santiago de Compostela, do 13 ao 30 de outubro)	47
Cata dos queixos e dos meles de Galicia (Santiago de Compostela, 25, 26 e 27 de novembro e 2 de decembro)	53
Campañas publicitarias en medios de comunicación	56
Actividade da web «experiencias de calidade» e nas redes sociais	57
Web «Experienciasdecalidade.gal»	57
As redes sociais da Axencia	59



Control dos produtos acollidos a réximes de calidade e supervisión dos organismos con tarefas de control oficial delegadas

Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía alimentaria

Un dos labores principais da Área de Calidade Alimentaria da Axencia é a realización do control oficial do cumprimento por parte dos operadores da normativa específica das diferentes figuras de protección da calidade, tanto denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas como os produtos da agricultura ecolóxica e da artesanía alimentaria.

Para a realización destes labores danse dúas situacións. Así, para as figuras de protección da calidade diferenciada que non contan cun consello regulador capacitado para facer o labor de control, é a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a que fai directamente o control do cumprimento da normativa específica da figura de calidade, mediante auditorías ou outro tipo de actuacións de comprobación. Na realización destas auditorías utilízase toda a información dispoñible: declaracións dos operadores, verificacións en rexistros oficiais, visitas de control e auditorías anteriores, etc. Ademais, infórmase aos operadores sobre as súas obrigas con relación á figura de protección da calidade diferenciada á que pertencen así como dos resultados das auditorías e controis realizados. As non conformidades detectadas póñense en coñecemento do operador para que estableza e aplique as medidas correctivas que sexan precisas para solucionar o incumprimento.

Figura de calidade	Controis a produtores	Controis a elaboradores	Controis a outros operadores	Total controis
IXP Val do Miño-Ourense		1		1
IXP Betanzos		4		4
IXP Barbanza e Iria		4		4
IXP Ribeiras do Morrazo		5		5
IXP Terras do Navia		5		5
Augardentes e LTG (4)		4		4
IXP Faba de Lourenzá	9	6		15
IXP Castaña de Galicia	6	5	1	12
DOP Pemento de Herbón	8	9		17
IXP Pemento do Couto	1	3		4
IXP Pemento da Arnoia				0
IXP Pemento de Oímbra		2		2
IXP Pemento de Mougán		3		3
IXP Grelos de Galicia	13	2		15
IXP Tarta de Santiago		9		9
IXP Pan de Cea		12		12
IXP Pan Galego	23	7	4	34
IXP Lacón Gallego		1		1
DOP Cebreiro		3		3



DOP San Simón da Costa	18	9		27
DOP Arzúa-Ulloa	32	15	2	49
DOP Queixo Tetilla	2			2
IXP Capón de Vilalba	3	3	1	7
Total	115	112	8	235

Controis a operadores en 2025

Na táboa anterior resumimos a actividade de control realizada en 2025 para aquelas figuras para as que a axencia asume a tarefa de xeito directo. En total son 26 as DOP/IXP para as que a axencia asume directamente a realización da comprobación do cumprimento dos pregos de condicións correspondentes por parte dos diferentes operadores. Debe terse en conta que os datos relativos ás indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia, que na táboa van agregados, correspóndense en realidade con catro indicacións xeográficas diferentes: *Orujo de Galicia*, *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, *Licor de Hierbas de Galicia* e *Licor Café de Galicia*.

En total foron 235 os controis realizados en 2025 para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións. Como no ano anterior, realizáronse tanto auditorías presenciais como documentais.

Respecto á artesanía alimentaria, continuouse coa inscrición no rexistro das empresas artesanais e coa expedición de cartas de persoa artesá. Respecto da inscrición no rexistro de empresas artesás, durante o ano 2025 xestionáronse 59 expedientes, dos cales 34 foron resoltos positivamente, 15 expedientes foron resoltos negativamente e 10 expedientes seguían en tramitación.

Por outra banda, expedíronse durante o ano 2025 un total de 32 cartas de persoas artesás, e a finais de ano atopábanse en tramitación un total de 20, e 7 solicitudes resolvéronse negativamente.

Durante o ano 2025, leváronse a cabo 47 auditorías documentais sobre empresas inscritas que tiveron actividade e 8 auditorías de seguimento presenciais para comprobar o cumprimento do establecido nas normas técnicas específicas para cada tipoloxía de produto.

Figura de calidade	Cartas Persoas artesás	Empresas artesás		
		Auditoría certificación	Auditorías Documental	Auditoría seguimento
Artesanía alimentaria	32	34	47	8
Total	32	34		55

Resumo da actividade de control en relación coa Artesanía alimentaria en 2025

O número de actuacións de control tanto en denominacións de orixe e indicacións xeográficas como en artesanía alimentaria ascendeu no ano 2025 a un total de 324.



Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control

Para o caso das figuras de calidade que contan cun consello regulador con medios humanos e materiais suficientes que lles permitiron no pasado a súa acreditación por ENAC, a Axencia ten feita neles unha delegación das tarefas de control oficial, de xeito que a comprobación do cumprimento da normativa destas figuras de protección da calidade faina o correspondente consello regulador. Nestes casos, a misión da Axencia, como autoridade competente, é a de supervisar os traballos realizados por delegación.

A Axencia tamén realiza esta función de supervisión naqueles casos nos que a delegación de tarefas se fixo nun organismo de certificación, como é o caso da DOP Mexillón de Galicia ou no dos organismos de certificación que operan en Galicia controlando a ETG *Jamón Serrano* ou determinados pregos de condicións de indicacións xeográficas protexidas doutras comunidades autónomas para as que está permitido realizar algunhas operacións anteriores á comercialización fóra da súa área xeográfica, como é o caso da maduración na IXP *Plátano de Canarias* ou o embotellado no da IXP *Vino de Castilla y León* e na IXP *Vino de Castilla*.

Esta supervisión se concreta tanto na revisión de documentación como nun traballo máis profundo de auditoría. Na táboa seguinte recóllese o resumo desta actividade de supervisión en 2025.

Figura de calidade	Expedientes	Detalle expedientes	
		Auditoría	Control operadores
IXP Pataca de Galicia	1		3
DOP Queixo Tetilla	1		6
IXP Mel de Galicia	1		2
IXP Ternera Gallega	1		8
IXP Vaca Gallega-Buey Gallego	1		5
Total	5		24

Supervisión consellos reguladores e organismos con delegación de tarefas de certificación en 2025

Como se pode ver, as actuacións de supervisión afectaron a cinco figuras de protección da calidade e supuxeron a realización de vinte e catro controis.

Xestión de liñas de axuda para as producións de calidade diferenciada

Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores

Para cubrir os gastos de funcionamento dos consellos reguladores existe unha partida de fondos propios do capítulo IV que se adxudica a través dun acordo do Consello da Xunta. En 2025 o acordo foi adoptado o día 7 de xullo. Eran subvencionables nesta liña de axuda os gastos correntes realizados directamente polos consellos reguladores derivados da súa actividade sempre que se producisen entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025.



Do orzamento de 2025, destináronse cincocentos corenta mil euros (540.000 €) para este fin.

O reparto entre os diferentes consellos reguladores fíxose, como en anos anteriores, de acordo cun baremo en función de diversos criterios obxectivos. Estes criterios teñen en conta: a maior ou menor capacidade de autofinanciamento, favorecéndose aos consellos reguladores que teñen menor facilidade para conseguir recursos propios (criterio I); o peso dos gastos de persoal sobre o total de gastos (criterio II) e a relación entre os gastos de persoal e os ingresos propios (criterio III), primándose con estes dous criterios o apoio aos consellos reguladores que teñen un peso relativo maior de gastos de persoal, especialmente a aqueles nos que ese gasto está a superar amplamente a súa capacidade de xerar ingresos; e a maior ou menor dispersión xeográfica, outorgándose máis puntos a aqueles consellos reguladores que deben atender inscritos nunha área máis ampla (criterio IV). Ademais, para os consellos reguladores que non contan con persoal propio e aos que lles presta servizos a Axencia, introdúcese dous factores de corrección, un polo propio feito de carecer de persoal (criterio V) e o outro para modular o exceso de financiamento con base no dato das previsións de gasto para o período de actividade que se pretende subvencionar (criterio VI).

Exclúense do reparto os consellos reguladores que non acrediten que as retribucións do seu persoal se adaptan ao disposto no Decreto 119/2012 do 3 de maio (requisito que deixou fóra do reparto ao Consello Regulador da DO Rías Baixas).

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R. das II.XX. AUGAD. e LICORES TRAD. GALICIA	46.600,00	46.600,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	46.600,00	46.600,00
C. R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	30.000,00	30.000,00
C.R.D.O.P. CEBREIRO	20.000,00	20.000,00
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	30.000,00	30.000,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	46.600,00	46.600,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	30.000,00	30.000,00
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	30.000,00	30.000,00
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	20.000,00	20.000,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	30.000,00	30.000,00
C.R.D.O. RIBEIRO	30.000,00	30.000,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	30.000,00	30.000,00
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	5.000,00	5.000,00
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	30.000,00	30.000,00
C.R.D.O. MONTERREI	20.000,00	20.000,00
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	30.000,00	30.000,00
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZÁ	10.050,00	7.325,57
C.R.D.O.P. PEMENTO DE HERBÓN	10.050,00	8.082,06



C. R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	5.000,00	4.818,57
C.R.I.X.P. TARTA DE SANTIAGO	10.050,00	10.050,00
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	5.000,00	3.989,85
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	10.050,00	9.494,70
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OÍMBRA	5.000,00	0
C.R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	5.000,00	0
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGÁN	5.000,00	0
	540.000,00	518.560,75

Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores 2025

Axudas para programas de calidade desenvolvidos polos consellos reguladores

A Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribuíu aos consellos reguladores a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, entre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados. Esta lei foi derogada pola Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, pero nesta nova lei mantense a consideración dos consellos reguladores como corporacións de dereito público nas que se poden delegar, baixo determinados requisitos, tarefas de control oficial relativas á verificación do cumprimento da normativa específica da figura de calidade.

A realización destas tarefas de control supón un labor de notable complexidade, cuxo desenvolvemento eficaz constitúe un factor clave na credibilidade da denominación, e representa un importante custo económico para os consellos reguladores.

Para financiar os ditos gastos, anualmente publícase unha liña de axudas dotada con fondos propios, á que concorren os consellos reguladores que executan actividades de control. De acordo con isto, o 25 de abril de 2025 publicouse no DOG a *Resolución do 16 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR302B)*. As axudas cobren ata o 50 % do gasto subvencionable, para o que tamén se establecen topes. Ademais teñen prioridade os gastos directamente vencellados á acreditación do consello regulador como entidade certificadora.

A convocatoria 2025 tivo unha dotación orzamentaria de trescentos sesenta mil euros (360.000 €). A concesión das axudas realizouse mediante a Resolución da dirección da Axencia do 10 de xullo de 2025, que se publicou no DOG do día 18 de xullo. Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables da xestión destas axudas.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	29.276,44	29.276,44
C.R.D.O. VALDEORRAS	29.276,44	29.276,44



C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	29.276,44	29.276,44
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	2.368,21	1.660,56
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	2.589,88	1.560,15
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	38.276,44	38.276,44
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	56.276,44	56.276,44
C.R.D.O. MONTERREI	29.276,44	29.276,44
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	29.276,44	29.276,44
C.R.D.O. RIBEIRO	29.276,44	29.276,44
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	4.557,85	4.207,19
C.R.D.O.P. CEBREIRO	841,01	841,01
C.R.DAS DD.XX. AUGAD.E LICORES TRAD.GALICIA	20.276,44	20.276,44
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	602,21	602,21
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	29.276,44	29.276,44
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	29.276,44	29.276,44
	360.000 €	357.911,96

Axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores 2025

Como resumo da xestión en 2025 desta liña de axudas temos que indicar que se aprobaron 16 expedientes, todos eles cunha porcentaxe de subvención do 50 % e cunha subvención total aprobada de 360.000 € e unha axuda finalmente pagada de 357.911,96 €.

Axudas para a promoción dos produtos de calidade diferenciada

O 2 de abril de 2025 publicouse no DOG a Resolución do 24 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agrícolas e alimenticios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o exercicio orzamentario 2025 (código de procedemento MR302A). Era esta a primeira convocatoria que se facía para actividades de promoción con base do Plan Estratéxico da PAC, en concreto no marco da intervención 7132, Cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en réximes de calidade e, máis concretamente, no marco da subintervención 7132.03, Promoción réximes de calidade (promoción tipo 3), subintervención que ven ser herdeira da submedida 3.20 do PDR de Galicia 2014-2020, que financiou este tipo de actividades entre o ano 2016 e o 2024.

Son axudas que financian as accións de promoción -como a asistencia e a organización de feiras e eventos comerciais, estudos de mercado ou campañas publicitarias, entre outras accións de promoción- que realizan os distintos consellos reguladores e outras asociacións sen ánimo de lucro vinculadas aos diferentes réximes de calidade, como son as denominacións de orixe protexidas, as indicacións xeográficas protexidas ou a agricultura ecolóxica. As axudas están financiadas con fondos do Feader (60%), do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (12%) e da Xunta de Galicia (28%).



A convocatoria 2025 tivo unha dotación orzamentaria de 2.000.000 € para a anualidade 2025 e 1.000.000 € para a anualidade 2026.

As axudas son subvencións a fondo perdido, que poden chegar ata o 70% do gasto elixible en función da puntuación obtida de acordo cos criterios que se recollen nas bases. As accións debían iniciarse no ano 2025. Os gastos subvencionables realizados ata o 30 de setembro de 2025 financiáronse con cargo á anualidade corrente e a data límite para a súa xustificación foi o 10 de outubro. Pola súa parte, os gastos subvencionables realizados entre o 1 de outubro de 2025 e o 31 de xaneiro de 2026 financiáronse con cargo a anualidade 2026, e o prazo de xustificación tiña como data límite o 1 de marzo.

A concesión das axudas fíxose mediante a Resolución do 19 de agosto de 2025, publicada no DOG do día 27 dese mesmo mes. Como resumo da xestión das concesións destas axudas en 2025, debemos sinalar que foron 14 os expedientes aprobados (12 de consellos reguladores e 2 de asociacións) cunha subvención total concedida de 2.659.647,68 €. Na seguinte táboa reflíctense os principais datos da xestión destas axudas.

Beneficiario	Investimento Subvencionable	%SUBV.	Subvención Concedida	Subvención Concedida 2025	Subvención Concedida 2026
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	163.349,00	70,00	114.344,30	50.660,41	63.683,90
C.R.D.O. VALDEORRAS	571.428,57	70,00	400.000,0	266.036,79	133.963,21
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	61.910,99	70,00	43.337,69	23.625,41	19.712,28
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	112.504,41	70,00	78.753,09	24.116,86	54.636,23
C.R.DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA	283.275,00	70,00	198.292,50	130.252,50	68.040,00
C.R.D.O. MONTERREI	571.428,57	70,00	400.000,00	286.721,94	113.278,06
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	571.428,57	70,00	400.000,00	348.359,35	51.640,65
C.R.D.O. RIBEIRO	571.428,57	70,00	400.000,00	278.226,07	121.773,93
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	170.932,50	70,00	119.652,75	70.880,25	48.772,50
ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA	64.500,00	70,00	45.150,00	7.700,00	37.450,00
ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO DE RÍAS BAIXAS	75.002,06	70,00	52.501,44	11.940,94	40.560,50
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	66.223,44	70,00	46.356,41	30.901,88	15.454,53
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	90.000,00	70,00	63.000,00	42.000,00	21.000,00
C.R.I.X.P. VACÚN DE GALICIA	426.085,00	70,00	298.259,50	163.299,50	134.960,00
			2.659.647,68	1.734.721,89	924.925,79

Axudas para a promoción dos produtos de calidade diferenciada 2025



Axudas para os gastos de participación dos produtores en réximes de calidade

O 22 de abril de 2025 publicouse no DOG a Resolución do 10 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á cooperación para promover a participación de agricultores en réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR362A). Foi esta a primeira convocatoria da axuda para cubrir este tipo de actuacións no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027. As axudas enmárcanse na intervención 7131 «Cooperación para promover a participación en réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios», intervención que coincide en obxectivos e persoas destinatarias da axuda coas da medida 3.10 do PDR 2014-2020, que se viñeron convocando desde o ano 2016.

Estas axudas serven para financiar os gastos dos agricultores e gandeiros derivados da súa pertenza aos distintos réximes de calidade alimentaria. Están financiadas con fondos do Feader (60%), do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (12%) e da Xunta de Galicia (28%). A súa finalidade é fomentar a participación dos agricultores e gandeiros nos diferentes réximes de calidade, como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas ou a agricultura ecolóxica, mediante a contribución ao financiamento dos custos fixos que esta participación ocasiona. A contía da axuda pode chegar ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos.

Na convocatoria 2025, de forma coherente coas anteriores no marco do PDR, foron subvencionables os gastos imputables á campaña anual comprendida entre o 1 de maio de 2024 e o 30 de abril de 2025.

A convocatoria 2025 tivo unha dotación orzamentaria de douscentos corenta mil euros (240.000 €). Como se pode ver no cadro adxunto, aprobáronse 633 solicitudes das 734 presentadas. O orzamento foi suficiente este ano para atender todas as solicitudes presentadas admisibles, aprobándose un importe de 184.025,05 € que logo da fase de xustificación quedaron nun importe pagado total de 180.081,30 €.

Programa de calidade	Solicitudes presentadas	Solicitudes aprobadas	Importe aprobado (€)	Importe pagado GPT (€)
DO Valdeorras	1	0	0	0
IXP Mel de Galicia	25	23	7.981,67	7.981,67
IXP Ternera Gallega	416	351	73.772,00	70.231,00
Agricultura Ecolóxica	278	249	99.600,20	99.360,45
IXP Vaca G. – Buey G.	8	6	1.834,00	1.771,00
IXP Grelos de Galicia	1	0	0	0
DO Ribeiro	1	1	524,06	524,06
IXP Pemento de Ombra	2	1	184,00	184,00
IXP Pan Galego	2	2	129,12	129,12
TOTAL 2025	734	633	184.025,05	180.081,30

Axudas para os gastos de participación dos produtores en réximes de calidade 2025



Outras actuacións de apoio á xestión dos consellos reguladores aos seus sistemas de control e certificación e de defensa dos nomes rexistrados

Servizos de apoio á xestión dos consellos reguladores

De acordo coa normativa vixente, os consellos reguladores teñen entre as súas funcións a de xestionar a correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica. Porén, moitos dos consellos reguladores existentes non teñen unha estrutura de persoal propia para a realización destas tarefas, que por outra parte son de carácter especializado e precisan persoal adecuadamente formado para a súa execución. Por iso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria presta os seus servizos a estes consellos reguladores para o desenvolvemento destas tarefas, que se concretan fundamentalmente nas seguintes actividades:

- Secretariado do consello regulador (convocatoria de reunións, levantamento de actas, apoio xurídico e técnico, etc.)
- Xestión dos rexistros de operadores
- Tramitación de solicitudes de axudas para as diferentes actuacións do consello regulador e tramitación dos correspondentes expedientes de cobro
- Elaboración dos orzamentos anuais
- Elaboración da memoria anual e da liquidación anual de contas
- Relación cos operadores (comunicacións, entrega de contra etiquetas, envío de circulares, etc.)
- Emisión das cotas que deben pagar os operadores ao consello regulador
- Contabilidade

Durante o ano 2025, dende a axencia prestouse o servizo de xestión aos dez consellos reguladores que se recollen na seguinte lista:

- CR IXP Faba de Lourenzá
- CR DOP Pemento de Herbón
- CR IXP Pemento do Couto
- CR IXP Pemento da Arnoia
- CR IXP Pemento de Oímbra
- CR IXP Pemento de Mougán
- CR IXP Grellos de Galicia
- CR IXP Tarta de Santiago
- CR IXP Lacón Gallego
- CR IXP Pan Galego

Realización de auditorías aos consellos reguladores para o mantemento da acreditación da ENAC

Os organismos acreditados para a realización da certificación de produtos conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012 están obrigados a facer anualmente unha



auditoría do funcionamento do seu sistema de calidade para poder manter a acreditación no cumprimento desta norma. Para facilitar a satisfacción desta esixencia e evitar custos adicionais aos consellos reguladores, a Axencia realiza este tipo de auditorías a aqueles consellos reguladores acreditados nos que se delegaron tarefas de control que llo solicitan.

De acordo con iso, en 2025 a Axencia realizou tres auditorías deste tipo, ao Consello Regulador da DOP Queixo Tetilla, ao Consello Regulador da IXP Mel de Galicia e ao Consello Regulador da IXP Pataca de Galicia.

Participación en órganos colexiados do sistema de certificación dos consellos reguladores

Como unha actividade máis de apoio ao funcionamento dos consellos reguladores que teñen delegadas funcións de control, durante o ano 2025 o persoal da Axencia participou en diversos órganos colexiados relacionados co sistema de certificación destes consellos reguladores. Esta participación tradúcese na achega de persoal especializado que participa nos procesos de toma de decisión destes órganos, que poden adoptar distintas denominacións e realizar diferentes funcións: comités de certificación, comités de partes ou comités consultivos. Foron en total 39 asistencias que se desagregan do seguinte xeito:

Consello Regulador	Órgano colexiado	Asistencias
IXP Pataca de Galicia	Comité de partes	1
IXP Mel de Galicia	Comité de partes	1
DOP Queixo Tetilla	Comité de certificación	11
DOP Queixo Tetilla	Comité de partes	1
DO Valdeorras	Comité de garantías	1
DO Monterrei	Comité de certificación	10
DO Monterrei	Comité de garantías	1
DO Rías Baixas	Comité de garantías	1
DO Ribeira Sacra	Comité de garantías	1
DO Ribeiro	Comité de certificación	10
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	Comité de partes	1

Participación nos plenos dos consellos reguladores

Como outra actuación máis de apoio e de supervisión da actividade dos consellos reguladores estaría a participación nas reunións dos seus plenos. O artigo 16.4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, establece que a Consellería do Medio Rural pode designar ata dous delegados nos plenos dos consellos reguladores, que asisten ás súas sesións con voz pero sen voto. A súa misión é a de prestar asistencia técnica aos plenos, que son o órgano de goberno superior de cada consello regulador.



Para todos os consellos reguladores hai designadas dúas persoas representantes da administración autonómica. En xeral estes representantes están adscritos á Consellería do Medio Rural ou especificamente á Axencia. Nas designacións destes representantes procurouse que a Axencia estea representada directamente naqueles consellos reguladores que teñen un maior volume de actividade. Así, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria está presente directamente en 19 dos 26 consellos reguladores do ámbito agroalimentario actualmente constituídos, o que permite a esta ter un coñecemento máis directo da realidade do día a día destes organismos e prestarlles un apoio máis eficaz.

Expedición de carnés de inspectores dos consellos reguladores

O artigo 81.8 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, establece que o feitos constatados polo persoal dos consellos reguladores relativos ao incumprimento da normativa específica da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate por parte dalgunha persoa operadora terán presunción de certeza e constituirán proba documental pública para os efectos da súa valoración no procedemento sancionador, sen prexuízo das probas que poida sinalar ou achegar a persoa interesada na defensa dos seus dereitos ou intereses.

Conforme a iso, dende Axencia, a través do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada, expídense carnés para acreditar o persoal que realiza labores de control oficial nos consellos reguladores. Así, no ano 2025 foron un total de 54 carnés emitidos, incluíndo tanto persoal eventual contratado en campaña -principalmente persoal das denominacións de orixe vitivinícolas contratados en vendima- como persoal fixo, dun total de 12 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

Observacións a solicitudes de marcas presentadas na OEPM (Oficina española de patentes e marcas) e na EUIPO (Oficina europea da propiedade industrial)

Esta acción realízase conxuntamente cos servizos territoriais de Industrias, Calidade e Cadea Agroalimentaria. Estes servizos encárganse de revisar o *Boletín Oficial da Propiedade Industrial* (BOPI) e de enviar un breve informe cando detectan solicitudes de marcas que puidesen entrar en conflito cos nosos produtos de calidade diferenciada ou, en xeral, coa política de defensa do prestixio da produción agroalimentaria galega.

Na Área de Calidade Alimentaria revísanse estes informes e propostas e redáctanse os escritos de observacións de terceiros, en base ao artigo 5.1 da Lei 17/2001 do 7 de decembro de 2001, de Marcas. No caso da OEPM, estes escritos preséntanse por vía telemática a través da súa oficina virtual.

Durante o ano 2025 presentáronse un total de 20 escritos de observacións de terceiros baseados no artigo 5.1 da Lei 17/2001. Neste apartado a lei recolle ata 14 motivos de prohibición absoluta ao rexistro. A maioría das observacións de terceiros



que presentamos están baseadas na letra g) dese apartado 1 do artigo 5, que se refire ao caso no que a marca que se pretende rexistrar pode inducir ao público a confusión sobre a natureza, a calidade ou a orixe xeográfica do produto ou do servizo; ou na letra h), que se refire á vulneración da normativa que protexe as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas.

Tres destas marcas facían mención a o orixe galega do produto. Neste caso, estas observacións están tamén baseadas na vulneración do Decreto 124/2010, do 15 de xullo, polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

Noutras tres das observacións de terceiros presentadas argumentamos a utilización incorrecta de mencións a nomes de determinadas variedades de uva.

Recollida e tratamento de datos e elaboración de informes

Informe da actividade dos consellos reguladores en 2024

O capítulo V do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores recolle o réxime económico e contable destes organismos así como o control da súa actividade.

No seu artigo 30 establécese que os consellos reguladores elaborarán e aprobarán, dentro do último trimestre de cada exercicio, o orzamento do exercicio seguinte. Ademais, tamén de acordo co artigo 30, elaborarán anualmente, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, unha memoria de actividades realizadas durante o ano inmediatamente anterior e a liquidación orzamentaria do exercicio vencido. Estes documentos deben ser remitidos á consellería competente en materia de agricultura, que exerce a tutela administrativa dos consellos reguladores agroalimentarios.

De acordo co anterior, os consellos reguladores remiten á Área de Calidade Alimentaria a dita documentación, así como outra información complementaria que se lles solicita para a elaboración de estatísticas diversas, tanto da propia Administración Autonómica como a demandada pola Administración Xeral do Estado, que se pode consultar na URL:

<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/>

Coa información recibida, anualmente elabóranse unhas fichas técnicas co resumo dos datos máis relevantes de cada produto de calidade diferenciada e dos correspondentes consellos reguladores, fichas que posteriormente son colgadas na web da Axencia para xeral coñecemento (URL: <https://agacal.xunta.gal/gl/calidade-alimentaria>).

Durante o ano 2025 fíxose a recollida e o tratamento de datos correspondentes ao ano precedente. Como resumo xeral dos datos estatísticos máis salientables relativos



aos produtos de calidade presentamos a seguinte táboa, que reflicte a importancia, tanto dende o punto de vista económico como social, do sector das producións de calidade, nas que están implicados máis de 22.000 produtores primarios, moitos deles titulares de pequenas explotacións familiares, e preto de 1.200 industrias, que comercializan produtos por valor de máis de máis 700 millóns de €. Ademais, estas producións teñen un gran valor intanxible, na medida en que serven para crear a imaxe de calidade que a produción alimentaria galega ten, en xeral, no resto de España, polo que hai un efecto inducido para o resto da produción alimentaria galega e mesmo para a imaxe xeral da nosa comunidade autónoma.

	Produtores inscritos	Industrias inscritas	Volumen cualificado comercializado	Valor (€)
DOP Rías Baixas	4991	177	263.129 hl	233.395.529
DOP Valdeorras	978	41	48.712 hl	41.048.012
DOP Ribeiro	1.487	101	35.408 hl	21.020.017
DOP Monterrei	379	29	48.822 hl	23.141.481
DOP Ribeira Sacra	2.169	97	71.571 hl	29.057.710
IXP Barbanza e Iria	15	5	287 hl	123.453
IXP Betanzos	8	6	48 hl	20.838
IXP Ribeiras do Morrazo	19	6	378 hl	162.488
IXP Terras do Navia	4	3	92 hl	53.540
IXP Val do Miño-Ourense	4	3	240 hl	103.200
Viños	10.054	468		348.126.269
IX Augardente de Galicia			84.404 l	1.102.402
IX Augardente de Herbas de Galicia	134	21	4.922 l	63.986
IX Licor Café de Galicia			121.599 l	1.459.188
IX Licor de Herbas de Galicia			87.221 l	1.046.652
Augardentes e licores tradicionais de Galicia	134	21		3.672.228
IXP Castaña de Galicia	171	10	23.442 kg	224.249
IXP Faba de Lourenzá	40	8	13.499 kg	121.486
IXP Grelos de Galicia	185	4	135.470 kg	270.940
IXP Pataca de Galicia	80	13	5.249.505 kg	3.149.703
DOP Pemento de Herbón	26	9	72.199 kg	288.798
IXP Pemento da Arnoia	19	1	0 kg	0
IXP Pemento de Mougán	4	4	649 kg	2.594
IXP Pemento de Oímbra	11	2	3.452 kg	4.488
IXP Pemento do Couto	23	4	22.132 kg	66.396
Prod vexetais	559	55		4.128.654
IXP Ternera Gallega	7.942	167	24.166 tm	175.204.000
IXP Vaca e Boi Galego	523	31	230 tm	1.365.940
IXP Lacón Gallego	191	15	7.047 kg	47.923
IXP Capón de Vilalba	1	1	562 kg	12.375
Carnes	8.657	214		176.617.863



DOP Arzúa-Ulloa	703	16	4.790.346 kg	38.879.944
DOP Cebreiro	8	3	63.351 kg	758.320
DOP San Simón da Costa	377	9	563.291 kg	5.069.620
DOP Queixo Tetilla	674	24	1.691.115 kg	13.528.920
IXP Mel de Galicia	240	45	203.808 kg	1.834.272
Outros produtos de orixe animal	2.002	97		60.071.075
IXP Tarta de Santiago		10	93.830 kg	844.469
IXP Pan Galego		21	112.769 kg	451.076
IXP Pan de Cea		13	371.544 kg	1.114.635
Panadería e repostería		44		2.410.177
TOTAL DOP/IXP				595.026.266
Agricultura Ecolóxica		1.016		111.321.508
TOTAL	22.422	1.164		706.347.774

Resumo dos principais datos estatísticos correspondentes ás denominacións de calidade en 2024.

Destacan, dentro das producións de calidade, as cinco denominacións de orixe vitivinícolas, cun valor do viño comercializado en 2024 de máis de 347 millóns de euros, o que representa aproximadamente o 50 % do valor total das producións de calidade; e dentro delas sobresaen particularmente a DO Rías Baixas, cun valor da produción comercializada en 2024 superior aos 233 millóns de euros, un terzo do total do valor dos produtos de calidade.

Outra gran denominación de calidade galega en termos económicos é a indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega*, cunha produción que en 2024 acadou un valor no mercado de 175 millóns de euros, o que representa un cuarto da facturación total do sector dos produtos de calidade. Por último, tamén cada vez é máis relevante a achega da produción ecolóxica, que en 2024 acadou unha cifra superior aos 111 millóns de euros de valor.

Informe da vendima de 2025


Ao final de cada campaña vitivinícola realízase un informe de vendima das cinco denominacións de orixe galegas. Ademais, faise unha análise da evolución da produción de uva nas distintas denominacións de orixe, así como a distribución varietal, relátanse os problemas que se deron na campaña e faise unha valoración xeral desta.

Como resumo da vendima de 2025 podemos dicir que no conxunto das cinco denominacións de orixe galegas recolléronse un total de 75.871.804 kg de uva, dos que 68.642.691 kg foron de uva branca, o que supón algo máis do 90 %, e 7.229.113 kg de tinta, que supoñen algo menos do 10 % restante. Trátase da segunda colleita máis abondosa do decenio 2016-2025 e a terceira máis abondosa da historia, xa que o récord absoluto segue sendo a colleita de 2011. A cantidade de uva recollida supera nun 11% a media dos últimos dez anos e é un 2,5% superior á da campaña pasada.

No seguinte gráfico recolleemos a evolución da cantidade de uva vendimada no conxunto das cinco denominacións de orixe nos últimos dez anos.




Evolución do conxunto das cinco DDOO nos últimos dez anos (kg)



A produción desta campaña evolucionou de xeito desigual nas distintas denominacións de orixe galegas. Así como en Rías Baixas e Monterrei aumentou respecto da campaña precedente, sendo moi significativo o aumento nesta última denominación, en Ribeira Sacra, Valdeorras e no Ribeiro caeu, de xeito moi acusado -un 27% respecto da vendima pasada- nesta última denominación de orixe.

No seguinte gráfico recolleemos a evolución da produción nos últimos 10 anos en cada unha das cinco denominacións de orixe.

Evolución da colleita en kg nas distintas DDOO nos últimos dez anos






A caída da produción nalgunha destas denominacións de orixe está en boa medida relacionada coa seca prolongada que se produciu no verán, que deu lugar a acios con menos peso do esperado. Ademais, algunhas zonas víronse tamén afectadas pola vaga de lumes do verán, principalmente viñedos das denominacións de orixe ourensás.

No gráfico da dereita pódese apreciar máis claramente o peso relativo de cada denominación de orixe no total vendimado. A denominación de orixe Rías Baixas é a que lidera a produción, acumulando este ano o 63 % do total da uva recollida.

Distribución de uva por denominación de orixe





As denominacións de orixe

Ribeiro, Monterrei e Valdeorras tiveron cantidades de uva recollida bastante similares, en torno a un 11 %, e Ribeira Sacra ocuparía o quinto lugar.

Un ano máis hai que salientar a elevada participación das uvas de variedades autóctonas no conxunto da vendima. En particular, son de destacar tres variedades entre as brancas: a Albariño, que supón máis do 68 % do total das uvas brancas, a Godello, con case o 19% e a Treixadura, con preto do 8%. Entre as tintas, domina a Mencía, que representa máis do 76 % das uvas tintas.

Como cada ano, os labores da vendima mobilizaron a un elevado número de produtores. Así, no conxunto das cinco denominacións de orixe, a vendima implicou a algo máis de 7.600 explotacións vitícolas e a preto de 400 adegas. Por outra parte, para os labores de control os consellos reguladores empregaron cerca de 70 persoas entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente con este cometido.

Para finalizar con este tema, no informe da vendima deste ano incluíuse como novidade un anexo no que recolle información sobre a problemática que a caída a nivel global do consumo de viño está a provocar na súa comercialización e as implicacións que isto ten na acumulación de stocks nas nosas adegas. Este problema agrávase coa circunstancia de que levamos cinco vendimas seguidas con volumes recollidos por riba dos setenta millóns de quilogramos. Este problema, que inicialmente afectaba de xeito case exclusivo aos viños tintos, está xa afectando tamén aos viños brancos, como se pode apreciar na información que se recolle nos seguintes gráficos, un deles cos datos da vendima dos cinco anos pasados (de 2020 a 2024) do conxunto das cinco denominacións de orixe, diferenciando o total de uva de variedades brancas e o de tintas, e outro gráfico coas existencias ao final de cada unha desas campañas nas adegas, diferenciando tamén os tipos de viño, branco e tinto.



Evolución da cantidade vendimada nos anos 2020 a 2024 e da evolución de existencias ao final das campañas 20-21 a 24-25 nas cinco DOP vitivinícolas

Como se pode apreciar, as existencias de viños tintos están estabilizadas. Porén, nas campañas 23-24 e 24-25 foise producindo unha importante acumulación de viño branco nas adegas, o que reflicte un desequilibrio entre a produción e a comercialización, situación que debe facer reflexionar ao sector e á Administración, para tomar medidas que traten de corrixir este desequilibrio.

Modificacións de pregos de condicións de figuras de protección da calidade e outras actividades de produción de normativa

Como autoridade competente en materia de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito agroalimentario así como da produción ecolóxica, a Axencia encárgase de dar apoio e asesoramento aos consellos reguladores para preparar modificacións da súa normativa específica (pregos de condicións e regulamentos de funcionamento) e tamén se encarga, logo de preparar a proposta final do texto, de tramitala para a súa aprobación.

De acordo co anterior, durante o ano 2025 tramitáronse catro modificacións de pregos de condicións de denominacións de orixe e indicacións xeográficas, en concreto referidas ás denominacións de orixe protexidas Ribeira Sacra, Ribeiro e Monterrei e á indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo. Todas elas foron modificacións cualificadas como «normais», o que implica que, por non afectar aos aspectos nucleares do prego de condicións, corresponde aprobalas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, como autoridade competente en Galicia en materia de indicacións xeográficas dos produtos agroalimentarios. Logo da súa aprobación, a normativa aplicable indica que se debe dar traslado da dita aprobación á Comisión Europea para que a modificación se inscriba no rexistro europeo das DOP e IXP.

Ademais, tamén se aprobou unha orde cun novo grupo de doce normas técnicas de artesanía alimentaria

A continuación recolleemos un resumo desta actividade de elaboración de normativa.



Modificación do prego de condicións da DOP Ribeira Sacra

A modificación do prego de condicións da DOP Ribeira Sacra que se acometeu en 2025 deriva dunha solicitude presentada ante a Axencia polo Consello Regulador con data 23.12.2024.

Tratouse dunha modificación puntual, consistente na redución da produción máxima por hectárea admitida no relativo á uva tinta, para pasar dos 12.500 quilogramos por hectárea vixentes naquel momento a 9.500 kg/ha. Esta modificación realizouse debido a un contexto de crise na comercialización de viños, con consumos en retroceso a nivel internacional, retroceso especialmente grave no caso dos viños tintos. Esta situación xustifica esta modificación, que tamén se xustifica na mellora da calidade do viño esperada ao permitir rendementos de produción máis baixos.

A modificación aprobouse mediante a Resolución do director da Axencia do 7 de febreiro de 2025, publicada no DOG do día 18 de febreiro de 2025 (corrección de erros no DOG do 21.02.2025). Logo do traslado á Comisión Europea a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), no DOUE C/2025/2949 do 28.05.2025 publicouse a comunicación da modificación, co que se pechaba o expediente.

Modificación do prego de condicións da DOP Ribeiro

Esta modificación parte dunha solicitude do Consello Regulador presentada ante a Axencia o día 13.02.2025.

Son varias as modificacións que se solicitaron e que se aprobaron. En primeiro lugar, introducíronse as variedades de uva tinta Merenzao e Espadeiro e as brancas Branco lexítimo e Albilla do Avia, todas elas coa categoría de principais. Son variedades de cultivo tradicional na comarca, de maneira que existen cepas centenarias de calquera delas. A inclusión destas variedades permite unha maior diversidade aos viños do Ribeiro, o que pode mellorar a súa penetración no mercado, ademais de servir para promover a conservación do patrimonio xenético que estas variedades minoritarias representan. Mención especial require a variedade Albilla do Avia, variedade autóctona do val do Avia e que foi incluída no Rexistro de variedades comerciais no ano 2021 (Orde APA/1097/2021, do 7 de outubro, publicada no BOE núm. 243, do 11.10.2021). As cepas desta variedade durante décadas confundíronse coa variedade Albillo, que en realidade non se cultiva nesta comarca. Por iso, con esta modificación suprímese a variedade Albillo da lista das autorizadas á vez que se introduce, como se indicou, a variedade Albilla do Avia.

Ademais, na liña de mellora da calidade dos viños, a modificación pretendeu tamén impedir a utilización das variedades cualificadas como secundarias (Palomino, Garnacha tintorera e Tempranillo) no establecemento de novas plantacións, nin tampouco a súa utilización en replantacións ou en enxertos sobre plantacións existentes. Con todo, permítese a reposición puntual das cepas que fallen con plantas da mesma variedade en plantacións con variedades secundarias.



Outro cambio importante do prego de condicións referiuse aos rendementos na produción de uva por hectárea, que con carácter xeral sufriron algunha redución en busca dunha maior calidade. Neste sentido, mantívose o límite de 13.000 e 12.000 kg/ha para as variedades principais brancas e tintas, respectivamente, pero introduciuse a novidade de que estes límites se deben aplicar independentemente do tipo de viño ao que se destinen as uvas. Na versión anterior do prego de condicións, indicábase que se as uvas das variedades principais, tanto brancas como tintas, se destinaban á elaboración de viños que non se fosen comercializar como Ribeiro castes, Ribeiro barrica, Ribeiro espumoso ou Ribeiro tostado, o rendimento máximo admisible sería de 19.000 kg/ha. No caso das variedades secundarias, coa modificación mantívose o límite de 19.000 kg/ha para as brancas e reduciuse a 18.000 kg/ha –frente aos 19.000 kg/ha vixentes ata ese momento– no caso das tintas.

Porén, os rendementos máximos que se estableceron con carácter xeral, que se recollen no parágrafo anterior, modúlanse en determinadas circunstancias. Así, no caso de parcelas cunha densidade de plantación inferior a 3.000 cepas por hectárea, os rendementos anteriores redúcense a 10.000 e 9.000 kg/ha, no caso das variedades principais brancas e tintas, respectivamente; e a 16.000 e 15.000 kg/ha, no caso das variedades secundarias brancas e tintas, respectivamente. Por outra banda, no caso das variedades de uva branca cultivadas en parcelas cun marco de plantación que dea como resultado que o número de cepas por hectárea sexa igual ou superior a 7.000, incrementáanse os rendementos ata o 15.000 kg/ha, no caso das variedades principais e 20.000 kg/ha, no caso das variedades secundarias. Estes últimos rendementos mantivéronse elevados porque se constatou que hai multitude de parcelas, en xeral de pequeno tamaño, cultivadas desde antigo con marcos de plantación densos, con rendementos produtivos elevados e que son explotadas na maioría dos casos por titulares de avanzada idade con dificultade para reestruturar as súas plantacións.

Por outra banda, a posibilidade de incrementar ata nun 25 % os rendementos máximos en campañas concretas en función das condicións meteorolóxicas do ano, quedaría limitada ás variedades principais. Polo tanto, coa nova redacción do prego de condicións para as variedades secundarias non existe esa posibilidade.

Por último, modificáronse diversas citas a disposicións normativas que, co transcurso do tempo, quedaran obsoletas, e actualizáronse os datos de contacto do Consello Regulador.

A modificación materializouse a través da Resolución da dirección da Axencia de data 20.05.2025, que se publicou no DOG do 4.06.2025. Tralo seu envío, vía MAPA, á Comisión Europea, no DOUE C/2025/6457 do día 4.12.2025 publicouse a comunicación da aprobación.



Modificación do prego de condicións da DOP Monterrei

A solicitude de modificación deste prego de condicións tivo entrada na Axencia o día 21.01.2025, trala decisión previa, de data 23.12.2024, do pleno do Consello Regulador. Posteriormente, o 26.03.2025, o Consello Regulador trasladou a Axencia a necesidade de realizar algún cambio adicional aos solicitados inicialmente.

Son varias as modificacións que se fixeron no prego de condicións. En primeiro lugar, incluíuse a posibilidade de elaborar viños rosados, cambio que se xustifica nas novas tendencias de consumo, que fan que hoxe haxa interese comercial por este tipo de elaboracións.

En segundo lugar, tamén se procedeu a realizar cambios nalgúns parámetros analíticos. Así, para os viños tintos, reduciuse a acidez total mínima, que pasou de 4,5 a 4,0 gramos por litro de ácido tartárico e para os brancos aumentouse o límite máximo do contido en anhídrido sulfuroso, que pasou de 160 a 200 miligramos por litro. Estas modificacións están relacionadas co cambio climático que xa se aprecia na zona. Así, vese unha clara tendencia á obtención de viños con gradacións alcohólicas máis elevadas, o que inflúe na modificación doutros parámetros analíticos, en particular, a acidez total e a acidez volátil. A isto hai que engadir os cambios que se produciron na elaboración dos viños, xa que se están facendo viños que, aínda sendo novos, pasan cada vez máis tempo en depósito, mesmo dunha anada para outra, fronte ao que se facía antes, que habitualmente eran viños que pasaban pouco tempo en depósito. Todo iso inflúe no aumento da acidez volátil e na baixada da acidez total, así como no aumento dos valores en dióxido de xofre para evitar unha excesiva acidez volátil.

Outro dos aspectos modificados refírese ás prácticas enolóxicas admisibles, modificación que implicou, ademais de establecer unha práctica específica para os viños rosados (que deben elaborarse cun mínimo do 85 % de uvas de variedades tintas), a supresión de tres requisitos que se recollían ata agora, en concreto: a prohibición do uso de anacos de madeira na elaboración dos viños e nos procesos posteriores; a limitación ás dúas colleitas anteriores, no relativo á posibilidade de mestura dos viños dun ano con ata un 15 % do volume con viños doutras colleitas; e a obriga de elaborar os viños da DOP Monterrei empregando un mínimo do 60 % de determinadas variedades, que no prego de condicións se consideraban preferentes. Na nova versión do prego de condicións non se cualifican as variedades como preferentes e autorizadas, de maneira que a única exixencia é que os viños amparados se elaboren con algunha das variedades admitidas para a denominación de orixe, o que vai permitir a elaboración de viños monovarietais de calquera destas variedades. Con estes cambios preténdese dar unha maior liberdade ás adegas á hora de elaborar os seus viños, permitindo prácticas enolóxicas que están admitidas pola normativa xeral, o que pode facilitar a súa adaptación ás necesidades e ás exixencias do mercado.

Outro cambio que se introduce no prego de condicións é a ampliación do territorio onde se poden producir as uvas e elaborar os viños a determinadas parroquias



límites coa área actualmente delimitada. En concreto, ampliouse o territorio a varias parroquias dos concellos de Monterrei, Cualedro e Laza. Ademais, algunhas parroquias do concello de Riós que estaban só parcialmente incluídas, pasaron a estalo na súa totalidade. Este cambio xustifícase na necesidade de dar cobertura dentro da denominación de orixe a viñedos que quedaran fóra na delimitación inicial desta figura de calidade, respondendo así a unha antiga demanda dos viticultores locais.

Tamén se modificaron os rendementos produtivos máximos, de xeito que a produción máxima de uva por hectárea pasou a ser de 13.200 kg no caso das variedades brancas e de 10.000 kg nas tintas. Consecuentemente, e dado que o rendimento na elaboración mantívose en 74 litros de viño por cada 100 kg de uva, os rendementos máximos en litros de viño por hectárea pasaron a ser 97,68 para os brancos e 74,00 para os tintos. A modificación implica un aumento dos rendementos permitidos no caso das uvas de variedades brancas (maior no caso das variedades que se consideraban ata ese momento preferentes) e unha diminución dos admitidos para algunha das variedades tintas (as que ata ese momento non estaban cualificadas como preferentes). Esta modificación xustificouse na necesidade de adecuar os rendementos produtivos á realidade da denominación. Nos últimos anos, o consello regulador tivo que aplicar sistematicamente a posibilidade que se recollía no prego de condicións de incrementar, en campañas vitícolas concretas, os límites produtivos en ata un 25 %, porque as producións esperadas eran superiores ás admitidas. Coherentemente con este cambio, tamén se modificou o relativo a esa potestade do pleno do Consello Regulador. Desta maneira, coa nova redacción do prego de condicións, os novos rendementos establecidos non poden ser obxecto de revisión en cada campaña.

Por último, actualizáronse algunhas referencias legais que, polo transcurso do tempo, quedaran desfasadas.

Estas modificacións aprobáronse a través da resolución do 11 de xullo de 2025, que se publicou no DOG do día 22.07.2025. Logo do seu traslado á Comisión Europea, a comunicación da modificación publicouse no DOUE o 8.12.2025 coa referencia C/2025/6565.

[Modificación do prego de condicións da IXP Ribeiras do Morrazo](#)

Esta modificación fíxose a través da Resolución do 31 de xullo de 2025, publicada no DOG do 8.08.2025. Despois do seu traslado á Comisión, esta publicou a comunicación da aprobación no DOUE serie C o 10.12.2025, coa referencia C/2025/6581. A modificación partiu dunha solicitude presentada ante a Axencia o día 10.07.2024 pola Asociación de Adegas da IXP Ribeiras do Morrazo.

Foron varios os cambios introducidos no prego de condicións. Por unha parte, reduciuse o valor da graduación alcohólica mínima dos viños brancos en medio grao, polo que quedou en 11% Vol. Esta modificación está relacionada co feito de que nesta



zona de produción conviven castes de uva de características moi diferentes e nalgunhas das castes brancas autorizadas o punto de madurez óptimo alcánzase, polo xeral, cun grao alcohólico probable inferior a 11,5 % vol. e tamén se xustifica pola demanda crecente de viños con graduacións moderadas.

Modificouse tamén o valor da acidez volátil máxima admitida, que pasou a ser 18 miliequivalentes (1,08 gramos de ácido acético por litro) para os viños brancos e 20 miliequivalentes (1,20 gramos de ácido acético por litro) para os tintos, fronte ao valor actual, que é 17,9 miliequivalentes, tanto para brancos como para tintos. O cambio afectou principalmente, polo tanto, os viños tintos e xustifícase na necesidade de incrementar o valor debido a que cada vez é máis frecuente a elaboración de viños que pasan máis tempo en depósito de madeira ou de aceiro sobre lías finas antes do embotellado, o que pode dar lugar a unha maior acidez volátil.

Por outra parte, modificouse parcialmente a descrición das características organolépticas dos viños para axustala mellor á realidade. O cambio obedeceu á necesidade de buscar unha descrición organoléptica na cal encaixen todos os viños que se poden elaborar coas variedades autorizadas, xa que a redacción anterior contiña algún aspecto que non se axustaba totalmente a determinados tipos de viños que se elaboran baixo esta indicación xeográfica.

Outro parámetro que se cambiou foi o rendemento na elaboración dos viños, que pasou a ser de 70 litros por cada 100 kg de uva no caso das variedades brancas e de 72 litros por cada 100 kg de uva para as variedades tintas, o que se xustifica no feito de que a evolución tecnolóxica nos últimos anos deu lugar a que as técnicas actuais de elaboración permiten extraer máis mosto sen prexudicar a calidade do viño.

Ademais, tamén se modificou o rendemento na produción de uva por hectárea, que pasou a ser de 12.000 quilogramos por hectárea para as variedades brancas e de 10.000 quilogramos por hectárea para as variedades tintas. Como consecuencia deste aumento e do incremento do rendemento de elaboración, os rendementos máximos en litros de viño por hectárea pasaron a ser de 8.400 litros de viño para as castes brancas e de 7.200 litros de viño por hectárea para as tintas. Este cambio xustifícase na necesidade de adaptar os valores do rendemento produtivo á realidade da viticultura da zona, xa que se ten constatado que en determinadas campañas vitivinícolas hai parcelas con producións que superan os límites actuais e que os viños elaborados a partir delas seguen a ter unha boa calidade.

Tamén se suprimiu a limitación relativa á altitude máxima dos viñedos (300 metros), que se recollía no prego de condicións. Para acometer este cambio tívose en conta que nesas cotas houbo viñedos e, ademais, que se poden producir nelas viños máis aromáticos e baixo condicións menos sensibles a enfermidades. Ademais, a plantación de viñedos en zonas de maior altitude é unha das prácticas vitícolas recomendadas para a adaptación ao cambio climático.



Por último, actualizáronse algunhas referencias legais que, polo transcurso do tempo, quedaran desfasadas e, ademais, fixéronse algunhas melloras de carácter formal na redacción do prego de condicións.

Orde pola que se aproban doce normas técnicas da artesanía alimentaria

No ano 2025 culmináronse os traballos para a aprobación de doce novas normas técnicas da artesanía alimentaria, traballo que implicou multitude de reunións previas de grupos de traballo sectoriais e unha complexa tramitación que incluíu a comunicación á Comisión Europea no marco do procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información. Tralo ditame favorable da Comisión Europea, seguiu a tramitación da norma ata a súa aprobación como Orde do 11 de abril de 2025 pola que se modifica o anexo I do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, e se aproban diversas normas técnicas da artesanía alimentaria, publicada no DOG núm. 76, do 22 de abril de 2025.

As doce novas normas técnicas aprobadas, que se uniron ás catorce que se aprobaran anteriormente mediante a Orde do 16 de febreiro de 2022, refírense aos seguintes produtos:

- Manteiga
- Vermú
- Vinagre de viño
- Licores, augardentes e outras bebidas espirituosas
- Vinagre de sidra
- Zumes
- Hidromel
- Pan
- Empanadas
- Fariñas
- Conservas e derivados da helicultura
- Comidas preparadas

Organización e participación en eventos para a promoción dos produtos de calidade diferenciada

Unha das actividades da Área de Calidade Alimentaria que consume máis recursos, tanto humanos como económicos, é o relativo á organización e participación en eventos de todo tipo que teñen como obxectivo a promoción dos produtos de calidade diferenciada.



Desde o ano 2024, e no marco do Plan estratéxico da PAC 2021-2027 (PEPAC), a Axencia conta con fondos europeos do Feader para executar directamente accións de promoción, por contraposición ao que ocorreu nos períodos de programación anteriores, xa que no marco do PDR 2014-2020 e do PDR 2007-2013, os fondos Feader para promocionar os réximes de calidade só se podían xestionar mediante subvencións aos consellos reguladores e asociacións sectoriais. No PEPAC 2021-2027 incluíuse a intervención 7132 "Cooperación para a promoción dos produtos agrícolas e alimenticios en réximes de calidade", e no marco desta intervención, implementáronse as subintervencións 7132.01, 7132.02 e 7132.04. Estas subintervencións serven para financiar cun 70 % as accións de promoción de produtos acollidos aos diferentes réximes de calidade. O reparto desa financiación é 60 % Feader, 12 % MAPA e 28 % Xunta de Galicia.

Nos orzamentos da Axencia aprobados para 2025 figuraban no capítulo VI as seguintes partidas destinadas á promoción dos produtos galegos de calidade, todas elas na aplicación 713D 6400:

Código proxecto	Designación	Importe (€)
2011.693	Plan de promoción dos produtos agroalimentarios galegos	2.402.856
2024.1	PEPAC 7132.01 (Promoción tipo 1)	1.800.000
2025.2	PEPAC 7132.02 (promoción tipo 2)	840.000
2025.1	PEPAC 7132.04 (Promoción tipo 4)	400.000

A primeira das partidas son fondos propios libres, aínda que en parte tiveron que empregarse para cubrir o 30% que o PEPAC non financia nas accións que se acometen no marco das tres subintervencións citadas. Polo tanto, o orzamento de 2025 contemplaba un total de 3.040.000 € con destino ás accións de promoción a realizar pola Axencia nese ano, asunto ao que dedicamos este apartado, deixando para os dous seguintes outras accións promocionais específicas, en concreto, a organización das catas-concurso de Galicia, as campañas publicitarias en medios de comunicación e a promoción a través da web «experienciasdecalidade» e das redes sociais.

[Madrid Fusión 2025 \(IFEMA, Madrid, 27 ao 29 de xaneiro\)](#)

Entre os días 27 e 29 de xaneiro tivo lugar a 23ª edición de Madrid Fusión-Alimentos de España. Estamos a falar dun dos máis importantes congresos gastronómicos do mundo dedicado a profesionais do sector e un escaparate único no que amosar as marcas de gastronomía e alimentación para posionalas ante os representantes e medios deste sector.

Nesta edición as Consellerías do Mar e do Medio Rural estiveron presentes no evento en dous espazos contiguos (300 m² a Consellería do Mar e 180 m² a Consellería do Medio Rural), configurando así un espazo conxunto no que promocionar o gran potencial gastronómico de Galicia. O espazo da Consellería do Mar contou cunha aula de catas compartida coa Consellería do Medio Rural, onde se desenvolveu un programa de catas, presentacións e degustacións a base de produtos galegos de



calidade diferenciada da terra e do mar. Ademais houbo un concurso da «mellor empanada de Madrid Fusión by Galicia» promovido polas dúas consellerías, que seleccionou a mellor receita deste produto elaborada con ingredientes do agro e do mar de Galicia. Foi un concurso a nivel nacional e os participantes elaboraron a empanada coas materias primas que se recollían nunha lista publicada coas bases.

O día 27 houbo unha gala de Madrid Fusión 2025 na sede da Comunidad de Madrid cunha asistencia aproximada de 450 persoas. Nese evento, Galicia contou cunha mesa de degustación de produtos galegos elaborados por chef de prestixio elixido pola organización.



O día 28 ás 14:30h tivo lugar unha cata na Wine Edition de Madrid Fusión de viños galegos, conducida polo Master of Wine Fernando Mora, acompañado polo sumiller galego Jorge Vila, director da Galicia Wine Academy, onde se presentaron unha escolla dos mellores viños galegos (destacando os viños tintos), para 50 profesionais do sector, e combinados con elaboracións culinarias de produtos galegos.

No espazo da Consellería do Medio Rural foron 10 empresas coexpositoras de distintos ámbitos da produción de alimentos de calidade galegos, de acordo co seguinte:

Nome	Produto	Concello
Cienporcel SL	Porco celta	Cenlle
Bodegas Castellum Augusti, SL	Viños IXP Barbanza-Iria	Valga
Cuevas y Cia SA	IXP Castaña de Galicia	Ourense
Fiablone, SL	Embutido vegano ecolóxico	Nigrán
Avilugo SRL	Avícola ecolóxico	Vilalba
Queinaga	Queixos DOP Arzúa-Ulloa e DOP Queixo Tetilla	Curtis
Bodega Lagar Da Cachada, SL	Viños DO Rías Baixas	Cambados
Bodega Gil Armada SL	Viños DO Rías Baixas	Cambados
Adega Condes De Albarei SAU	Viños DO Rías Baixas	Cambados
Agrocebola SL	IXP Patata de Galicia	Xinzo de Limia



ALVARIZA (Lalín, 1 e 2 de febreiro)

Os días 1 e 2 de febreiro tivo lugar en Lalín a 4ª edición da feira do mel Alvariza. Estamos a falar dun evento que inclúe charlas e relatorios, catas, talleres culinarios, exposición de diversos produtos e actividades para os pequenos. O mel de Galicia recoñecido pola IXP é o gran protagonista deste encontro, que tamén pretende ser referente para o sector apícola do país en canto a novidades, investigación e posta en valor destes produtos.

A Axencia participou neste evento cunha zona de catas e *showcooking*s na que houbo tres talleres cos chefs André Arzúa, do espazo gastronómico Abella, nos talleres do domingo e José Antonio Asorey, do restaurante Onde Antonio, de Lalín, o sábado. Ambos elaboraron pratos con produtos galegos DOP/IXP, da agricultura ecolóxica e da artesanía alimentaria de Galicia, pero en todas as elaboracións estivo presente o mel da IXP Mel de Galicia. Tamén houbo un túnel expositivo e de degustación no que estiveron presentes os meles gañadores nas Catas dos Queixos e Meles de Galicia 2024, que organiza a Consellería do Medio Rural a través da Axencia.



Ademais sorteáronse tres caixas de «experiencias de calidade» con produtos galegos de calidade diferenciada e da Artesanía Alimentaria de Galicia entre os asistentes á feira, e tamén se obsequiou aos relatores con estas caixas.

Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, Palacio 8 recinto Montjuic. Barcelona do 3 ao 5 de febreiro)

A BWW é un dos eventos máis importantes do mundo do viño a nivel europeo. Nesta edición asistiron máis de 1.100 adegas de toda España, un 16% máis que en 2024, nun salón que medrou un 31% en extensión, con preto de 10.000 m² (un 80% de incremento respecto á primeira edición, en 2020). Máis de 75 denominacións de orixe e outros selos de calidade de toda España e ata 16 Comunidades Autónomas estiveron presentes no salón.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria coordinou a presenza de 45 industrias de elaboración de viños ou augardentes agrupadas baixo a marca «Galicia» e a das respectivas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.



As adegas estiveron agrupadas por denominacións de orixe no pavillón 8 do recinto feiral. Houbo representación de adegas da DO Rías Baixas que acudiron ao evento xunto con adegas de outras denominacións pero pertencentes ao mesmo grupo, que estiveron na mesma zona en espazos máis amplos. Houbo tamén unha representación das empresas elaboradoras dos produtos das indicacións xeográficas de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, con dous postos exclusivos destes produtos e outros dous que os promocionaron á vez que os seus viños.

Á feira asistiron tamén con posto propio os consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Valdeorras e Ribeiro, con formatos que permitiron ampliar o número de referencias de produtos galegos en exposición, como poden ser túneles do viño ou con coexpositores no espazo contratado pola propia consello regulador. As empresas participan con postos modulares de 7 ou 14 metros cadrados.

A valoración desta 4ª edición da feira por parte das adegas participantes foi moi positiva. Pouco a pouco fóronse superando os problemas de organización que tiveron as dúas primeiras edicións, en parte afectadas pola pandemia do Covid-19, e houbo unha gran afluencia de público especializado. Por outro lado, o efecto do espazo conxunto «Galicia», baixo o que se agruparon ás empresas e consellos reguladores, gañou peso e importancia dentro da feira, á que acudiron compradores de todo o mundo. O número de empresas que queren participar neste evento medra cada ano, o cal demostra a importancia da presenza dos viños galegos nesta feira.

[Santiago \(é\) Tapas \(Santiago de Compostela, do 13 de febreiro ao 5 de marzo\)](#)

Entre o 13 de febreiro e o 5 de marzo tivo lugar en Compostela a XVI edición do concurso Santiago (é) Tapas no que nesta edición 44 locais da cidade competiron por acadar algún premio cos mellores petiscos que ofrecen.

A Axencia colaborou nesta edición entregando un «welcome pack» para cada participante con merchandising e mostras dos produtos galegos con DOP/IXP que se expuxeron nos locais participantes. Tamén houbo unha caixa das «experiencias de calidade» cun bo número de produtos para cada un dos gañadores nas tres categorías dos premios: mellor tapa creativa, tradicional e doce. Por último, para as persoas consumidoras das tapas do concurso entregáronse vales para cambiar por produtos das «experiencias de calidade»; todo isto co fin de que se dean a coñecer e se poñan en valor os nosos produtos de calidade, tanto no sector hostaleiro coma no consumidor final.

Ademais, na gala de entrega de premios, que tivo lugar o 11 de marzo, serviuse un menú elaborado con produtos amparados por algún dos selos de calidade cos que conta Galicia, que son un total de 38 entre as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas protexidas, Artesanía Alimentaria e Agricultura Ecolóxica.

Esta acción é moi positiva nun contexto de inestabilidade de mercado e prezos para un sector clave na dinamización agroindustrial galega como é o dos viños de calidade



diferenciada. Cabe destacar as sinerxías acadadas entre a Axencia, a Asociación de Hostaleiros de Santiago e os diferentes consellos reguladores dos viños galegos con DOP.

ABANCA CIMAG-GANDAGRO (Recinto Feiral de Silleda, do 20 ao 22 de febreiro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria estivo presente nesta edición de Gandagro cunha Aula de «Experiencias de Calidade», na que se desenvolveron catro actividades diarias de cociña en directo con degustación de produtos. Estas actividades foron conducidas polo chef Marcos Arufe, da empresa Remollo, e tamén colaborou persoal dos consellos reguladores implicados.

Foron catro sesións con produtos galegos con indicativo de calidade de orixe gandeiro: *Ternera Gallega*, *Lacón Gallego*, Mel de Galicia, produtos gandeiros da Artesanía Alimentaria e os catro queixos galegos con denominación de orixe. As sesións foron acompañadas de servizo de viños galegos con DOP, Pan Galego e Pan de Cea.



A superficie do posto era de 100 m², con capacidade para 27 persoas. O posto tivo tamén un espazo de atención ao público no que se deu información sobre os produtos galegos con indicativo de calidade e sobre as actividades ofertadas.

Biocultura (A Coruña, 7 ao 9 de marzo)

Biocultura está a posicionarse como a máis importante feira de ecoturismo e produtos ecolóxicos. Organízase por segundo ano consecutivo en Galicia, e ten como obxectivo ser un referente en turismo sostible en España e forma parte dunha rede doutros eventos similares que se desenvolven nas principais capitais do estado. Este ano visitaron a feira arredor de 14.000 persoas.

Expuxeron nesta ocasión unhas 110 empresas e entidades dos sectores de ecoturismo, alimentación biolóxica/ecolóxica, eco-cosmética, moda sostible e todo o que ten que ver cun eco-estilo de vida.



EXPERIENCIAS DE CALIDADE
www.experienciasdecalidade.gal





BIOCULTURA
Feira de Ecoturismo e Produtos Ecolóxicos

VENRES 7 MARZO

12:30 - 13:15 h. **O MAR ECOLÓXICO**
Participan: Galuriña, Portomuiños
Colabora: Galletas Daveiga, Sidras Maeloc

13:45 - 14:30 h. **COÑECE A CARNE DE VACÚN DAS RAZAS AUTÓCTONAS ECOLÓXICAS**
Participan: Verín Biocoop, Milhulloa
Chef: Marcos Arufe - Espazo Gastronómico Remollo (Ames, A Coruña)

16:30 - 17:15 h. **A ARTESANÍA ALIMENTARIA ECOLÓXICA**
Participan: James González, Terra de Barroceli, Abella Meiga e Maruxas de Nata

17:45 - 18:30 h. **APOSTA POLAS RECETAS CON PRODUTOS ECOLÓXICOS**
Participan: Calabizo, Ovos Corazón de Galicia
Chef: Diego Domínguez - Espazo Gastronómico Remollo (Ames, A Coruña)

SÁBADO 8 MARZO

12:30 - 13:15 h. **ABELLAS DE FLOR EN FLOR, CATA DE MEL ECO**
Participan: Sovoral, Daiqui, Abella Meiga, Barroceli
Imparte: Elena Quián profesora de Hostelería do CIFP Compostela e membro do panel de cata da IXP Mel de Galicia.

13:45 - 14:30 h. **COCIÑA CON INGREDIENTES ECO**
Participan: Bubela Artesá, Cozinha da aldeia

16:00 - 16:45 h. **LARPEIROS ECOLÓXICOS**
Participan: Biobra, Sovoral, Ecogalletas e Maruxas de Nata

17:30 - 18:15 h. **A MERENDA DE ECORALIA, A LAMBONA ECOLÓXICA**
Participan: Lenatt Food, Ecogalletas, Trasdeza Natur, Casa grande de Xanceda
Actuación: PAKOLAS

18:45 - 19:30 h. **PRODUTOS CARNICOS E DA HORTA ECOLÓXICA**
Participan: Traloagro, A horta de Sancoveiga
Chef: Marcos Arufe - Espazo Gastronómico Remollo (Ames, A Coruña)
Colabora: Aceites Abri, Sidras Maeloc

DOMINGO 9 MARZO

11:30 - 12:15 h. **INNOVA ECO**
Participan: Tata Food, Milhulloa, Barroceli
Colabora: Galletas Daveiga, Sidras Maeloc

12:30 - 13:15 h. **COCIÑA NA RAIA**
Participan: Verín Biocoop, Daiqui
Chef: Diego Domínguez - Espazo Gastronómico Remollo (Ames, A Coruña)

13:45 - 14:30 h. **COCIÑA CON CARNE DE POLO ECOLÓXICO**
Participan: Aceites Figueiredo, Avilugo
Chef: Marcos Arufe - Espazo Gastronómico Remollo (Ames, A Coruña)

16:00 - 17:00 h. **LÁCTEOS ECOLÓXICOS**
Participan: Arqueixal, Casa grande de Xanceda



A Axencia galega de calidade alimentaria participou nesta ocasión cun stand de deseño propio no que foron 20 empresas coexpositoras coa distribución que se presenta a continuación.

Ademais, na sala de catas do dito stand tivo lugar un completo programa de catas e degustacións durante os tres días de feira.



PROWEIN (Düsseldorf, Alemaña, do 16 ao 18 de marzo)

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, estivo presente na edición 2025 de Prowein, cun posto institucional dividido en catro illas que ocupaban 325 m² de espazo neto, separadas por amplos corredores.

En total participaron 20 adegas das distintas denominacións de orixe e indicacións xeográficas vitivinícolas galegas. Ademais, participaron con stand propio os consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Valdeorras, Montereiro, Ribeiro e Ribeira Sacra.



Relación de empresas coexpositoras:

DOP/IXP

IXP Betanzos

DOP Monterrei

DOP Rías Baixas

DOP Rías Baixas

DOP Rías Baixas

DOP Rías Baixas

DOP Rías Baixas

DOP Rías Baixas

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeira Sacra

DOP Ribeiro

DOP Ribeiro

DOP Ribeiro

DOP Ribeiro

DOP Valdeorras

Multi DOP

Multi DOP

Multi DOP

Razón Social

Pagos de Brigante, S.L.

CRDO Monterrei

Bodegas Escudeiro Sl

Adegas Terra de Asorei, S.L.

Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.

Notas Frutales de Albariño

Señorío de Rubiós

Sucesores de Benito Santos S.L

CRDO Ribeira Sacra

Don Bernardino S.L.

Dominio do Bibei S.L.U.

Bodegas Ribada S.L.

Adega Saiñas C.B.

Pilares de Belesar S.L.U.

Terrazas de Outeiro S.L.

Adega Algueira S.L.

Bodegas Casal de Armán, S. L. U.

CRDO Ribeiro

Ramón do Casar, S.L.

Viña Costeira S.C.G.

CRDO Valdeorras

Adegas Pazo do Mar

Grandes Pagos Gallegos de Viticultura Tradicional, S.L.

Vinigalicia S.L.



A Agacal organizou no seu espazo un túnel de viños premiados nas Catas de Galicia 2024, dinamizado polo sumiller Alejandro Paadín. O custo total da participación ascendeu a 342.809,75 euros, dos que 115.208,75 corresponderon a aluguer do solo e servizos adicionais facturados pola feira, e 227.601 € corresponden ao pagamento á empresa que realizou o deseño, construción e prestación de servizos do stand.



Festa do Queixo de San Simón da Costa (Vilalba, 5 e 6 de abril)

Esta festa organízana cada ano a Asociación de Queixeiros de San Simón da Costa e o concello de Vilalba e este ano 2025 cumpriuse a súa XXIX edición.

XXIX Festa do queixo San Simón da Costa
5-6 de abril 2025 Vilalba

Sábado 5 de abril

- * 11:00 APERTURA DA FEIRA
- * 12:30 Cata comentada de queixo San Simón a cargo de Salomé Beiroa e da tarta de queixo de Eduardo Balsa
Praza da Constitución
- * 13:00 Banda A.C de Andrade
Praza da Constitución
- * 16:00 Taller de cociña infantil con queixo San Simón
Praza da Constitución (Ata completar aforo)

Domingo 6 de abril

- * 18:30 Pregón a cargo de Carlos Blanco
Praza da Constitución
Entrega de premios BTT
- * 20:30 Monólogo de Carlos Blanco
Auditorio de Vilalba
Compra de entradas en www.entradasvilalba.es
- * 22:00 Concerto de De Ninghures
Praza de Santa María
- * 23:00 Concerto de Fillas de Cassandra
Praza de Santa María

Sábado 6 de abril

- * 10:00 APERTURA DA FEIRA
- * 12:30 Banda de Gaitas Mato Vizoso
Praza da Constitución
- * 17:00 a 20:00 Baile con Hora Bruja
Centro Cultural

Este produto lácteo de gran valor culinario conta con distintivo de calidade desde o ano 1999. Na actualidade están inscritas 9 queixerías que procesan o leite de 377 gandeiros cun volume de produción no ano 2024 de 563 toneladas e un valor de venda de máis de 5 millóns de euros.

A Axencia participou neste evento financiando un taller de cociña con queixo San Simón da Costa para 60 nenos, así como unha cata comentada dos queixos desta DOP para 200 persoas a cargo da experta en análise sensorial Salomé Beiroa.

Tamén se financiaron outros conceptos coma o deseño e impresión do

cartel, cuñas publicitarias en prensa e radio e material de merchandising.

Salón Gourmets (IFEMA, Madrid, do 7 ao 10 de abril)

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, estivo presente na edición 2025 do Salón Gourmets, cun posto institucional de 490 m², dividido en dúas illas do pavillón 6 do IFEMA: a G10-1, de 315 m², onde foron distintas empresas de alimentación, a zona institucional e a Aula de Experiencias de Calidade e a illa G10-2 de 175 m², onde estiveron as empresas da artesanía alimentaria e tamén as de bebidas (viños con DOP e augardentes e licores con indicación xeográfica).



En total participaron 39 empresas galegas, a maioría acollidas a algún tipo de distintivo de calidade (denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, Artesanía Alimentaria ou produtos ecolóxicos).




A Aula de Experiencias de Calidade tivo programación diaria de actividades como *showcookings* e catas comentadas, nas que colaborou o persoal dos seguintes consellos reguladores: Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Mel de Galicia, Vacún de Galicia, Castaña de Galicia, Pan de Cea e Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, Ribeiro, Monterrei, Valdeorras e Ribeira Sacra.





Tamén contamos cun programa das «experiencias de calidade» compartido dentro da aula de catas do espazo da Consellería do Mar.



Nesta edición contamos ademais na illa institucional con dous túneles para cata e degustación; un do Mel de Galicia, onde ademais de participar os meles premiados nas Catas de Galicia 2024 houbo outras empresas acollidas a esta IXP; e un segundo túnel dos queixos galegos con DOP, atendido pola catadora Salomé Beiroa, no que estiveron os queixos premiados en todas as categorías das catas dos Queixos de Galicia 2024.

Outra novidade desta edición foi a participación da DOP Ribeira Sacra e da IXP Mel de Galicia no Campionato de España de Pizzas Gourmet. Así, este ano os concursantes tiveron máis puntos por harmonizar as súas pizzas con algún viño da DOP Ribeira Sacra.

Ademais, houbo un premio á mellor pizza de España con Mel de Galicia IXP, entre os participantes de todas as categorías. No propio escenario do concurso tivo lugar unha exposición e degustación para o público tanto dos meles coma dos viños destas dúas marcas de calidade.

Tamén se organizaron outras actividades coma o *showcooking* «Artesanía alimentaria en Galicia, pequenos produtores con mucho arte», que tivo lugar o martes día 8 ás 18:00h no stand Alimentos de España, Pabillón 7, a cargo do chef André Arzúa e o presidente da Asociación Galega de Operadores Artesanais de Alimentación e Pensos (AGOAAP), Carlos Brea; e o «Día de la Cocina atlántica», cun programa compartido coa Consellería do Mar, o mércores, día 9, na Aula Gourmets do Pabillón 4, onde prestixiosos chefs e sumilleres galegos puxeron en valor os produtos galegos de calidade da terra e do mar.

A Axencia patrocinou tamén os talleres infantís, nos que participaron os nenos e nenas dos colexios da Comunidade Autónoma de Madrid. Este ano foron talleres impartidos pola secretaria do consello regulador da DOP Queixo Tetilla.



Relación de empresas coexpositoras:

Razón Social	Nome comercial da empresa
1 Viña Costeira SCG	Viña Costeira
2 Vinos y Bodegas Gallegas SA	Bodegas Gallegas
3 Bodega Cooperativa Jesus Nazareno, SCG	Vinos Barco
4 Bodegas Ribada SL	Bodegas Ribada
5 Bodegas As Laxas, SA	Bodegas As Laxas
6 Pazo de la Cuesta SLU	Pazo de la Cuesta
7 Bodegas Casal de Arman, SLU	Bodegas Casal de Armán
8 Viña Almirante, SCG	Viña Almirante
9 Bodegas Eidosela, SCG	Bodegas Eidosela
10 Vilarvin, SL	Adegas Valtea
	O do Avó Marcelo - Bodegas Aquitania
11 Dos H Licores SL	
	Pazo Pegullal
12 Granxa Pegullal SA	Augavella
13 Orujos y Licores Augavella SL	Licores Pousa
14 José Antonio Pousa Payo	Pazo de Valdomiño
15 Pazo de Valdomiño	Kalekói
16 Kalekói SL	Queixería Barral
17 Queixería Barral SLU	Queinaga
18 SAT Queinaga N° 871 Xuga	Erica Mel
19 Erica Mel SCG	Avieco
20 Avilugo SRL	Lácteos Farelo
21 Lácteos Farelo SL	Bico de Xeado
22 Cooperativa Agraria Provincial da Coruña	Naiciña
23 Miguel Areán E Hijos, SL	Sacrapastas
24 Sacra Pan, S.L.	The Bio Factory
25 A Factoría Ecolóxica, SL	Queserías Sarrianas
26 Queserías Sarrianas SL	Casa Grande de Xanceda
27 Casa Grande de Xanceda SL	Queixos Hoxe
28 Cooperativa Hoxe Sc Galega	Campomayor
29 Granja Campomayor SL	Crocketas D'
30 Precoalvi, S.L.	Quival
31 Quival,S.A	Embutidos Montepicato
32 Embutidos Montepicato SL	Calabizo
33 Fiablone, SL	La Mulata
34 Mariano Nicolas Garcia SLU	Tupana Obrador
35 Tupana Obrador SL	Perusiñas - Doces Gourmet
36 Postres Miudiños SL	Cuevas Marron Glacé
37 Cuevas y Cia SA	O Muiño de Cuiña
38 Eliper Group, SL	Mar e Monte Setas
39 Sandra Viñas Diz	



O deseño e construción do posto encargouse á empresa Escenonet, adxudicataria do contrato derivado do Acordo Marco para a selección de provedores do servizo de organización e xestión de eventos de promoción «Galicia Calidade Alimentaria». O orzamento para deseño, construción e os demais servizos engadidos que corresponde ao 14º expediente de contratación derivado do Acordo Marco ascendeu a 272.250 € máis IVE. O solo de feira e o patrocinio dos talleres infantís supuxeron 258.000 € IVE incluído. Tamén se contrataron servizos a maiores coa feira, cun custo total de 40.500 €, como son a xornada da Cociña Atlántica, un *showcooking* da Artesanía Alimentaria de Galicia no Stand Alimentos de España e a participación no Campionato de España de Pizzas.

Evento Castes Madrid (Madrid, 13 ao 17 de xuño, espazo urbano Estación Chamartín e Casa de Galicia Madrid)

O día 13 de maio presentouse na Casa de Galicia este evento, que ten como obxectivo promocionar en Madrid os viños galegos con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, así como facilitar contactos entre adegueiros, distribuidores, críticos e tamén medios especializados.



O día 15, no emblemático espazo urbano situado na cúpula da Estación de Chamartín e da man dos sumilleres Juanjo Figueroa e José Dieste, tivo lugar unha exposición e degustación aberta, coa participación de máis de 30 adegas, e tamén espazos de «*wine talks*».

Xa o día 17 tivo lugar, na Casa de Galicia, un túnel con viños premiados nas Catas de Galicia 2024.

Foro Galis (Santiago de Compostela, 13 de xuño)

O día 13 de xuño tivo lugar no hotel Oca Porta do Camiño de Santiago de Compostela a XIV edición do Foro Galis da Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos (Agafac).



GALIS é un sistema de seguridade alimentaria que engloba ao 96% dos pensos fabricados en Galicia. Un total de 58 fábricas de produtos de alimentación animal galegas forman parte de GALIS.

Neste esperado encontro anual tratáronse os desafíos que debe afrontar o sector no ámbito da seguridade alimentaria, sostibilidade e dixitalización. Presentaranse tamén as últimas novidades tecnolóxicas e os proxectos nos que está a traballar Agafac e Galis. Nesta edición entregóuselle a medalla ao mérito de AGAFAC a D. Daniel Ferreiro Otero, ex director xeral de AIRA SCG contando tamén coa asistencia do Director da Axencia, Martín Alemparte Vidal.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria colaborou neste evento cun posto para a promoción e degustación dos produtos galegos con calidade diferenciada, no que estiveron os viños, licores e augardentes premiados cos Acios de Ouro nas Catas de Galicia 2024. Tamén se degustaron os queixos das catro DOP galegas e os meles da IXP Mel de Galicia premiados nas Catas dos Queixos e dos Meles de Galicia 2024, así como outros produtos como o Pan de Cea IXP e a Tarta de Santiago IXP.

Festival Portamérica (Portas, 3, 4 e 5 de xullo)

Na edición de Portamérica de 2025 participaron máis de 30 artistas de ámbolos dous lados do atlántico e tamén houbo o denominado espazo «*showrocking*», no que o festival, dende a súa primeira edición, acolle a *chefs* de renome internacional para facer a fusión perfecta entre ritmo e cociña.



Coma en edicións anteriores, e aproveitando a vocación gastronómica do festival, a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, estivo presente no denominado espazo «*QUEIXIVIÑO*», xogando coas palabras "queixo" e "viño", tendo un lugar destacado na zona gastronómica do festival, onde se



degustaron unha escolla dos viños e queixos premiados en 2024 nas Catas de Galicia, organizadas pola Consellería do Medio Rural.


Para dinamizar este espazo contouse con Juanjo Figueroa Teus, presidente da Asociación Galega de Sumilleres e con Salomé Beiroa Fernandez, experta en análise sensorial de queixos e membro do panel de cata dos queixos galegos.

Como novidade, nesta edición contouse, na zona de comida, cunha «gastroneta das experiencias de calidade» onde os asistentes puideron degustar petiscos e pratos elaborados con produtos das «experiencias de calidade» é dicir, dos produtos galegos con marcas de calidade diferenciada.

Neste espazo houbo tamén unha área de catas para unhas 20 persoas, onde Juanjo e Salomé impartiron catas comentadas dos viños e queixos galegos en horario de 17:30 a 20:00 h.

Mercado “Experiencias de Calidade”, (Viveiro 29 ao 31 de agosto)

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria organizou, entre os días 29 e 31 de agosto, un mercado efémero das «experiencias de calidade» nos xardíns de Noriega Varela en Viveiro.



Nos mercados de Experiencias de Calidade, ademais de artesáns alimentarios pode ter cabida calquera dos produtores que ostente un indicativo de calidade diferenciada, como denominación de orixe protexida, indicación xeográfica protexida, ou ecolóxico

Desta volta, en Viveiro contamos con 24 produtores de sectores moi variados: artesáns alimentarios, adegas das DOP galegas, produtores ecolóxicos etc., e fixemos fincapé en dar a coñecer a web experienciasdecalidade.gal, na que o público xeral pode coñecer moitos destes produtores e mercar conxuntamente os diferentes produtos.

Ademais, houbo sorteos, varias degustacións diarias e actividades para todos os públicos, como actuacións musicais para converter este mercado nunha ocasión de realzar e poñer en valor o traballo e progreso do sector alimentario galego. Tamén houbo actividade de dinamización da web experienciasdecalidade.gal e puidéronse adquirir lotes mercados a través da dita plataforma.



Por último, debemos sinalar que o obxecto dos mercados non é tanto a venda puntual dos produtores senón dar a coñecer os indicativos de calidade diferenciada e dar a oportunidade de probalos aos interesados no momento, sen ter que buscalos nos mercados convencionais, o que as veces é complicado pola escasa dimensión das producións dos operadores.



Lista de operadores participantes:

Razón Social

Adegas Celme
Adegas Menduiña, SL
Biostore, SL
Dos H licores SL
Adega Eduardo Bravo
Bodegas Castellun Augusti
Adega Val da Lenda
Viña Carpazal
Ánades Galicia
Celtaverde SL
Embutidos Suarna SL
Jamones González
Caurelor
Cristina Rodríguez Eijo.
Esdinela, SL
Galletas Xianas
Mamá Teresa
Sacrapastas
A Horta da Sancoveiga

Marca de Calidade

DOP Ribeiro / CRAEGA / a!
a!
a! / CRAEGA
DOP Monterrei / DOP Rías Baixas
DOP Ribeiro
IXP Barbanza Iria
DOP Ribeira Sacra
DOP Ribeiro
a!
CRAEGA
a!
a! / IXP Lacón Gallego / CRAEGA
a!
a!
a!
a!
a!
a! Galicia Calidade
CRAEGA



Trasdeza Natur Huerta Ecológica
Antonio Martínez Pernas
SOVORAL - MIEL ORGANICA
Quesos Feijoo
Quesos Prestes

a! / CRAEGA
IXP Mel de Galicia
CRAEGA
a! / DOP Queixo Tetilla / Galicia Calidade
DOP Queixo Tetilla / DOP San Simón da
Costa

Festival da Luz (Boimorto, 29 ao 31 de agosto)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria estivo presente un ano máis no Festival da Luz, cun programa de actividades e degustacións de produtos galegos con indicativo de calidade para todos os públicos.



O lugar de exposición é unha caseta de madeira non desmontable que é o posto «fixo» do que dispoñemos para as actividades promocionais. Este posto contou con catro zonas diferenciadas: unha zona de degustación de Tarta de Santiago e Pemento de Herbón (onde o público tamén puido diferenciar estes produtos dos similares que non teñen marca de calidade); unha zona promomocional da nosa páxina web experienciasdecalidade.gal e dúas zonas para o xogo e o concurso das “experiencias de calidade” que son xogos infantís vencellados aos produtos con indicativo de calidade.

Este ano, como novidade e co obxectivo de darlle un novo pulo á promoción da web experienciasdecalidade.gal, contouse coa «gastroneta» das experiencias de calidade, na que se repartiron menús degustación entre os participantes nos xogos e concursos e os equipos gañadores levaron un vale para un «picnic» dos que están dispoñibles na web.

No posto fixemos reparto de merchandising, folletos dos indicativos de calidade e atendeuse ao público para explicar cales son as vantaxes destes produtos

O espazo da Axencia tamén promocionou a plataforma experienciasdecalidade.gal ademais de contar fisicamente con moitos dos produtos das DOP, IXP e marcas de calidade diferenciada galegas. Tratábase dunha actividade de tenda física e virtual para que os asistentes coñeceran a nosa web promocional e puideran diferenciar fisicamente os logos en produtos alimentarios nunha tenda física simulada.



O Festival da Luz está a ter ano tras ano gran repercusión entre numerosas familias galegas ao conciliar música, gastronomía e actividades para os máis pequenos. Para a



Axencia é un escaparate moi bo para, a través de xogos, catas, regalos e moitas actividades, dar a coñecer e degustar os produtos de calidade diferenciada a persoas de todas as idades. O custe total do evento foi de 62.214,66 €.

AMERICAS FOOD & BEVERAGE SHOW 2025 (Centro de Convencións de Miami Beach, Florida USA, do 10 ao 13 de setembro)



Trátase dunha feira de alimentación e bebidas exclusivamente aberta á industria e moi orientada a mercados tanto estadounidense como de países latinoamericanos e do Caribe, onde os asistentes buscan produtos innovadores para incorporar ás súas tendas e sorprender aos seus clientes.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, participou por vez primeira neste evento en colaboración coa Consellería do Mar, o Clúster Alimentario de Galicia, a Cámara de Comercio da Coruña e o IGAPE.



Montouse unha illa dentro do espazo do pavillón de España na feira, onde estiveron as seguintes empresas do sector agroalimentario galego:

Vinigalicia SL

Panificadora Mencer, SL

Queixería Cas Leiras SL

Bouza do Rei, SAT

Viñas de Belesar, SL

Lácteos de Friol, SLU



O custo total do espazo, mobiliario, decoración e servizos suma 58,822 €.

FEIRA ARTESANAMENTE (sede Afundación Santiago de Compostela do 19 ao 21 de setembro)



Os días 19 a 21 de setembro tivo lugar na Sede Afundación, en Santiago de Compostela, a primeira edición do mercado Artesanamente. Un mercado de proximidade no que se puxeron en valor as actividades artesanais en Galicia, tanto a de creación de obxectos como a elaboración alimentaria.

Ademais dos produtos artesanais presentados por Turismo e Artesanía de Galicia, a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria tamén patrocina este evento, no que estiveron 23 produtores da Artesanía alimentaria de Galicia para amosar e vender os seus produtos.

Na rúa tamén houbo un pequeno posto da Axencia, no que se ofreceron aos transeúntes produtos dos artesáns alimentarios, para invitalos a pasar e coñecer o mercado.

A relación de artesáns alimentarios que participaron é a seguinte:

A Morena Marmeladas

Aceiroaga

Aceites Figueiredo

Adegas Celme

Ánades Galicia

As Camposeiras

Miel Casa Merche

Cervexa Menguíña

Do Gaitero





Embutidos Suarna
Galletas Xianas
Jamones González
Jardín de Té Pazo de Quinteiro da Cruz
Nela Gourmet
Licores os Maíos
O Rexo
Quesos Feijoo
Raizame
Sacra Pan
Torta de Sarria
Trasdeza Natur
Xacobleas
Xearte Brigitte



FRUIT ATTRACTION (IFEMA, Madrid do 30 de setembro ao 2 de outubro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria participou no ano 2025 na feira Fruit Attraction (IFEMA, Madrid do 8 ao 10 de outubro) cun espazo de 128 m² no pavillón 3 da feira (posto 3C15). Este posto levou 6 empresas coexpositoras do sector hortofrutícola galego e os consellos reguladores das IXP Pataca de Galicia e Castaña de Galicia, así como unha representación da IXP Pemento de Oímbra e do CRAEGA.

A feira tivo unha asistencia duns 100.000 visitantes e un espazo de exposición de 75.000 metros cadrados, con 2500 expositores de 150 países.

A relación de empresas coexpositoras que foron coa Axencia é a seguinte:

Razón Social

CRIXP Pataca de Galicia
Miguel Areán e Hijos, SL
Agrocebola, SL
Freschut
Legufrut Agro, S.L.
CRIXP Castaña de Galicia
Horsal S. Coop Galega
Portomuíños SL

Nome comercial

CRIXP Pataca de Galicia
Naiña – Miguel Areán
Agrocebola
Freschut
Legufrut
CRIXP Castaña de Galicia
Horsal
Portomuíños

Os servizos de deseño, montaxe, atención e organización do posto adxudicáronse á empresa Escenonet SLU. O importe total da adxudicación do contrato foron 83.187,50 euros.

Este contrato é un derivado do contrato marco para atender a diversos eventos feirais e levou como imaxe principal o motivo dunha gran cesta da compra da que forman



parte na base os distintos expositores así como diversas mencións a Galicia e ao lema «Experiencias de Calidade», plataforma web para a promoción dos produtos galegos con indicativo de calidade. Cada empresa coexpositora contribuíu cunha cota de participación de 2.057,00 euros (IVE incluído).

IBERFLORA (Fira de Valencia, Valencia do 14 ao 16 de outubro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria participou este ano na feira Iberflora (Feria de Valencia, do 14 ao 16 de outubro) cun espazo de 720 m² no pavillón 7.



Acompañaron á Axencia as sete empresas galegas de planta ornamental coexpositoras que se detallan a continuación:

Veraleza

Fomento Vegetal

Viveros Nilo

Coplant

Vinicius Terrae

Viveros de Romai

Viveros Juan Peixoto

Os servizos de deseño, montaxe, atención e organización do posto adxudicáronse á empresa Escenoset SLU (expte. de contratación AGA-XER-2025-10). O importe total da adxudicación foi 90.387,00 €, IVE incluído. A este importe hai que engadirlle o custe do alugueiro do solo de feira e as cotas de inscrición (77.294,00 € IVE incluído).

Gatronic Forum, Barcelona, do 3 ao 5 de novembro de 2025

No ano 2025, Galicia estivo presente no Fórum Gastronómico de Barcelona a través dun espazo conxunto de Galicia Calidade (Consellería de Economía, Industria e Innovación), a Consellería do Medio Rural e a Consellería do Mar, coa presenza de 23 empresas coexpositoras pola Consellería do Medio Rural e 8 pola Consellería do Mar.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural contou neste espazo cunha aula de cata e degustación, con 14 actividades durante os tres días de feira, que serviron para dar a coñecer e degustar os produtos galegos con calidade diferenciada, incluídos entre eles os produtos da Artesanía alimentaria de Galicia.



Mercados de Nadal 2025

En decembro de 2025, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria organizou unha serie de eventos efémeros coincidindo coas festas do Nadal, consistentes nuns mercados de ambientación festiva con dúas denominacións: Mercados de Artesanía Alimentaria e Experiencias de Calidade.



Nos mercados de Artesanía Alimentaria quere poñerse en valor este selo creado recentemente e que poden obter produtores galegos con pequenas producións e cun xeito de fabricación que recolle a tradición local ou a innovación pero limitando o emprego de medios mecánicos, de aditivos ou mellorantes artificiais, e empregando as técnicas de transformación máis respectuosas co produto e que contemplan as normas técnicas de cada familia de alimentos, como por exemplo queixos, conservas vexetais, produtos de repostería e panadería, embutidos, cervexas e outros.

Nos mercados de Experiencias de Calidade, ademais de artesáns alimentarios, tiveron cabida calquera dos produtores que ostentaban un indicativo de calidade, como denominación de orixe, indicación xeográfica protexida ou ecolóxico.

Organizáronse un total de tres mercados coas seguintes localizacións:



- Ribadavia, 5 a 8 de decembro
- Ferrol, 12 a 14 de decembro
- Lugo, 19 a 21 de decembro

No mercado de Artesanía de Ribadavia tamén se promocionou o viño da DO Ribeiro, cuxa capital é a vila do Avia. A feira tivo dúas localizacións próximas á praza Maior. unha delas foi unha carpa con postos para trinta e dous artesáns que puideron facer venda



directa e promoción destes excelentes produtos. Tamén houbo catas comentadas, sorteos, degustacións, charlas dos produtores e actividades para todos os públicos, coma nos outros mercados. Ademais dinamizouse a web experienciasdecalidade.gal e puideronse adquirir lotes mercados a través de dita plataforma.

Noutro emprazamento, como representante dos indicativos de calidade realizouse a promoción da DOP Ribeiro, que ademais da presenza de 11 adegas cos seus postos, contou cunha «enobarra» da DOP e actividades dinamizadoras nunha sala de catas onde se puideron presentar viños e outros produtos con indicativo de calidade para acompañalos nun maridaxe gastronómico.

O mercado de Nadal de Ferrol contou coa presenza dunha trintena de operadores que elaboran unha ampla variedade de produtos, tanto de Artesanía Alimentaria como dos demais selos de calidade existentes en Galicia.



A maiores, co fin de complementar esta oferta gastronómica, a Consellería do Medio Rural organizou un diverso programa de actividades, que incluíu obradoiros infantís,



catas comentadas, degustacións e actuacións musicais en directo, para que toda a familia, mesmo os máis pequenos, puideran gozar do evento.

O mercado de Nadal de Lugo tivo a participación de 31 artesáns alimentarios nunha carpa na céntrica Praza do Seminario, tamén con actividades e sorteos e unha gran afluencia de público.

Outras accións promocionais realizadas en 2025

Houbo diversas accións na que a Axencia non participou directamente, pero si colaborou no seu financiamento total ou parcialmente. Indícanse a continuación os eventos nos que se colaborou:

- 50º aniversario da escola de Sergude
- Almorzos saudables en colexios
- Feira do viño de Amandi
- Congreso SEP Lugo
- Festa da vendima do Saviñao
- Feira tradicional dos Remedios Pontearreas
- Mercado de abastos Ribadeo
- Feira apícola das Rías Baixas
- Feira da sidra da Estrada
- Feira do Ribeiro
- Feira do viño de Monterrei
- Foro de innovación
- Gala MOM Culinary Center
- Volta ciclista a España
- Xornada técnica do requexo das Neves

Ademais, é de destacar a actividade desenvolvida para achegar produto acollido a diferentes selos de calidade para o apoio as propias actividades promocionais da Axencia como as realizadas por terceiros (Concellos, entidades deportivas, asociacións, etc.). Esta achega supuxo un desembolso por parte da Axencia de 35.189,42 € para o pagamento do produto e o seu transporte aos lugares de celebración dos diferentes eventos.

Organización das Catas de Galicia

[Cata dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia \(Pazo de Quián, Sergude e Santiago de Compostela, do 13 ao 30 de outubro\)](#)

Como cada ano, en 2025 organizáronse as correspondentes edicións das catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia. As edicións do ano 2025 foron as seguintes: XXXVII Cata dos viños de Galicia; XXVII Cata das Augardentes de Galicia; e a XIV Cata do Licor de Herbas de Galicia, Licor Café de Galicia e Augardente de Galicia envellecida.



Con estas catas, a Xunta de Galicia busca identificar, premiar e promocionar o bo facer do sector vitivinícola galego a través dos mellores viños, augardentes e licores tradicionais elaborados fundamentalmente con uvas de variedades autóctonas. Produtos senlleiros dotados de identidade propia, recoñecidos dentro e fóra de Galicia e parte indispensable das 36 Experiencias de Calidade da nosa comunidade autónoma.

As Catas de Galicia xa se converteron nun evento de referencia anual no mundo do viño e os destilados en Galicia, seleccionando e dando a coñecer o mellor das adegas galegas cada ano. Proba disto é que non deixa de medrar en cada edición o interese polos premiados e o seu prestixio.

As Catas dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia 2025 comezou coa fase de recollida de mostras, que tivo lugar entre os días 30 de setembro e 10 de outubro. Nesta ocasión, o persoal da Axencia recolleu 445 mostras de viños procedentes de 164 adegas das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, ademais de 40 mostras procedentes de 12 industrias das indicacións xeográficas de augardentes e licores tradicionais de Galicia.

A recollida de mostras levouna a cabo persoal propio da Axencia en colaboración cos dos consellos reguladores, con todas as garantías e rigor e asegurando en todo momento o anonimato das marcas participantes. Esta colaboración mantívose nas semanas na que se celebraron as catas, na que o persoal dos consellos reguladores axudou no proceso de cata e no recuento das puntuacións, así como auxiliando aos catadores en todo momento.

Na recollida dos viños é o persoal da Axencia quen se traslada a cada unha das adegas para a recollida de seis botellas que representan a mostra que se presenta a concurso. Todas as botellas ocúltanse en bolsas opacas unha vez retirada a cápsula, e introdúcense posteriormente nunha caixa selada. No seu exterior só queda exposto o nome da categoría na que participa e o tipo de viño —tinto ou branco—. Posteriormente, as caixas transpórtanse ao lugar determinado para as fases de cata, onde permanecen custodiadas ata o momento do seu desenvolvemento. Do proceso de recollida levántase unha acta que asina o persoal da Axencia e o representante da adegas. Cabe engadir que o acto de apertura das caixas realízase en presenza da secretaría do concurso e dun membro do xurado, asegurándose deste xeito que non se produce ningún tipo de irregularidade e quedando garantido o anonimato.

No que respecta ás augardentes e licores tradicionais, dada a gran diversidade de botellas utilizadas na comercialización deste tipo de bebidas, garántese a rigorosidade e evítanse posibles anomalías recollendo as mostras en envases idénticos de 3/8 de litro. Deste xeito, resulta imposible recoñecelos e identificalos, asegurando o anonimato.



O seguinte paso foi comprobar que todas as mostras de viño inscritas cumpren cos requisitos establecidos nas bases para poder participar nas catas, así como a súa clasificación nas distintas categorías. Como noutros anos, son máis as mostras de viños branco recompiladas (310) que duplican de lonxe as mostras de viño tinto (135). Con respecto ás augardentes e licores tradicionais, as 40 mostras inscritas repartíronse da seguinte forma: 14 de Augardente de Galicia, 4 de Augardente de Herbas de Galicia, 11 de Licor de Herbas de Galicia e 11 de Licor Café de Galicia.



No que respecta ás mostras por denominacións de orixe, temos que no caso de viños brancos as 310 mostras repartíronse do seguinte xeito: 134 mostras da denominación de orixe Rías Baixas, 78 da DOP Ribeiro, 39 da DOP Valdeorras, 27 da DOP Monterrei e 19 de DOP Ribeira Sacra, así como 13 mostras de indicación xeográfica protexida dalgunha das 5 existentes, sendo a máis representada a IXP Ribeiras do Morrazo. No que respecta á distribución das 135 de mostras de viños tintos, destaca a DO Ribeira Sacra (57) e as DOP Valdeorras (35) e DOP Monterrei (18). Completan o cadro as mostras da DOP Ribeiro (17) e DOP Rías Baixas (6) así como 2 mostras de adegas de indicación xeográfica protexida.

As categorías máis numerosas foron as que premian aos diferentes viños brancos de cada denominación de orixe con 162 mostras, seguidas da categoría de colleitas anteriores branco e colleitas anteriores tinto, con 45 e 28 mostras respectivamente. Tamén foi ampla a participación das categorías de viños elaborados con madeira, que suman en total 96 mostras entre brancos e tintos e os espumosos, que son en total 19, o cal confirma o interese en participar nestas categorías e tamén o interese crecente na produción de viños máis elaborados. No que respecta ás categorías de tintos de denominación de orixe da colleita do 2024, o número de mostras foi de 40.



Para poder seleccionar os mellores viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia do 2025 fíxose unha fase de precata ou selección previa e unha cata final. No caso dos viños, as precatas desenvolvéronse do 13 ao 15 de outubro e as catas finais do 21 ao 23 de outubro. As augardentes e licores tradicionais catáronse o 20 de outubro.

Tal e coma se fixera na edición anterior, formáronse distintos paneis de cata para facer as preseleccións dos viños das categorías das denominacións de orixe, de xeito que membros dos paneis de cata de cada denominación de orixe seleccionaron os viños destas categorías que pasaron ás catas finais.

Para as catas finais e para as precatas e catas das categorías multi DOP, contouse cun grupo de doce expertos catadores escollidos entre profesionais do sector da restauración, enólogos, sumilleres, así como algún profesional da comunicación e algún membro de panel de cata dalgunha denominación de orixe de fóra de Galicia.



En ambos casos os catadores foron encargados de analizar a cegas e de forma minuciosa as mostras para pasar a seleccionar as marcas gañadoras.



Pola súa parte, o panel de cata das augardentes e licores estivo formado por sete catadores.





A entrega de premios tivo lugar o 30 de outubro no Hotel Monumento San Francisco, en Santiago de Compostela, nunha gala na que se puxeron en valor as calidades dos nosos viños, así como a profesionalidade do sector. Indícanse a continuación os premios outorgados.

XUNTA DE GALICIA GALICIA CALIDADE

Catas de Galicia 2025
XXXVIII Cata dos Viños - XXXVI Cata das Augarbenas - XIV Cata das Licorías Tradicionais

ACIO DE OURO
Mellor Viño Branco de Galicia

Eduardo Peña
Eduardo Rodríguez y Luz Cánovas, SC
DO Ribeiro

ACIO DE OURO
Mellor Viño Tinto de Galicia

Prómine
Bodegas Petróo, SL
DO Ribeiro Sacra

<p>DO Ribeiro</p> <p>ACIO DE OURO BRANCO Alter Doutor de Ramonada, SL</p> <p>ACIO DE PRATA BRANCO Fazo Tizón Rezo Tizón, SL</p> <p>ACIO DE BRONCE BRANCO Casal de Armán Bodegas Casal de Armán, SLU</p>	<p>DO Rías Baixas</p> <p>ACIO DE OURO BRANCO Gran Bozón Etiqueta Ambar Agra de Bozón, SA</p> <p>ACIO DE PRATA BRANCO Veiga da Princesa Viniñas Veiga da Princesa, SL</p> <p>ACIO DE BRONCE BRANCO Arevo Adegan Chan de Vias, SL</p>	<p>DO Ribeira Sacra</p> <p>ACIO DE OURO BRANCO Regina Visarum Regina Visarum, SL</p> <p>ACIO DE PRATA BRANCO Pasal de Espiñe Sectoral de Amarel, SAU</p> <p>ACIO DE BRONCE BRANCO Almalarga Ama das Cónas, SLU</p>
<p>DO Valdeorras</p> <p>ACIO DE OURO BRANCO Rochel Bodegas Rochel, SL</p> <p>ACIO DE PRATA BRANCO A Coroa Adega A Coroa, SAG</p> <p>ACIO DE BRONCE BRANCO Joaquín Rebolledo Joaquín Rebolledo, SA</p>	<p>DO Monterrei</p> <p>ACIO DE OURO BRANCO Vía Arxétea Manuel Guerra Junco Bodegas Vía Arxétea, SL</p> <p>ACIO DE PRATA BRANCO Crego e Monaguillo Crego e Monaguillo, SL</p> <p>ACIO DE BRONCE BRANCO Ladeiro Bodega Ladeiro, SL</p>	<p>ACIO DE OURO TINTO Casa Moreiras Casa Moreiras, SL</p> <p>ACIO DE PRATA TINTO O Prómine Singular Bodegas Petróo, SL</p> <p>ACIO DE BRONCE TINTO Metilde Nieves Bodegas Sectoral de Amarel, SAU</p>
<p>ACIO DE OURO TINTO Bebedeira D' Berna Gutiérrez y Blanco, SC</p> <p>ACIO DE PRATA TINTO Joaquín Rebolledo Joaquín Rebolledo, SA</p> <p>ACIO DE BRONCE TINTO Costeira Vina Costeira, SCE</p>	<p>ACIO DE OURO TINTO Fanrela Manuel Vilagosa Loraña</p> <p>ACIO DE PRATA TINTO Ladeiro Bodega Ladeiro, SL</p> <p>ACIO DE BRONCE TINTO Rectoral del Monaguillo Crego e Monaguillo, SL</p>	<p>Viños con IXP</p> <p>ACIO DE OURO Os Areeiros Enoturismo Muroa, SL DP Ebeiras do Mermado</p> <p>ACIO DE PRATA Terras Mansas Adega Terras Mansas, SL DP Valdomingo-Gurroa</p> <p>ACIO DE BRONCE Raigames Bodegas Costas de Espartacoán, SLU DP Ebeiras do Mermado</p>

GALICIA CALIDADE
www.experienciasgalicia.gal



XUNTA DE GALICIA

Catas de Galicia 2023

Viños Espumosos

ACIO DE OURO
Martin Códax
Martin Códax, SAU
DO Rias Baixas

ACIO DE PRATA
A Nosa Victoria - Lugar da Cachada
Ricardo Abel Pedín
DO Rias Baixas

ACIO DE BRONCE
Danza
Vinos e Adegas Galgas, SLU
DO Rias Baixas

Viños de Variedades Senlleiras

ACIO DE OURO
Máis de Cunqueiro
Tarradellas
Bodega Cunqueiro, SL
DO Ribeiro

Viños de Colleitas Anteriores

ACIO DE OURO BRANCO
Manuel d'Amaro
2018
Señoría de Rubián, SL
DO Rias Baixas

ACIO DE PRATA BRANCO
Armén Finca Misenhora 2023
2023
Rodrigo Casal de Armén, SLU
DO Ribeiro

ACIO DE BRONCE BRANCO
Eidosela Selección
2023
Bodega Eidosela, SCD
DO Rias Baixas

ACIO DE OURO TINTO
Ó Prémio Singular
2023
Bodega Patrón, SL
DO Ribeiro Sacra

ACIO DE PRATA TINTO
Camilo 1947
2018
Ricardo Abel Pedín
DO Rias Baixas

ACIO DE BRONCE TINTO
Boas Vides
2022
Antonio Miguel Anel
DO Ribeiro

Viños de Colleiteiro e de Pequenas Adegas

ACIO DE OURO BRANCO
Folia de Cheos
Egipor SA7
DO Rias Baixas

ACIO DE PRATA BRANCO
Terras do Sur
José Antonio Casda Gá
DO Rias Baixas

ACIO DE BRONCE BRANCO
Lugar da Cachada
Rodrigo Lugar da Cachada, SL
DO Rias Baixas

ACIO DE OURO TINTO
Ciudáseis
M^a Gloria Álvarez Louada
DO Ribeiro Sacra

ACIO DE PRATA TINTO
Sollío
Juan Alberto Álvarez Rodríguez
DO Ribeiro Sacra

ACIO DE BRONCE TINTO
Cotarelo
Bodega Dos Mosqueros
DO Ribeiro

Viños de Elaboracións con Madeira

ACIO DE OURO BRANCO
Eido da Fonte
Barrica 2023
Eido da Fonte, SL
DO Rias Baixas

ACIO DE PRATA BRANCO
Terra de Asores
Barrica
Adegas Terra de Asores, SL
DO Rias Baixas

ACIO DE BRONCE BRANCO
Ramón do Casar Nobre
Barrica 2024
Ramón do Casar, SL
DO Ribeiro

ACIO DE OURO TINTO
Joaquín Rebolledo
Barrica 2023
Joaquín Rebolledo, SA
DO Valdeorras

ACIO DE PRATA TINTO
Prémio Barrica
2023
Bodega Patrón, SL
DO Ribeiro Sacra

ACIO DE BRONCE TINTO
Vacemulo
2020
Don Bernardino, SL
DO Ribeiro Sacra

IX Augardente de Galicia

POTE DE OURO
Vedra do Ulla
Augardentes de Galicia

POTE DE PRATA
Pazo Valdomiño
Fazenda Valdomiño

POTE DE BRONCE
Fonte do Frade
Fazenda Valdomiño

IX Augardente de Galicia

POTE DE OURO
Meu Ceo
Orujo y Licores Augardía

IX Licor Café de Galicia

POTE DE OURO
Meu Ceo
Orujo y Licores Augardía

POTE DE PRATA
Tambur
Orujo y Licores Augardía

POTE DE BRONCE
Pazo Valdomiño
Fazenda Valdomiño

IX Licor de Herbas de Galicia

POTE DE OURO
Fonte do Frade
Fazenda Valdomiño

POTE DE PRATA
Luz de Costeira
Vina Costeira, SCD

POTE DE BRONCE
Segrel
Bodega Fello Pedri

GALICIA CALIDADE
www.experienciasdecalidade.gal

A organización destas catas adxudicouse por concurso á empresa Naranja Limón Branding, e supuxo un importe total de 146.047 euros.



Cata dos queixos e dos meles de Galicia (Santiago de Compostela, 25, 26 e 27 de novembro e 2 de decembro)

Entre os días 25 e 27 de novembro tivo lugar a XXIV edición das Catas dos Meles e a XXVIII edición das Catas dos Queixos no pazo de Quián, en Sergude, Boqueixón.



Co fin de recoñecer e premiar a excelencia do noso agro, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e en colaboración cos consellos reguladores das catro denominacións de orixe protexidas de queixos galegos e da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, convoca

anualmente as Catas dos Queixos e Meles de Galicia. A través destas distincións procúrase valorizar o gran traballo, esforzo e bo facer dos produtores e elaboradores galegos á hora de ofrecer produtos con certificación de orixe e de gran especificidade e calidade.



Logo do proceso de inscrición, levouse a cabo unha exhaustiva recollida de mostras para garantir o absoluto anonimato dos queixos e meles participantes.

Na recollida dos meles participaron un representante da Axencia Galega da Calidade Alimentaria acompañado dun técnico do consello regulador da IXP Mel de Galicia. Nesta ocasión, foron 28 as industrias de mel as que inscribiron 58 meles para concursar nas categorías de Meles monoflorais (18 mostras), Meles multiflorais (24 mostras), Mel de melada ou de bosque (5) e meles artesáns (11).

No caso dos queixos, foron 31 as industrias queixeiras que concursaron, cun total de 66 mostras distribuídas entre as DOP Queixo Tetilla (16 mostras), DOP Arzúa-Ulloa e Arzúa-Ulloa curado (con 19 mostras en total), DOP San Simón da Costa e San Simón da Costa curado (13 mostras), DOP Cebreiro e Cebreiro curado (3 mostras), queixos Ecolóxicos (6 mostras) e queixos artesáns inscritos en Artesanía Alimentaria (11 mostras).



Ambas citas desenvolvéronse no Pazo de Quián, Sergude, Boqueixón. A Cata dos Meles estivo protagonizada por un panel composto por sete expertos do sector, encargados de determinar os mellores meles en cada unha das categorías. No caso da Cata dos Queixos, foron doce profesionais experimentados os compoñentes do panel de cata para a valoración das 66 mostras.

Para a selección de ambos paneis, a Axencia tivo en conta criterios como a súa experiencia en catas, formación, vinculación coa restauración, hostalería ou a distribución alimentaria, xornalistas especializados no sector primario ou versados en gastronomía, así como os seus coñecementos acerca destes dous produtos senlleiros.

O mércores pola tarde, finalizada a xornada de cata vespertina, ofrecéuselles aos catadores de ambos paneis unha actividade lúdica consistente nunha visita guiada e cata en Ecoagroturismo Arqueixal, unha granxa familiar situada en Santiago de Albá, na comarca da Ulloa, onde ademais da produción de queixo, iogur e leite ecolóxicos, ofrecen unha experiencia holística que encarna o seu amor á terra. Dispoñen dun conxunto de casas rurais antigas para acoller hóspedes e dar a coñecer o modo de vida rural.

A organización das Catas dos queixos e dos meles adjudicouse á empresa NaranjaLimón Branding 360, mediante o expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento das catas-concurso, publicidade e organización do acto de entrega de premios das «Catas de Galicia 2024». O importe da adjudicación foi 99.002,20 € (IVE incluído).



Recollemos a continuación o resumo dos galardóns que foron outorgados nun acto público que se celebrou o día 2 de decembro de 2025 no mesmo pazo de Quián.



Catas de Galicia 2025
XXVIII CATA DOS QUEIXOS XORV CATA DOS MELES

XXVIII CATA DOS QUEIXOS

	OURO QUEINAGA Queinaga SAT	PRATA FARELO Lácteos Farelo, SL	BRONCE BARRAL Queixería Barral	
	OURO QUEINAGA Queinaga SAT	PRATA FARELO Lácteos Farelo, SL	BRONCE PAZO DO QUEIXO Quesería Artesanal Ruta Xacobeas	CURADO OURO BARRAL Queixería Barral
	OURO PRESTES Prestes, SL	PRATA DANIBERTO Daniberto, SAT	BRONCE CATADOIRO Olga Riveira Roqueijo	CURADO OURO CATADOIRO Olga Riveira Roqueijo
	OURO CASTELO Queixos Castelo de Brañas, SL			CURADO OURO SANTO ANDRÉ Carlos Reija Fernández
	OURO CASTELO Queixos Castelo de Brañas, SL	PRATA MOURELO Quintán, SC	BRONCE NÉBOA Quintán, SC	
	OURO ARQUEIXAL Xosé Luis Carreira Valián	PRATA ARQUEIXAL CURADO Xosé Luis Carreira Valián	BRONCE DONA COBIÑA ARZÚA-ULLOA Queixería Cobideza, SCG	

XXIV CATA DOS MELES

	MEL MONOFLORAL DE BREEKO OURO DE LIÑARES David Liñares González	MEL MONOFLORAL DE CASTEIRO OURO MANUEL SANDE Violeta Mel TCEA	MEL MONOFLORAL DE SILVA OURO MIELES JS Souto Vivo, CB
	OURO MEL DE MODEIRAS Cristina Rubiños Aguilre	PRATA VITUCO Javier Vázquez Picos	BRONCE MANUEL SANDE Violeta Mel TCEA
	OURO ABELLA MEIGA Jara Varela Losada		
	OURO O PODER DAS FLORES Javier Carreiras Cuadrado	PRATA VITUCO Javier Vázquez Picos	BRONCE DOCE BÁGOA Johny Trigás Rodríguez

www.experienciasdecalidade.gal





Campañas publicitarias en medios de comunicación

Durante o ano 2025 executáronse dúas campañas publicitarias en medios de comunicación, ambas mediante un contrato derivado do expediente AGA-XER-2025-02.

As dúas campañas debían estar dirixidas ao público da comunidade autónoma e o plan de medios debía incluír a inserción de *spots* na TVG e noutras cadeas de televisión, anuncios en prensa xeneralista e especializada, cuñas de radio e *banners* en edicións dixitais dos medios de comunicación.

A empresa que resultou adxudicataria foi Recados Carmen, SL, de acordo cos prezos unitarios seguintes:

Medio	Método	Concepto	Importe sen IVE
TVG	C/GRP +16 Galicia	Spot 20" en TVG	105,00 €
		Spot 30" en TVG	156,50 €
Outras TV Galicia	c/pase	Spot 30" en Outras TV Galicia	77,00 €
Radio Galicia	CPM +14 Galicia	Cuña 30" 40% en mañás (7-12 h)	5,80 €
Prensa xeneralista e especializada	CPM +14 Galicia	Páxina cor impar luns a domingos. Galicia	46,00€
		Roubapáxinas 4x8 (ou semellante) impar luns a domingos. Galicia	23,00 €
		1/2 Páxina cor impar luns a domingos	32,00 €
		Dobre columna vertical cor impar luns a domingos. Galicia	13,00 €
Edicións dixitais dos medios de comunicación	CPM +4	Banner gráfico (portada e rotación; mix ofertado polos licitadores)	13,00 €
		Formatos enriquecidos e/ou vídeo online (portada e rotación. Mix ofertado polos licitadores)	14,50 €
Exterior	C/unidad	Mix de soportes durante unha catorcena	178,00€
2. COMISIÓN POR AXENCIA(%) (entre o 0,00% e o 0,50%) No caso de que o licitador non indique ningunha porcentaxe neste apartado, entenderase que ofrece o máximo do 0,50%.			0,00%

O contrato adxudicouse por un importe total de 696.517,43 €, IVE incluído e financiouse con fondos do Plan estratéxico da PAC.

As dúas campañas desenvolvéronse no período de Nadal e unha estivo destinada á promoción dos produtos da Artesanía Alimentaria e, a outra, aos viños galegos con denominación de orixe e indicación xeográfica protexida.

A campaña relativa aos produtos da Artesanía Alimentaria utilizou a base creativa xa empregada no ano 2024, deseñada pola empresa Idea Creatividad, que introducira como *claims* as palabras «arte», «alma» e «auténtica».



Pola súa parte, a campaña publicitaria sobre os viños galegos xirou sobre o *claim* «Galicia. Será por viños!» e foi deseñada pola empresa de publicidade Quattro. A continuación amosamos un par de pezas das que conformaron a campaña.



Actividade da web «experiencias de calidade» e nas redes sociais

Web «Experienciasdecalidade.gal»

A web Experiencias de calidade naceu a finais de 2021 cunha vocación claramente promocional, incorporando a posibilidade da relación comercial directa entre comprador e vendedor. A dispoñibilidade para a venda require da autorización previa do produtor. A incorporación de produtores á venda directa a través deste ciclo curto foise ampliando desde a súa creación e no ano 2025 intensificouse o traballo para incorporar novos produtores das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas así como produtores ecolóxicos e de artesanía alimentaria.



Ao longo de 2025 realizáronse tamén melloras na información subministrada e no repertorio de servicios dispoñibles. Ademais, a incorporación de novos produtores, principalmente de artesanía




alimentaria, permitiu aumentar sensiblemente a oferta de produtos dispoñibles para



a venda. Porén o número de usuarios novos rexistrados respecto ao ano anterior manifestou unha tendencia á baixa, polo que se considerou necesario iniciar unha estratexia promocional da web. Por iso, reforzouse a campaña promocional asociada ao Nadal e a primavera co ánimo de incentivar o consumo destes produtos nesas datas. Así, creouse un apartado na web denominado «lotes de primavera» para o seu consumo en formato «picnic» e preparáronse materiais audiovisuais para a súa promoción en redes sociais.

Ademais, para reforzar a visibilidade deste proxecto, abriuse na praza de abastos de Santiago de Compostela unha tenda física da web, onde se pretende dala coñecer ás persoas consumidoras. Cada sábado, un produtor diferente está fisicamente nese espazo dando a coñecer o seu produto. Preténdese así replicar o apartado «Ponlles cara» da web. Ademais, organízanse catas e degustacións nese entorno co produto e

co produtor protagonista desa semana.




Nese período conseguiu incrementarse a difusión e un crecemento substantivo no impacto público da web, que redunda nun maior coñecemento dos produtos galegos de calidade diferenciada, tal como se pon de manifesto co incremento en número de visitas. A web mellora as opcións para incrementar as posibilidades de compra *on line* dos produtos nunha relación directa consumidor-produtor. Porén, a súa función esencial segue a ser, coma sempre, de carácter promocional e non comercial.



As redes sociais da Axencia

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria mantiveron unha evolución positiva no crecemento da comunidade e na capacidade de xerar interacción, aínda que cun comportamento desigual en alcance e visualizacións respecto ao exercicio anterior.



Evolución dos seguidores en Facebook e Instagram en 2025

No conxunto de Facebook e Instagram, a comunidade incrementouse nun 12,99%, ata acadar as 11.325 persoas seguidoras. A taxa de interacción tamén mellorou lixeiramente, cun avance do 3,45% respecto de 2024, situándose no 21,93%. Pola contra, o alcance total dos posts descendeu un 25,82% e as visualizacións reducíronse nun 57,80%, despois do forte crecemento rexistrado no ano precedente.

Facebook

Durante 2025, Facebook pechou o exercicio cunha comunidade de 5.209 persoas, o que supón un incremento do 8,05% respecto de 2024. O alcance dos posts situouse en 214.741 persoas, cun descenso do 54,60%, e as visualizacións acadaron 364.135, un 82,52% menos que no exercicio anterior.

Como contrapunto, a taxa de interacción medrou ata o 14,97%, multiplicándose por máis de catro respecto de 2024.



Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2025	Δ 24 / 25	Δ 20/ 25
Comunidade	1.234	2.354	3.581	4.244	4.821	5.209	8,05%	322,12%
Alcance posts	77.868	342.703	686.663	236.213	473.008	214.741	-54,60%	175,78%
Visualizacións post	90.979	426.761	418.500	266.708	2.083.537	364.135	-82,52%	300,24%
Taxa interacción	6%	9%	8%	5%	3,68%	14,97	306,79%	149,50%

Datos facebook - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2025

Instagram

Instagram consolidouse como a plataforma con maior comunidade, con 6.116 persoas seguidoras ao peche de 2025, un 17,57% máis que no ano anterior. Ademais, mellorou de maneira notable tanto no alcance dos posts, que medrou un 81,56%, como nas visualizacións, que aumentaron un 174,12%. A taxa de interacción, pola súa banda, reduciuse ata o 6,96%, cun descenso do 60,28% fronte a 2024.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2025	Δ 24 / 25	Δ 20/ 25
Comunidade	632	1681	2267	3752	5.202	6.116	17,57%	867,72%
Alcance posts	20.716	80.366	256.500	132.244	126.781	230.184	81,56%	1011,14%
Visualizacións post	23.780	51.6261	279.850	154.365	222.089	608.780	174,12%	2460,05%
Taxa interacción	11%	10%	9%	12,63%	17,52%	6,96%	-60,27%	-36,73%

Datos Instagram - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2025

O resumo total da actividade nas redes sociais sería o seguinte:

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2025	Δ 24 / 25	Δ 20/ 25
Comunidade	1.866	4.035	5.848	7.996	10.023	11.325	12,99%	506,91%
Alcance posts	98.584	423.069	943.163	368.457	599.789	444.925	-25,82%	351,32%
Visualizacións post	114.759	943.022	698.350	421.073	2.305.626	972.915	-57,80%	747,79%
Taxa interacción	9%	10%	8%	9%	21,20%	21,93%	3,44%	143,67%

Total RRSS - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2025

En definitiva, no conxunto destas dúas redes sociais, no período 2020-2025 a comunidade multiplicouse por máis de seis, pasando de 1.866 a 11.325 persoas seguidoras. O alcance acumulado dos posts é máis de catro veces superior ao de 2020 e as visualizacións multiplicáronse por máis de oito. Aínda que 2025 presenta unha corrección nos indicadores de difusión respecto de 2024, o crecemento da comunidade e a mellora da interacción amosan unha base social máis ampla e unha relación máis activa cos contidos publicados.